



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de XULLO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
Dna. Ana M.^a Mejías Sacaluga.
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día vinte e seis de xullo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(577).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 19 de xullo de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(578).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 11237/320.

Visto o informe de fiscalización de data 18/07/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos centros municipais de distritos dependentes da Concellería de Participación Cidadá (11237-320)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos centros municipais de distritos dependentes da Concellería de Participación Cidadá (11237-320)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de maio de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación (11237/320) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do “SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 10 de abril de 2024 e o prego de cláusulas administrativas de 8 de maio de 2024, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 343.953,09 € para a contratación do “SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2270100 “VIXIANCIA E SEGURIDADE” do orzamento do concello de Vigo, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , distribuídos do xeito seguinte:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	85.988,27 €
2025	114.651,03 €
2026	114.651,03 €
2027	28.662,76 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 5 de xullo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de xullo de 2024, de PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. e SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. porque, tal e como se indica no informe, ambas licitadoras incluíron na documentación do sobre B, información obxecto de valoración segundo os criterios avaliábeis mediante fórmula do apartado 7.B das FEC e, en virtude da cláusula 14.2.B).3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, “A mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias (...) A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC.”

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos centros municipais de distritos dependentes da Concellería de Participación Cidadá (11237-320) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ALCOR SEGURIDAD, S.L.	100,00

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, S.L., o día 8 de xullo de 2024, que presenta a documentación requirida o 15 de xullo de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da licitadora, o seu obxecto social, o representante, a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e a habilitación esixida segundo o apartado 5G do Anexo I (FEC) do PCAP.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (80.255,72 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo M/Subgrupo 2/Categoría 1) presentan a clasificación Grupo M/Subgrupo 2/Categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (80.255,72 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo M/Subgrupo 2/Categoría 1) presentan a clasificación Grupo M/Subgrupo 2/Categoría 5.
- Aval por un importe (cada un) de 14.000,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado de inscrición da licitadora no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que figuran os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA. Asemade, figura no expediente o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 18 de xullo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALCOR SEGURIDAD, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALCOR SEGURIDAD, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 24 de xuño de 2024, e co acordo da Mesa de Contratación, de data 5 de xullo de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábeil a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de xullo de 2024, de PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. e SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. porque, tal e como se indica no informe, ambas licitadoras incluíron na documentación do sobre B, información obxecto de valoración segundo os criterios avaliábeis mediante fórmula do apartado 7.B das FEC e, en virtude da cláusula 14.2.B).3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, “A mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias (...) A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC.

Segundo.- Adxudicar a ALCOR SEGURIDAD, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos centros municipais de distritos dependentes da Concellería de Participación Cidadá (11237-320) por un prezo total do contrato de 338.800,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 58.800,00 € euros, e coas seguintes condicións:

- a) *Incremento das seguintes de visitas de control:*
 - *Unha visita de control en horario diúrno en sábados, domingos e festivos a maiores do previsto na cláusula 2.2.b) do PPTP.*
 - *Unha visita de control durante o peche dos centros a maiores do previsto na cláusula 2.2.c) do PPTP.*
- b) *Realización de revisións trimestrais de todos os medios de seguridade (a maiores do previsto na cláusula 2.3.c) do PPT).*
- c) *Menos de 3 horas de tempo de resposta ante avarías.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(579).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE GASÓLEO C PARA O PARQUE CENTRAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 7040/213.

Visto o informe de fiscalización de data 18/07/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de combustible gasóleo c para o Parque Central do Servizo de Extinción de Incendios (7040-213)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de combustible gasóleo c para o Parque Central do Servizo de Extinción de Incendios (7040-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de maio de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro de gasoleo C calefacción para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 12 de abril de 2024.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 15 de abril de 2024.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 28.274,55 euros, do que 4.907,15€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602210300 “ Combustible gasoleo” do presuposto municipal vixente.

Ano 2024: 4.712,44€

Ano 2025: 14.137,27€



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Ano 2026: 9.424,84€

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de combustible gasóleo c para o Parque Central do Servizo de Extinción de Incendios (7040-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	Esergui Disteser S.L,
2	Gasóleos Amigo SL

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, Esergui Disteser S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva, e no seu caso, complementaria, cando así se esixa no apartado 9 das FEC.*
- *Nomeamento do/a delegado/a do contrato, acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, e declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESERGUI DISTESER, S.L., o día 26 de xuño de 2024, que presenta a documentación requirida o 26 de xuño de 2024, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión de data 11 de xullo de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días a ESERGUI DISTESER, S.L. para que puidera emendar a documentación relativa á acreditación do apoderamento do seu representante, o Anexo IV do PCAP e a declaración de vixencia dos datos que figuran

no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Declaración de vixencia dos datos inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (9.896,09 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (9.896,09 €), presentan certificado de boa execución no que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Seguro de caución por un importe de 1.168,37 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de xullo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESERGUI DISTESER, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESERGUI DISTESER, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 25 de xuño de 2024,

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESERGUI DISTESER, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de combustible gasóleo c para o Parque Central do Servizo de Extinción de Incendios (7040-213) por un prezo total de 28.274,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.907,15 euros, e coas seguintes condicións:

a) *O desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) é de 4,18%.*

TÁBOA PREZO DO GASÓLEO C			
PF = PR x (1- Dto) + TG			
VALOR PR (€/litro)	DESCONTO Dto (%)	VALOR TG (€/litro)	VALOR PF Prezo unitario (€/litro)
0,73785	4,18 %	0,09670	0,80371 €/litro
			prezo do Gasóleo C en €/litro con 5 decimais

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(580).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EPIS NECESARIOS PARA OS TRABALLADORES ADSCRITOS AO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 50866/446.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/07/2024, asinado pola xefa da Área de contratación e Novos Proxectos (P.A. a técnica de Administración xeral) e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de EPIS necesarios para os traballadores adscritos ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (50866-446).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, do subministro de EPIS necesarios para os traballadores adscritos ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (50866-446), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 7 de xuño de 2024, rematando o prazo de presentación de ofertas o 21 de xuño do 2024.

Terceiro.- Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral deste Concello de data 16 de xullo de 2024, non se presentou ningunha proposición a ningún dos dous lotes que conforman este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Aberta a licitación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de EPIS necesarios para os traballadores adscritos ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (50866-446) non se presentou ningunha proposición a ningún dos dous lotes que conforman este procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 16 de xullo de 2024, polo que cómpre declarar deserta esta licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Segundo.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.-Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de EPIS necesarios para os traballadores adscritos ao Servizo de Montes, Parques e Xardíns (50866-446) por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(581).- PROPOSTA PARA INICIAR PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DE CONSTRINXIMENTO: COBRAMENTO DE RECIBOS POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGAS DO CONCELLO DE PORRIÑO- ANO 2023. EXPTE. 335610/700.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/07/2024, asinado polo tesoureiro, que di o seguinte:

A Dirección de ingresos do Concello de Vigo, en data 03/06/2024 remíte a esta Tesourería a petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para o cobro mediante o procedemento de prema da “ débeda por subministración de auga desde o Concello de Vigo ao Concello de Porriño” correspondente aos períodos de facturación entre o 01/01/2023 ao 31/12/2023 non satisfeitas en período voluntario e aprobadas por Decreto mensual do Ilmo. Sr.Alcalde e que dimana do acordo adoptado polo Pleno de Concello de data 27 de xaneiro de 1998.

As citadas liquidacións foron notificadas regulamentariamente conforme ós art. 109 a 112 da Lei 58/2003 do 17 de decembro XeralTributaria.

As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a 148.817,99 € (CENTO CORENTA E OITO MIL OITO CENTOS DEZASETE EUROS E NOVENTA E NOVE CENTIMOS) segundo relación que achega foron aprobadas por decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde en cada mes dos devanditos anos e que se relacionan o seguir:

Padrón	Ejer- ci- cios	Recibo	Nombre	Documen- to	Notif. Pdo vol	Pdo facturado	Principal
AGUA	2023	245930001	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	12/05/23	XAN-FEB/2023	23.972,18
AGUA	2023	245930002	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	12/05/23	MAR-ABR/2023	22.970,94
AGUA	2023	245930003	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	24/08/23	MAI-XUÑ/2023	25.192,59
AGUA	2023	245930004	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	28/09/23	XUL-AGO/2023	28.069,67
AGUA	2023	245930005	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	13/12/23	SET-OUT/2023	25.171,74
AGUA	2023	245930006	CONCELLO DE O PORRIÑO	P3603***F	13/03/24	NOV-DEC/2023	23.440,87
						TOTAL	148.817,99

Con data 28 de maio de 2024, o Director da entidade concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia-FCC Vigo UTE emite, en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, certificación na que se fai constar que unha vez rematado o periodo voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.

A cláusula 67 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión, prevé que *“Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrable, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento”*.

Pola súa beira, o artigo 167 da Lei xeral tributaria, dispón que o procedemento de constrinximento, iniciárase mediante providencia notificada ó obrigado tributario, que será título suficiente para iniciar o citado procedemento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.

E por isto que, en concordancia coa petición formulada pola entidade concesionaria ó Concello de Vigo, esta Tesourería, de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Ordenanza n.º 60 de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, PROPÓN A ESA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, con carácter previo á apertura de expedientes de cobranza pola vía de constrinximento, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 148.817,99 € (CENTO CORENTA E OITO MIL OITO CENTOS DEZASETE EUROS E NOVENTA E NOVE CENTIMOS) en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

6(582).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS PRESENTADOS ÁS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A COBERTURA DE PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DOS ANOS 2020, 2021 E 2022- 1ª FASE DA CONVOCATORIA. EXPTE. 40095/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/07/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Antecedente 1.- En data 19/01/2024 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 (1ª fase) integrada polas prazas seguintes: sarxenta/o extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeira/o (quenda libre) e condutor/a-bombeiro/a (quenda libre) nos termos do informe xurídico-proposta de acordo que antecede e do informe preceptivo de fiscalización previa, de conformidade coas bases das convocatorias respectivas, conformando un total de 32 prazas a convocar.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022, nos termos do informe xurídico-proposta de acordo que antecede, do informe de impacto de xénero emitido e do informe preceptivo de fiscalización previa emitidos, e contidas no **ANEXO I** do presente acordo -apartados A) e B)- do cal forman parte inseparable.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas correspondentes as prazas e postos que configurarán a 1ª fase de execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 nas categorías de sarxenta/o extinción de incendios (quenda de promoción interna); cabo extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeira/o (quenda libre) e condutor/a-bombeiro/a (quenda libre).

CUARTO.- Instar á xefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento para que se proceda á realización das actuacións contempladas no fundamento xurídico IV do informe-proposta que antecede.

QUINTO.- Determinar, en execución das previsións do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo aprobado por unanimidade do Pleno da Corporación Municipal de Vigo en sesión de data 15 de setembro do 2021 (BOPPO nº 189, do 30 de setembro do 2021) a obriga dos tribunais e órganos de selección de persoal do Concello de Vigo de velar polo cumprimento do dereito fundamental á

igualdade, consonte ao preceptuado no artigo 14 da Constitución Española de 1978 e restante normativa de procedente aplicación.

SEXTO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa."

Antecedente 2.- Efectuadas as correspondentes publicacións oficiais (BOPPO núm. 107, do luns 3 de xuño do 2024 e DOG núm. 112, do martes 11 de xuño do 2024) constan presentados en prazo -do 03/06/2024 ao 03/07/2024, ambos inclusive- e salvo de erro ou omisión os recursos seguintes:

- Alonso Regueiro, I., en representación do sindicato CIG (documento nº 240181156)
- López Vázquez, D. J., en representación do sindicato CSI-CSIF/SICO (documento nº 240204522)
- Camín Vallín, A (documento nº 240178962)
- Alonso Rodríguez, E. en representación do sindicato CCOO (documento nº 240179681)
- Aparicio González, V., en representación do sindicato CUT (documentos nº s 240211105 e 240211108)

Antecedente 3.- Conta informe técnico de data de sinatura electrónica 10/07/2024 (trámite 243 do expediente) emitido aos recursos presentados, que se reproduce na motivación xurídica do presente informe-proposta, e que en forma individualizada analiza a viabilidade de estimación ou desestimación dos recursos presentados, propoñendo a incorporación das modificacións procedentes ao texto definitivo das bases en atención á normativa vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

CUESTIÓN PREVIA.- Como cuestión previa, cómpre efectuar unha remisión expresa aos antecedentes e motivación xurídica contidos no informe emitido pola xefatura asinante en data 11/01/2024 (trámite 127 do expediente) , singularmente no relativo á constancia das instrucións asinadas por quen suscribe e pola concellería competente en materia de recursos humanos ordenando, en 2021 e en 2022, a prioritaria convocatoria e execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 no relativo ás



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

prazas vacantes na plantilla municipal que están encadradas no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo.

Complementariamente, debe indicarse que a referencia documental de bases e convocatoria para a emisión do informe-proposta citado no parágrafo anterior foron as bases e convocatoria correspondentes ás ofertas de emprego público 2017, 2018 e 2019 -tramitadas en expediente nº 34.733-220-, detectándose a posteriori unha corrección de erros non tramitada no mesmo expediente. Tal aspecto resulta de esencial indicación, a fin tanto de sinalar que algunhas das cuestións salientadas nos recursos interpostos resultan ser froito do uso de documentos de traballo técnico requeridos da debida sistematización e tramitación simplificada -debendo ser efectuadas as correccións de erros e a resolución de recursos no mesmo expediente administrativo que o de aprobación do acto obxecto de impugnación- como de deixar constancia das dificultades que ten atopado esta xefatura para a asunción do traballo previamente realizado na tramitación administrativa do expediente 40.095-220, e que teñen motivado a necesidade de recurso ao apoio na función de selección autorizada en expediente nº 43.754-220.

Expostas as cuestións anteriores, procédese á análise dos recursos interpostos.

I.- SOBRE OS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN: LEXITIMACIÓN PARA A INTERPOSICIÓN E ADMISIBILIDADE

O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que *“los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto”*; e contemplando o segundo precepto invocado que *“el plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión. Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso”*.

Respecto da lexitimación para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse ás persoas recorrentes a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, dado que son posibles interesados ao poder concorrer aos procesos de selección de persoal que se articulen en execución do acto administrativo obxecto de impugnación, ou ben ser titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo referido acto; ou en representación dos intereses das persoas empregadas públicas, no caso dos sindicatos.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 LPACAP xa citado) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, constando presentados en tempo e forma os recursos relacionados nos antecedentes, sinalando que a totalidade dos recursos interpostos teñen sido presentados en prazo.

De conformidade co artigo 57 da LPACAP *“el órgano administrativo que inicie o tramite un procedimiento, cualquiera que haya sido la forma de su iniciación, podrá disponer, de oficio o a instancia de parte, su acumulación a otros con los que guarde identidad sustancial o íntima conexión, siempre que sea el mismo órgano quien deba tramitar y resolver el procedimiento. Contra el acuerdo de acumulación no procederá recurso alguno”*; aconsellando a eficiente tramitación dos expedientes administrativos a acumulación dos recursos presentados e a correspondente análise e resolución conxunta.

II.- SOBRE A ESTIMACIÓN OU DESESTIMACIÓN DOS RECURSOS PRESENTADOS: MOTIVACIÓN E PROCEDENCIA.

En informe técnico de data de sinatura dixital 10/07/2024 (trámite 243 do expediente) contense a seguinte motivación das modificacións de procedente realización nas bases, como consecuencia dos recursos presentados en prazo e relacionados no antecedente 2, co teor literal seguinte:

“MODIFICACIONES DE LAS BASES XERAIS Y ESPECÍFICAS OPE 20-21-22: 1ª FASE

1.1. MODIFICACIONES DE LAS BASES XERAIS

En la cláusula décima – Sistemas de selección la siguiente frase se modifica: A puntuación obtida polo/a aspirante na fase de concurso non poderá exceder do 40% do total da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición.

La nueva redacción es la siguiente: A puntuación obtida pola persoa aspirante na fase de concurso non poderá exceder do 40% do total da puntuación máxima alcanzable. La modificación se debe a que en la fase de concurso de las bases específicas de sargento la puntuación del concurso excede el 40% de la fase de oposición, entrando en contradicción con las bases generales.

1.2. MODIFICACIONES DE LAS BASES ESPECÍFICAS DE SARGENTO/A EXTINCIÓN DE INCENDIOS

-Condiciones de las personas aspirantes: Se elimina la referencia a FP II, ya que esta titulación corresponde al Grupo B y no al Grupo C1, tal y como sostiene el siguiente artículo: Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Artículo 76. Grupos de clasificación profesional del personal funcionario de carrera.

“Los cuerpos y escalas se clasifican, de acuerdo con la titulación exigida para el acceso a los mismos, en los siguientes grupos:

Grupo A: Dividido en dos Subgrupos, A1 y A2.

Para el acceso a los cuerpos o escalas de este Grupo se exigirá estar en posesión del título universitario de Grado.

En aquellos supuestos en los que la ley exija otro título universitario será éste el que se tenga en cuenta.

La clasificación de los cuerpos y escalas en cada Subgrupo estará en función del nivel de responsabilidad de las funciones a desempeñar y de las características de las pruebas de acceso.

Grupo B. Para el acceso a los cuerpos o escalas del Grupo B se exigirá estar en posesión del título de Técnico Superior.

Grupo C. Dividido en dos Subgrupos, C1 y C2, según la titulación exigida para el ingreso.

C1: Título de Bachiller o Técnico.

C2: Título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.”

-Fase de concurso: Se incluye conforme a la base general decimotercera.

-Valoración de la antigüedad en la fase de concurso: Se modifica para valorar el tiempo de servicio por meses y no de forma anual, en consonancia con el principio de igualdad.

Recurso CCOO: “(...) la experiencia profesional solo se valora en fracciones anuales, lo que significa, en otras palabras, que la experiencia sólo se puntuará por años completos al despreciarse las fracciones de tiempo inferiores a los doce meses. Este criterio se opone a toda lógica y razón y es contradictorio, valga el ejemplo, con los propios criterios de selección de los concursos de méritos seguidos en esta administración para la adjudicación de puestos de trabajo. Nadie cuestiona que la valoración de la experiencia profesional puede y debe ser considerada como un mérito apropiado para ser valorado en procesos de selección de personal en las Administraciones públicas en tanto en cuanto el tiempo efectivo de servicios puede evidenciar un cierto grado de aptitud o capacidad para desarrollar una determinada función pública. Pero, obviamente, tal baremación debe ser congruente y proporcionada al fin que se persigue alcanzar. Por consiguiente, la introducción de este criterio de puntuación debe evitar que se articule de forma tan singular y concreta que pueda provocar una discriminación favorecedora hacia una persona o un grupo de personas respecto a otras (STC 67/1989, de 18 de abril). En definitiva, se trata de utilizar la baremación de la experiencia en forma fraudulenta, pues, como expresamente dice el Tribunal Constitucional, todo se reduce a tener en cuenta que: “En

definitiva, a modo de síntesis, el art. 23.2 CE garantiza que las normas que regulan estos procesos no establezcan diferencias entre los participantes carentes de justificación objetiva y razonable y que no sean desproporcionadas, que los requisitos de acceso y criterios de selección se dispongan en términos generales y abstractos, y además, que estén referidos a los principios de mérito y capacidad”.

-Orden de prelación en los ejercicios de la fase de oposición:

Primer ejercicio: Fase teórica.

Segundo ejercicio: Pruebas físicas (excepto en promoción interna, que no se realizan).

Tercer ejercicio: Lengua gallega.

Cuarto ejercicio: Pruebas psicotécnicas.

Quinto ejercicio: Reconocimiento médico.

-Unificación de la redacción en la fase de oposición: Se ha unificado la redacción de los apartados para los distintos puestos (sargento, bombero, bombero-conductor).

-Orden de prelación de las personas aspirantes: Se incluye el apartado VIII, en consonancia con las bases específicas de bombero y bombero-conductor, utilizando el baremo empleado en la convocatoria 18-19-20.

-Programa específico:

Se actualiza el temario de la parte general conforme al establecido en las bases generales.

Se reduce el temario de la parte específica de promoción interna a 7 temas, que, sumado con los 8 de la parte general, resulta en 15 temas, el mínimo establecido en las bases para promoción interna. En bombero y bombero-conductor el número de temas es 20, el mínimo establecido en las bases para turno libre del grupo C2. Por lo tanto, no se ajusta al principio de equidad que en la categoría de sargento no se siga el mismo modus operandi. En las bases de sargento por turno libre se incluyen 40 temas, el mínimo para el turno libre del grupo C1.

1.3. MODIFICACIONES DE LAS BASES ESPECÍFICAS DE BOMBERO

-Orden de Fases: Se modifica el orden y se pone primero la fase de concurso y después la fase de oposición.

-Valoración de la Experiencia:

Se elimina el apartado específico de valoración de 2 puntos a la experiencia en la Unidad Militar de Emergencias.

La experiencia se valora en meses y no en periodos anuales para evitar discriminación entre las personas aspirantes y en consonancia con el principio de igualdad.

Recurso CCOO: “Vulneración de los principios constitucionales de igualdad de acceso y no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

discriminación en el acceso a los cargos públicos (artículos 23.2 y 103.3 CE en correlación con el art. 55 y concordantes del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público y 49 y concordantes de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia). En la fase de concurso de méritos de ambos procesos selectivos (bomberos y conductor bombero), se prevé valorar el tiempo de servicios prestados en las Fuerzas Armadas como militar profesional de tropa y marinería de la Unidad Militar de Emergencias (UME), así como en otros servicios análogos. La puntuación otorgable a este mérito es de 1.6 puntos por año trabajado, hasta un máximo de 6 puntos. Las bases introducen un criterio diferenciador en favor de los militares profesionales al otorgarles puntuaciones adicionales según el rango desempeñado (0.5 puntos como cabo, 1 punto como cabo primero, 1.5 puntos como cabo mayor y 2 puntos como sargento).

Esta segunda puntuación adicional implica un trato discriminatorio hacia los demás aspirantes, situándolos en una posición de inferioridad en comparación con los militares, lo cual es incongruente y discriminatorio.

En definitiva, la administración convocante da a entender que la experiencia en el Ejército es más valiosa que la adquirida en otras administraciones locales, lo cual no tiene justificación objetiva y razonable, y vulnera los principios de igualdad y no discriminación (Sentencia del Tribunal Constitucional 67/1989, de 18 de abril)."

Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Asturias Nº 00776/2019: "... resulta completamente contrario a derecho la diferencia de valoración entre empleados públicos de los servicios de Bomberos en función de que estos dependieran de una Corporación Local o de otros Organismos. No existe ninguna razón objetiva que justifique un trato desigual en beneficio de los empleados públicos que han desarrollado su trabajo en un organismo y en un ámbito territorial autonómico específico."

-Redacción del Apartado de Formación:

Se elimina la referencia exclusiva al curso de protección civil.

Se incluye la redacción de las bases generales para la valoración de la formación en la promoción interna

Recurso CCOO:

"Impugnación del baremo del concurso de las Bases específicas de bombero/a y conductor bombero/a, al circunscribirse los méritos puntuables de la formación a la acreditación del curso básico de protección civil.

Al puntuarse únicamente el curso básico de protección civil con dos puntos, se está favoreciendo a los aspirantes que hayan formado parte de una agrupación de voluntarios de protección civil, ignorando otros méritos y capacidades adquiridas mediante formación continua relacionada con las funciones de las plazas convocadas."

-Pruebas Físicas:

Se unifican en cuanto a estructura.

Se modifican los kilos en dos de los ejercicios para que sean distintos para hombres y mujeres en cumplimiento con el principio de igualdad.

-Incorporación de Pruebas y Ejercicios:

Se incluye prueba de lengua gallega, reconocimiento médico y pruebas psicotécnicas, en consonancia con las bases de bombero-conductor.

-Prueba de lengua gallega

La prueba de lengua gallega pasa a ser eliminatoria, en consonancia con los siguientes preceptos:

Base 10ª de las bases generales sobre el concurso-oposición: “Nas probas selectivas que se realicen por este sistema, a fase de oposición, que terá carácter obrigatorio e eliminatorio en todos os exercicios.”

Artículo 5.3 del Estatuto de Autonomía de Galicia: “Los poderes públicos de Galicia garantizarán el uso normal y oficial de los dos idiomas y potenciarán la utilización del gallego en todos los órdenes de la vida pública, cultural e informativa y dispondrán de los medios necesarios para facilitar su conocimiento.”

Artículo 11 de la Ley 3/1983, de 15 de junio, de normalización lingüística: “En las pruebas selectivas que se realicen para el acceso a las plazas de la Administración Autónoma y Local se considerará, entre otros méritos, el grado de conocimiento de las lenguas oficiales, que se ponderará para cada nivel profesional.”

-Se elimina la posibilidad de examen oral en gallego.

-Inclusión de Anexos:

Anexo I: Contenido del certificado médico.

Anexo II: Exclusiones médicas.

Anexo III: Perfil psicológico para el examen psicotécnico.

1.4. MODIFICACIONES DE LAS BASES ESPECÍFICAS DE BOMBERO-CONDUCTOR

-Orden de Fases: Se modifica el orden de la fase de concurso para que preceda a la fase de oposición.

-Fase de Concurso – Experiencia:

o Se modifica el apartado de experiencia y se elimina la asignación de 2 puntos para la valoración de la experiencia en la Unidad Militar de Emergencias (UME).

o La experiencia se valora en meses en lugar de periodos anuales para evitar



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

discriminación entre los aspirantes y en consonancia con el principio de igualdad.

-Fase de Concurso – Formación:

-Se elimina la referencia exclusiva al curso de protección civil.

-Se sigue la redacción de la valoración de la formación establecida en las bases generales para el turno de promoción interna.

-Prueba de Lengua Galega:

-Se modifica su carácter no eliminatorio y pasa a ser eliminatorio.

-Se elimina la posibilidad de realizar un examen oral en gallego.

-Orden de Precedencia de los Aspirantes:

-RECURSO SICO:

-Se elimina la puntuación del examen de conducción, ya que se cualifica como apto/no apto.

Se modifica la puntuación de acuerdo con la de bombero.

-Inclusión de Anexo III:

Se incluye el perfil psicológico para el examen psicotécnico, con la misma redacción que en las bases de sargento.

2. RECURSOS PRESENTADOS

2.1. RECURSO SICO

SOBRE LAS BASES DE BOMBERO Y BOMBERO-CONDUCTOR:

1. Lengua Gallega:

-Recurso: No hay prueba de gallego en las bases de bombero. Se argumenta que el gallego no es puntuable ni excluyente.

Modificación: Se incluye prueba de lengua gallega en las bases de bombero. La prueba de lengua gallega se modifica para ser eliminatoria.

2. Formación:

-Recurso: Solo se valora el curso básico de protección civil y no otros cursos relacionados con la profesión.

-Modificación: Se elimina la referencia exclusiva al curso básico de protección

civil y se sigue la redacción de las bases generales para la valoración de la formación en los procesos de promoción interna.

3. Experiencia:

-Recurso: Se otorga 2 puntos por la experiencia en la Unidad Militar de Emergencias.

-Modificación: Se elimina la valoración específica de 2 puntos por la experiencia en la UME, y se valora la experiencia en meses en lugar de periodos anuales para evitar discriminación.

4. Reconocimiento Médico y Pruebas Psicotécnicas:

-Recurso: No hay reconocimiento médico ni pruebas psicotécnicas en las pruebas de bombero.

-Modificación: Se incluyen reconocimiento médico y pruebas psicotécnicas, alineándose con las bases de bombero-conductor.

5. Apartado 1.2 en las Bases de Bombero:

-Recurso: No existe el apartado 1.2 en las bases de bombero.

-Modificación: Se corrige la omisión del apartado 1.2 en las bases de bombero.

6. Prueba de Circuito en Bombero-Conductor:

-Recurso: Se otorga un 40% de la puntuación a la prueba de circuito, que se califica como apto/no apto.

-Modificación: Se modifica el apartado de orden de prelación de las personas aspirantes en las bases de bombero-conductor para alinearlos adecuadamente con su calificación de apto/no apto.

SOBRE LAS BASES DE SARGENTO:

1. Titulación Requerida:

-Recurso: Se requiere titulación de nivel FP II o equivalente cuando ésta se corresponde con el grupo B y no el grupo C.

-Modificación: Se modifica la redacción del apartado en consonancia con la legislación vigente.

2. Valoración de la Fase de Concurso:

-Recurso: Señalan que la fase de concurso tiene 9 puntos, mientras que la fase de oposición tiene 20 puntos, lo cual supera el 40% del total de la fase de oposición, límite establecido en las bases generales.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

-Modificación: Se modifica la redacción de las bases generales para que el límite del 40% se aplique a la puntuación total alcanzable en el concurso-oposición y no solo a la fase de oposición.

2.2. RECURSO ANTONIO CAMIN VALLIN

1. Experiencia en la UME:

-Recurso: Se cuestionaba la valoración de la experiencia en la Unidad Militar de Emergencias con 2 puntos en las bases de bombero y bombero-conductor.
o Modificación: Esta valoración específica de 2 puntos ha sido eliminada de las bases modificadas.

-Titulación en las Bases de Sargento:

Recurso: Se objetaba la exigencia de titulación de nivel FP II o equivalente en las bases de sargento.

Modificación: La exigencia de esta titulación ha sido revisada y modificada.

2.3. RECURSO CCOO

1. Experiencia en la UME:

-Recurso: Se objetaba la valoración de la experiencia en la Unidad Militar de Emergencias con 2 puntos en las bases de bombero y bombero-conductor.

-Modificación: Esta valoración específica de 2 puntos ha sido eliminada de las bases modificadas.

2. Curso básico de protección civil:

-Recurso: CCOO cuestionaba que se valorase exclusivamente el curso básico de protección civil en las bases de bombero y bombero-conductor.

-Modificación: La referencia exclusiva a este curso ha sido eliminada de las bases modificadas.

3. Valoración del tiempo de servicios inferiores a un año:

-Recurso: Se argumentaba que no se valorasen periodos de tiempo de servicios inferiores a un año en las bases.

-Modificación: Las bases han sido modificadas para valorar el tiempo de servicios por meses en lugar de periodos anuales, eliminando así una posible discriminación por este motivo.

4. Artículo 20.1 de la Ley 8/2006:

-Recurso: CCOO plantea que la referencia a este artículo en las bases vulnera la normativa aplicable, indicando que el tiempo de servicios prestados en las Fuerzas Armadas como militar profesional de tropa y marinería debería valorarse únicamente en sistemas de selección para puestos de carácter laboral, no para plazas funcionariales.

-Modificación: La referencia al artículo 20.1 de la Ley 8/2006 ha sido eliminada en las bases modificadas. Sin embargo, es importante destacar que el artículo mencionado establece que el tiempo de servicios prestados en las Fuerzas Armadas como militar profesional de tropa y marinería se considera mérito tanto en sistemas de selección para acceso a cuerpos, escalas, plazas de funcionario y puestos de carácter laboral de las Administraciones públicas. Por lo tanto, el precepto se aplica a ambos tipos de puestos, no solo a los de carácter laboral como argumenta el recurso de CCOO.

2.4. RECURSO CUT

1. Falta de mención sobre el gallego en las bases de bomberos: Ya se ha modificado en las bases.

2. Omisión del reconocimiento médico en las bases de bombero: Ya se ha incluido en las bases.

3. Ausencia de examen psicotécnico en las bases de bombero: Ya se ha modificado en las bases.

4. Valoración del tiempo de servicios en la UME como mérito: Se critica que las bases permitan valorar positivamente el tiempo de servicios en la UME más que el desempeño en el propio servicio de bomberos, lo cual se percibe como un trato diferenciador y discriminatorio. Ya se ha modificado en las bases.

5. Cómputo discriminatorio de los servicios prestados: Se argumenta que la forma de computar los méritos por servicios prestados (solo se cuenta si se alcanza el año completo) es discriminatoria y debería considerarse cualquier período de servicio como mérito.

Ya se ha modificado en las bases.

6. Valoración del curso básico de Protección Civil: Se critica que se valore el curso básico de Protección Civil con más puntos que otros cursos más específicos y relevantes para la profesión de bombero. Ya se ha modificado en las bases.

2.5. PROPUESTA CIG

Bases de Sargento:

1. Inclusión de fase de concurso: ya se incluye en las bases modificadas.

Bases de Bombero:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

1. Segundo ejercicio: Incluir el epígrafe 2º.1.2 "Equilibrio en altura" y la valoración de la prueba en el epígrafe 2º.1.3 "Espacio confinado". Ya se incluyen en las bases modificadas

2. Segundo ejercicio - Epígrafe 2º.2.4: Eliminar la prohibición de grabación durante el ejercicio. No se ha modificado, podría afectar al derecho a la intimidad personal y la propia imagen de las personas aspirantes.

3. Inclusión de reconocimiento médico, prueba de lengua gallega y pruebas psicotécnicas: ya se incluyen en las bases modificadas.

4. Base VII - Fase de concurso:

-Ajustar esta base conforme a las bases generales, evaluando méritos profesionales específicos de bomberos y conductores-bomberos, además de la formación académica. Ya se ha modificado en las bases.

Eliminar referencias a la UME (Unidad Militar de Emergencias), graduación militar y curso básico de protección civil. Ya se ha modificado en las bases.

5. Base IX - Curso Selectivo:

-Reducir el mínimo de horas del curso selectivo de 253 a 250 horas e incluir la posibilidad de excluir a los candidatos que ya hayan completado con éxito el curso anteriormente. No se ha modificado, es importante asegurar el principio de igualdad y que todos los aspirantes tengan acceso a la misma formación y preparación.

Bases de Conductor-Bombero:

1. Segundo ejercicio - Epígrafe 2º.2.4: Eliminar la prohibición de grabación durante el ejercicio. No se ha modificado, podría afectar al derecho a la intimidad personal y la propia imagen de las personas aspirantes.

2. Inclusión de Cuarto Ejercicio: Cambiar el tipo de prueba eliminando el circuito abierto debido a su subjetividad y variabilidad en las condiciones de tráfico y meteorológicas. No se ha modificado, hay otras convocatorias como en el Ayuntamiento de Bilbao donde también se realiza esta prueba en vías urbanas y/o interurbanas. La inclusión de la prueba de circuito abierto tiene como objetivo evaluar habilidades y competencias que son relevantes para el puesto de manera consistente y objetiva.

El ejercicio profesional de los bomberos-conductores implica necesariamente la conducción en la vía pública, lo que hace de esta prueba la más adecuada para valorar esta habilidad.

3. Base VII - Fase de concurso:

-Ajustar esta base conforme a las bases generales, evaluando méritos profesionales específicos de bomberos y conductores-bomberos, además de la formación académica. Ya se ha modificado en las bases.

-Eliminar referencias a la UME, graduación militar y curso básico de protección civil. Ya se ha modificado en las bases.

4. Base IX - Curso Selectivo:

-Reducir el mínimo de horas del curso selectivo de 253 a 250 horas e incluir la posibilidad de excluir a los candidatos que ya hayan completado con éxito el curso anteriormente. No se ha modificado, es importante asegurar el principio de igualdad y que todos los aspirantes tengan acceso a la misma formación y preparación."

Ao respecto do informe transcrito, cómpre salientar que o mesmo analiza en forma individualizada os recursos presentados, dende a perspectiva da determinación da existencia ou inexistencia dun erro, así como da existencia ou inexistencia de base e título normativo para a súa admisibilidade, a fin de precisar a incorporación ás bases xerais e específicas rectoras dos procesos de selección obxecto da convocatoria.

De conformidade co disposto no art. 172.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL) "los informes administrativos, jurídicos o técnicos y los dictámenes de las Juntas y Comisiones se redactarán con sujeción a las disposiciones especiales que les sean aplicables y se ceñirán a las cuestiones señaladas en el decreto o acuerdo que los haya motivado".

Coa finalidade única de que a execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 se realice con plena observancia dos principios constitucionais de acceso á función pública -igualdade, mérito, capacidade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia das convocatorias e das súas bases- e priorizando a convocatoria, nunha primeira fase, da convocatoria de prazas básicas en reforzamento da plantilla do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios -ámbito estratéxico, xunto co Corpo da Policía Local, na garantía da seguridade da persoas e bens no termo municipal e do debido exercicio das competencias municipais en materia de seguridade contempladas nos arts. 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, correspondendo á Comunidade Autónoma de Galicia a convocatoria e execución dos procesos selectivos da Policía Local en todas as categorías, conforme ao convenio de colaboración suscrito no ano 2022- infórmase que a análise técnica realizada no informe que antecede motiva en forma suficiente a revisión das bases, en atención aos recursos presentados polos interesados.

Adicionalmente cómpre indicar a concorrencia dunha contradicción entre o apartado Primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local de 19/01/2024 aprobatorio das bases xerais e específicas obxecto do presente expediente, e o apartado Terceiro, que contempla a aprobación de bases específicas para a provisión de prazas de **cabo** de extinción de incendios, previstas para unha segunda fase. Acredítase o erro, ao non recoller o anexo ao dito acordo bases específicas de cabo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Por elo, propoñeráse deixar sen efecto o acordo de data 19/01/2024 no que se opoña ao que conforma obxecto do presente expediente, a efectos de evitar confusións para as persoas interesadas coas diferentes fases das convocatorias nas que se estruturará a execución das ofertas de emprego público 2020, 2021 e 2022.

III.- COMPETENCIA

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e das súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo en consecuencia competente para a resolución dos recursos que en vía administrativa, e consonte á normativa vixente, constan presentados.

Á vista do exposto, en estrito cumprimento do sinalado no antecedente V do presente informe, e coa conformidade das Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e Concellería-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Acumular, de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os recursos de reposición interpostos contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2024 (BOPPO núm. 107, do luns 3 de xuño do 2024 e DOG núm. 112, do martes 11 de xuño do 2024) aprobatorio dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (1ª fase) integrada polas prazas seguintes: sarxenta/o extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeira/o (quenda libre) e condutor/a-bombeiro/a (quenda libre) e da convocatoria e bases rectoras; recursos que se relacionan no antecedente 2 do informe-proposta que antecede.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente, nos termos do informe técnico de data 10/07/2024 e do informe-proposta que antecede, os recursos de reposición interpostos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2024 (expediente 40.095-220) citados no apartado primeiro do presente acordo, e en consecuencia aprobar a nova redacción das bases xerais rectoras dos procesos selectivos a executar no marco das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2021, 2022 e 2023, así como a convocatoria e as bases específicas rectoras da 1ª fase do proceso de execución, que estará integrada polas prazas seguintes: **sarxenta/o extinción de incendios** (quenda de promoción interna); **bombeira/o** (quenda libre) e **condutor/a-bombeiro/a** (quenda libre) en atención á motivación contida no informe técnico referido, que detalla individualizada e razoadamente a viabilidade de estimación ou desestimación dos recursos presentados, e no propio informe-proposta que antecede, nos termos do **ANEXO I** do presente acordo, o cal parte inseparable do mesmo.

TERCEIRO.- Deixar sen efecto os apartados do acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/01/2024 no que se opoñan ao presente.

CUARTO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I BASES XERAIS

A) Persoal funcionario:

Primeira.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a provisión en propiedade de prazas de persoal funcionario de carreira vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo encadradas nas ofertas de emprego público 2020, 2021 e 2022 (publicacións oficiais no BOPPO núm. 250 de data 30/12/2020 e rectificacións no BOPPO núm. 49 12/03/2021 e DOG núm. 261 30/12/2020 e núm. 68 13/04/2021), 2021 (publicacións oficiais no BOPPO do núm. 250 data 29/12/2021 e no DOG núm. 250 data 30/12/2021)- Resolución recurso de reposición contra o acordo de XGL de 23/12/2021 (BOPPO núm.76 data 21/04/2022 e DOG núm.120 data 23/06/2022) e 2022 (publicacións oficiais BOPPO núm. 249 30/12/2022 e DOGA núm. 24 03/02/2023) e pertencentes ao servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), que se contemplan como 1ª fase das tres ofertas a executar, en número de 32 prazas, sendo as mesmas as que se relacionan a continuación, coas indicacións efectuadas:

DENOMINACIÓN PRAZA	Tipo de vínculo Xurídico	Quenda Libre	Quenda de promoción interna
Sarxenta/o Extinción Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	-*	2
Cabo Extinción de Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	-*	-*
Bombeira/o	FUNCIONARIO DE CARREIRA	23	0
Conductor/a-bombeiro/a	FUNCIONARIO	7	0



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

DENOMINACIÓN PRAZA	Tipo de vínculo Xurídico	Quenda Libre	Quenda de promoción interna
Sarxenta/o Extinción Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA DE CARREIRA	-*	2
TOTAL PRAZAS OBXECTO DE CONVOCATORIA NA 1ª FASE DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2020, 2021 E 2022*	FUNCIONARIO DE CARREIRA	30	2

*As prazas de sarxenta/o (quenda libre) e cabo de extinción de incendios (quenda libre e promoción interna) serán obxecto de convocatoria nunha posterior fase.

Segunda.- NATUREZA E CARACTERÍSTICAS.

En cada convocatoria específica indícanse as prazas que se reservan para quendas distintas da libre (promoción interna ou cota reservada a persoas con diversidade funcional).

Terceira.- PUBLICIDADE DAS CONVOCATORIAS.

O texto íntegro das bases xerais e específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal www.vigo.org e un anuncio breve no Diario Oficial da Comunidade Autónoma.

O anuncio da convocatoria se publicará no Boletín Oficial do Estado.

Cuarta.- CONDICIÓN XERAIS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para seren admitidas á realización das probas selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) as persoas aspirantes deberán posuír os requisitos que se relacionan o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e mantelos ata o momento da toma de posesión, ademais dos que se establezan nas respectivas bases específicas para cada unha das prazas convocadas.

Ditos requisitos son os seguintes:

–Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no ámbito de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público (TREBEP).

–Ter cumpridos 16 anos de idade, e non exceder da idade establecida como máxima para o ingreso nun corpo ou escala, así como non exceder no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

–Estar en posesión da titulación que se fixe nas bases específicas das respectivas convocatorias ou estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas probas selectivas.

–No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas e expedilas.

–Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na disposición adicional 19ª da Lei 30/1984, na redacción dada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro, e normativa de concordante aplicación.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións físicas ou psíquicas agás que veñan establecidas por lei ou que sexan incompatibles co desenvolvemento das tarefas ou funcións correspondentes.

Nas presentes ofertas de emprego resérvase un 7% das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%. A opción a estas prazas reservadas haberá de formularse na solicitude de participación nas convocatorias, coa achega de declaración expresa das persoas interesadas de reuniren o grao de discapacidade requirido, acreditado mediante certificado expedido ao efecto polos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, de ser o caso, da Comunidade Autónoma. Na propia solicitude a persoa interesada deberá reflectir as necesidades específicas que teña para acceder ao proceso selectivo en igualdade de condicións que o resto dos aspirantes. Igualmente deberá acreditarse mediante certificado expedido para o efecto polos órganos competentes, a compatibilidade do grao de discapacidade co posto de traballo ao que se solicita concorrer.

En todo caso, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso á función pública en condicións de igualdade, observarase o disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regulan o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación.

Para resolver, os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, a colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Administración Pública que ostente as competencias na materia.

–Non estar separado/a do servizo en ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin encontrarse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

–Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

–Xustificante de ter ingresado a taxa para participar nos procedementos de selección e promoción de persoal.

O ingreso da taxa esixirase en réxime de autoliquidación, utilizando o impreso normalizado que se poderá obter telemáticamente, a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo -no apartado “Ofertas de Emprego” durante o período de presentación de solicitudes- ou



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

ben de forma presencial na Oficina de Información do Concello de Vigo, situada na planta baixa do edificio consistorial do Concello de Vigo.

Unha vez obtido o impreso de autoliquidación, as persoas interesadas deberán ingresar o importe que corresponda, que se poderá realizar telemáticamente ou en calquera entidade de depósito autorizada.

Para estes efectos, as cantidades establecidas na vixente ordenanza fiscal do Concello de Vigo (ordenanza 10) son as seguintes:

Prazas integradas no Grupo A, subgrupos A1 e A2: 36,95 euros.

Prazas integradas no Grupo C, Subgrupos C1 e C2: 20,65 euros.

Prazas integradas no subgrupo Transitorio E: 20,65 euros.

As referidas contías actualizaranse en aplicación da ordenanza fiscal vixente para cada exercicio económico.

–Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

Quinta.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde-presidente do Concello de Vigo, no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel no que apareza o anuncio da convocatoria -utilizando o modelo normalizado dispoñible na web municipal www.vigo.org- nos diarios e/ou boletíns oficiais seguintes:

- No Boletín Oficial do Estado (BOE) para persoal funcionario (quenda libre ou por promoción interna) e persoal laboral (quenda libre).
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) para persoal laboral (quenda de promoción interna).

Contido obrigatorio da solicitude:

- Datos persoais da persoa solicitante, DNI, enderezo, número de teléfono fixo/móbil, enderezo de correo electrónico.
- Denominación da praza convocada á cal opta e quenda pola que se presenta (libre, promoción interna ou reserva para aspirantes con diversidade funcional xeral ou intelectual).
- No caso de diversidade funcional, cando sexa necesario a adaptación de tempos, levarase a cabo de conformidade co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación, debendo ser solicitada e concretada expresamente polas persoas aspirantes. A adaptación de medios referida no artigo 8 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, deberá igualmente formularse concretamente na solicitude de participación.

- Declaración xurada de que se reúnen todos os requisitos establecidos na base anterior (Condicións xerais das persoas aspirantes), que se inclúe no formulario web normalizado dispoñible na web municipal www.vigo.org.
- Lingua (castelán ou galego) na cal desexa realizar os exercicios correspondentes que se sinalen nas bases específicas. No caso de non elección a persoa aspirante asume que poderá entregarse en calquera das linguas oficiais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- No caso de promoción interna, deberá indicarse a praza dende a que desexa concorrer e os servizos efectivos segundo se indica no modelo normalizado de solicitude. Revisarase de oficio o cumprimento das condicións esixidas na convocatoria. Lémbrese que as persoas que acceden pola quenda de promoción interna teñen a condición de suxeitos obrigados a relacionarse coa administración por medios electrónicos, nos termos das previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e da vixente Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo (BOPPO nº 95, do vernes 8 de outubro do 2021)

Para o caso de presentación telemática da instancia, mediante o formulario na páxina web do concello (<http://www.vigo.org>), a persoa aspirante poderá autorizar expresamente a consulta dos datos do seu DNI, NIE e, deste modo, estará exenta da presentación da copia do mesmo.

Documentación a aportar xunto coa solicitude:

- Copia simple do DNI (ou a declaración expresa de que consinte a súa consulta a outras administracións públicas)
- Copia simple do título CELGA (necesaria para a exención da proba de galego).
- Xustificación do pagamento dos dereitos de exame.
- No caso da promoción interna, deberán:

-Presentar copia simple do título esixido para o acceso á praza e, en todo caso, xustificante acreditativo do pagamento dos dereitos de exame.

-Non é necesario achegar a documentación que obre en poder da Administración, podendo ser requiridos para súa emenda ou a existente non estea actualizada.

-Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, as persoas aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.

Para a xustificación dos méritos a persoa aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar, no devandito prazo, a correspondente solicitude ou copia autenticada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso. En calquera momento, poderá requirirse polo órgano de selección, a presentación a través da oficina de asistencia ao rexistro,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

da documentación orixinal (título e méritos) para os efectos de xerar copia autenticada, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados.

As solicitudes que se presenten na Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para que sexan seladas e datadas pola persoa funcionaria correspondente antes de seren certificadas.

En ningún caso, a presentación do pagamento da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de solicitude. Así mesmo, a falta de pagamento dos dereitos de exame dentro do prazo regulamentario de presentación de solicitudes, non poderá ser obxecto de emenda e determinará a exclusión do/a aspirante.

Así mesmo, tamén se poderán presentar nas demais formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e normativa de concordante aplicación.

No caso de promoción interna, a documentación a presentar substituirase por copia simple do título esixido para o acceso á praza e certificado expedido de oficio, no cal se faga constar que a persoa interesada cumpre as condicións para participar esixidas na convocatoria e, en todo caso, documento de pagamento dos dereitos de exame.

Sexta.- ADMISIÓN.

Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo de dous meses o órgano municipal competente adoptará acordo en que se aprobe a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas cos motivos da exclusión, así como o lugar e data da realización das probas e a designación dos órganos de selección.

A resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na web municipal do Concello de Vigo. Concédese un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia, para a corrección, por parte da persoa que fose excluída, dos defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou a súa non inclusión expresa, así como para promover a recusación das persoas integrantes dos órganos de selección. A publicación da dita resolución no Boletín Oficial da Provincia será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na invocada lei.

A lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houberse. No caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, no mesmo lugar que a provisional, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, sen necesidade de novo anuncio nos diarios oficiais, nun prazo máximo dun mes a partir da finalización do prazo de reclamacións.

O feito de figurar como persoa incluída na relación de admitidas non presupón que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que aquelas superen as probas selectivas.

Sétima.- PROTECCIÓN DE DATOS

A efectos de cumprimento das previsións contempladas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello de Vigo para o desenvolvemento do proceso selectivo, entendéndose a prestación do consentemento ao efecto coa presentación e firma da solicitude, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer as persoas interesadas ante o Concello os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Oitava.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

8.1. Composición.

O órgano de selección das probas selectivas terá carácter colexiado e estará integrado por un mínimo de 5 membros, un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, que poderán ser designados/as entre persoas funcionarias de carreira da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que pertencen á especialidade relacionada coa praza obxecto da convocatoria; así como as respectivas suplencias, nomeadas pola Xunta de Goberno Local a proposta da Concellería competente en materia de persoal, previa a correspondente verificación técnica do cumprimento dos requisitos legalmente establecidos.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non poderá exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición dos órganos de selección será predominantemente técnica, e todas as persoas que o integren deberán contar cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza; non podendo formar parte o persoal de elección ou designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual.

De conformidade co artigo 59.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, *“os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo”*.

Ao abeiro do disposto no I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade do Pleno da Corporación Municipal de Vigo en sesión de data 15 de setembro do 2021 (BOPPO nº 189, do 30 de setembro do 2021) a composición dos órganos de selección de persoal responderá ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, sempre que iso non implique vulnerar os principios de profesionalidade e especialización das persoas que os integran, con especial incidencia nos seus cargos máis representativos entendendo por equilibrio unha representación non menor dun 50% para calquera dos dous sexos, salvo nos casos onde non sexa posible atopar esa porcentaxe entre as persoas co perfil preciso para formar parte dese tribunal ou comisión.

Así mesmo as persoas que os integren deberán ter formación en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de, como mínimo, 20 horas de duración e recoñecida pola Administración Pública.

Correspóndelle á Presidencia acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

A Secretaría, que intervirá con voz e sen voto, desempeñará funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos, informe e proposta de resolución, ou ben proposta de acordo, respecto das alegacións e/ou reclamacións e recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8.2. Persoas asesoras especialistas.

O órgano de selección poderá contar con persoas asesoras especialistas para a realización de todas ou algunha das probas, as cales colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e deberán comparecer a título individual, con voz e sen voto, debendo cumprir os requisitos que para a participación en condición de integrantes dos órganos de selección establece a lexislación vixente.

8.3. Asistencia técnico-administrativa.

O órgano de selección poderá, mediante acordo expreso documentado na acta da primeira sesión ou da sesión constitutiva, de estimalo necesario e imprescindible para o adecuado desenvolvemento do proceso de selección, solicitar o apoio técnico e administrativo, a prestar por persoal municipal. Esta clase de apoio en ningún caso poderá implicar a custodia de documentación nin de actas; nin a presenza nas deliberacións, correccións e/ou avaliacións que se realicen polo órgano de selección, baixo a responsabilidade directa da Presidencia do órgano de selección. As persoas que presten esta clase de apoio deberán asinar a correspondente declaración responsable expresiva da ausencia de concorrencia das causas de abstención e recusación contempladas na lexislación vixente, así como de coñecemento e compromiso de cumprimento dos deberes e principios dos empregados públicos recollidos nos artigos 52 a 54 do TREBEP e no Código de Conduta do Concello de Vigo.

O persoal municipal que preste apoio técnico e administrativo será nomeado mediante Resolución administrativa coas condicións e requisitos establecidos na Instrución de data 19 de xaneiro de 2022 para a determinación das condicións de prestación da asistencia técnica e administrativa do persoal municipal aos órganos de selección.

8.4. Regras de funcionamento.

8.4.1. Constitución do órgano de selección.

O órgano de selección deberá acordar na sesión constitutiva o número máximo de sesións, e deberá pronunciarse sobre a utilización ou non de medios electrónicos, de conformidade co disposto no apartado 8.4.2 relativo ao desenvolvemento das sesións dos órganos de selección, ditas incidencias se recollerán na correspondente acta, e só poderán modificarse por causa xustificada mediante novo acordo, debidamente motivado.

A realización dos exercicios integrantes da oposición, realizáranse preferentemente en horario de tarde.

O número máximo de sesións que acorde o órgano de selección, non deberá ser superior a dez, ampliables a outras dez mediante acordo motivado do órgano de selección por circunstancias

excepcionais como número de aspirantes, dificultades ou complexidade de corrección de exercicios, número de impugnacións e outros factores de tipo obxectivo.

Cada Presidente/a convocará ás demais persoas integrantes do seu órgano de selección, con indicación do lugar, a data e a hora de constitución.

Para a válida constitución do órgano de selección para os efectos da realización das distintas probas, deliberacións, cualificacións e adopción de acordos, requirirase, en calquera caso, a presenza da Presidencia e da Secretaría, ou, no seu caso, de quen as substitúa, e máis a metade, cando menos, das persoas vogais integrantes.

No caso de vacante por ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, o presidente/a será substituída/a, segundo o disposto na resolución que o nomeou. No caso de que tampouco poida concorrer a persoa substituta, corresponderalle a presidencia do órgano de selección ao vogal de maior antigüidade e de máis idade, de entre os seus membros.

No caso de vacante por ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, a Secretaría será substituída, segundo o disposto polo órgano que a nomeou. No caso de que tampouco poida concorrer a persoa substituta, corresponderá a función de Secretaría a unha das persoas vogais, tralo acordo adoptado polo órgano de selección na primeira sesión logo da súa constitución.

As resolucións do órgano de selección vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión, conforme o previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra as resolucións e actos do órgano de selección e os seus actos de trámite cualificados, poderán interpoñerse os recursos que legalmente procedan en dereito.

O órgano de selección adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios das persoas aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

8.4.2 Desenvolvemento das sesións

Os Tribunais cualificadores desenvolverán as súas sesións cando sexan convocados por orden da Presidencia do Tribunal, ben coa presenza física das persoas integrantes dos mesmos, nun mesmo lugar, ou ben a distancia, é dicir, podéndose atopar as persoas integrantes en distintos lugares, se ben, neste último caso, as sesións se realizarán utilizando os servizos subministrados a través da Rede corporativa.

Sesións dos tribunais a distancia por medios electrónicos:

Na sesión constitutiva o tribunal deberá pronunciarse sobre a utilización ou no de medios electrónicos, dando publicidade ao acordo adoptado a través da páxina web municipal.

Os tribunais calificadores poderán celebrar sesións a distancia e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, con respecto dos trámites esenciais establecido nos artigos 17, 18 e 19 da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

As sesións se celebrarán mediante a utilización da webinar ou aplicación de videoconferencia corporativa do Concello de Vigo.

A *convocatoria a distancia* do tribunal calificador será notificada ás persoas integrantes por correo electrónico pola Secretaría e especificará:

- a) O medio electrónico polo que se celebrará a reunión e o acceso ao mesmo mediante o correspondente código.
- b) O medio electrónico polo que se poderá consultar a documentación.
- c) O modo de participar nos debates e deliberacións e o período de tempo durante o que terá lugar a reunión.
- d) O medio de emisión do voto e o período de tempo durante o que se poderá votar, debendo garantirse a identidade da persoa emisora.
- e) O medio de difusión das actas das sesións e o período durante o que se poderán consultar polas persoas integrantes do tribunal.

A Secretaría do tribunal deberá confirmar a recepción da convocatoria por parte dos membros do mesmo, salvo que a mesma se poda acreditar por medios electrónicos.

As *sesións a distancia* se celebrarán mediante videoconferencia, ou a través de calquera sistema electrónico corporativo que o permita, en cuxo caso:

- a) A convocatoria do órgano e a aportación da documentación necesaria se realizará conforme ao disposto no punto anterior.
- b) A sesión se celebrará garantindo o recoñecemento das persoas intervinientes e a comunicación entre elas.
- c) As votacións poderán ter lugar por mera expresión verbal do sentido del voto.

Previamente á convocatoria das sesións a distancia, se articulará tecnicamente, con indicación do soporte e a aplicación informática, o sistema que permita a celebración das reunións por medios electrónicos, o cal reunirá as seguintes características:

- a) Garantirá a seguridade, integridade, confidencialidade e autenticidade da información, a cuxo fin se porá a disposición das persoas integrantes do tribunal un servizo electrónico de acceso restrinxido.
- b) Organizará a información en niveis de acceso cando elo sexa preciso.
- c) Articulará un medio para incorporar ás actas das sesións, a constancia das comunicacións producidas.

As actas das sesións a distancia e demais documentos do tribunal relativos a ditas sesións, estarán arquivados electrónicamente con todas as garantías adecuadas para súa autenticidade e conservación.

As sesións dos tribunais calificadores a celebrar a distancia con medios electrónicos se poderán desenvolver de maneira síncrona ou asíncrona.

- Desenvolvemento das reunións a distancia síncrona.

Na data e na hora sinalada na convocatoria cada persoa integrante do órgano colexiado deberá acceder a través do medio indicado na mesma á sesión do tribunal calificador, utilizando o código de sesión que figurará na citación, que será persoal, secreto e único para cada sesión. En primeiro lugar, cada integrante se identificará ante a Secretaría do tribunal, que dará fe de súa presenza corroborando este extremo mediante o envío dunha notificación confirmando o código secreto persoal.

A continuación, e unha vez se dé inicio á reunión pola Presidencia do tribunal, cada unha das persoas integrantes do mesmo intervirá na sesión solicitando súa quenda de palabra á Presidencia mediante o sistema que se estipule no medio utilizado para a celebración da reunión a distancia. Debidamente autorizado pola Presidencia, a persoa integrante do órgano intervirá na súa quenda e trasladará por escrito aquelas partes de súa intervención que queira que se recollan no acta da sesión. O medio utilizado para o traslado do mencionado escrito, deberá garantir o envío seguro do mesmo.

Da reunión se levantará pola Secretaría do órgano de selección a correspondente acta, que especificará necesariamente que a reunión se realizou a distancia, as persoas participantes na mesma, o orden do día, o lugar onde se celebra, as circunstancias de tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

A acta que elabore a Secretaría do órgano deberá levar o visto bo da Presidencia do mesmo, e poderá ser aprobada na mesma reunión ou na inmediata seguinte. A Secretaría do órgano remitirá a acta a través de medios electrónicos, ás persoas integrantes do órgano de selección, as cales poderán manifestar polos mesmos medios súa conformidade ou reparos ao texto, a efectos de súa aprobación, considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión.

-Desenvolvemento das reunións a distancia asíncronas.

As reunións asíncronas dos tribunais calificadores serán convocadas especificamente para o debate e aprobación, si procede, de propostas de acordo que requiran dun estudio e análise pormenorizado por parte das persoas integrantes dos mesmos.

A convocatoria especificará o orden do día e, no seu caso, detalladamente os antecedentes e a proposta de acordo que se somete ás persoas integrantes do órgano colexiado. Así mesmo incorporará a indicación de desenvolvemento do debate mediante o establecemento dunha rede de comunicación e intercambios asincrónicos entre as persoas integrantes do órgano colexiado.

Estas reunións se levarán a cabo exclusivamente mediante a utilización da rede de comunicación ao modo dun foro virtual, polo que no requirirán videoconferencia ni establecemento de comunicación de ningún outro tipo.

A convocatoria especificará claramente o espazo temporal dispoñible para deliberar, debater e votar.

Finalizado o prazo establecido, as persoas integrantes do órgano colexiado que non emitiran seu voto, se lles fará constar na acta da reunión asíncrona como abstención.

Unha vez finalizada a deliberación e debate, para proceder a depositar seu voto, deberán enviar o mesmo á dirección de correo electrónico da Secretaría del órgano colexiado; xunto con seu código secreto persoal. Sen o código persoal adxunto no correo de votación, o voto se computará como voto nulo e, en consecuencia, no acta se reflectirá dita circunstancia.

De todo elo se levantará a correspondente acta pola Secretaría do órgano, que reflectirá idénticos extremos aos sinalados na instrucción anterior para as reunións sincrónicas e que será aprobada seguindo as mesmas regras.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

8.4.3. Ausencias temporais das persoas integrantes do órgano de selección.

Unha vez constituído validamente o órgano de selección, cando algunha das persoas que o integran se ausente durante a realización ou corrección das probas, a Secretaría do órgano farao constar na correspondente acta.

Se a ausencia ten lugar durante a corrección mediante lectura pública dun exercicio, a Secretaría do órgano deberá facer constar expresamente tal circunstancia na acta; e a persoa vogal ausente non poderá outorgar puntuación ao exercicio realizado.

8.4.4. Abstención e recusación.

As persoas integrantes do órgano de selección deberanse abster de intervir, e notificaranllo ao órgano que os designe, cando concorran nelas as circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivos de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos/as membros/as do órgano de selección cando, ao seu xuízo, concorra neles/as algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

8.4.5. Publicidade.

Todas as actuacións do órgano de selección publicaranse na web municipal do Concello de Vigo, www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

8.4.6. Proposta de nomeamento.

Logo do remate do proceso selectivo, o órgano de selección deberá publicar na páxina web municipal www.vigo.org a proposta de nomeamento. O órgano de selección non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario ou declarar que superaron as probas un número de aspirantes superior ao das prazas que se convocan, agás cando así o determine a propia convocatoria.

Con todo, sempre que os órganos de selección propuxesen o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e con fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección relación complementaria de persoas aspirantes que sigan as propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TREBEP).

8.4.7 Dereitos económicos das persoas integrantes do órgano de selección.

A categoría de cada órgano de selección, e os conseguíntes dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións, regularanse polo disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Os dereitos económicos das persoas asistentes aos órganos de selección, do persoal técnico especialista e administrativo, rexeranse tamén polo dito real decreto, e percibirán a mesma cantidade cá correspondente a unha persoa vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo presidente/a do citado órgano e selección, e así conste expresamente na acta.

Estas mesmas normas rexerán en canto á determinación do número máximo de asistencias para cada proceso selectivo, que determinará o presidente do órgano de selección, unha vez coñecido o número de persoas aspirantes admitidas.

As asistencias devengarase por cada sesión realizada, con independencia de se esta se estende a máis dun día. No caso de que nun mesmo día se realice máis dunha sesión, devengarase unicamente unha asistencia. En todo caso, estarase ao establecido na normativa a todos os efectos, incluíndo os límites máximos a percibir polos funcionarios públicos en tal concepto contemplados na norma citada.

Novena.- COMEZO DOS EXERCICIOS.

O comezo do primeiro exercicio do proceso selectivo, deberá anunciarse con 15 días de antelación no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal www.vigo.org, atrasándose a data de inicio das probas para cumprir o dito prazo se fose preciso.

Os exercicios e as probas practícaranse en chamamento único. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios no momento de ser chamada, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo exercicio e nos sucesivos, quedando excluída, en consecuencia, do proceso selectivo. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, NIE ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do órgano de selección, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas. O DNI, NIE ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

Nos concursos-oposicións relativos a prazas reservadas para a promoción interna comezase pola fase de concurso. O órgano de selección reunirse coa antelación necesaria para que se cumpra a data de realización dos exercicios e probas.

A cualificación da fase de concurso e dos exercicios da oposición, así como a relación de aprobados por orde de puntuación, na web municipal www.vigo.org.

Décima.- SISTEMAS DE SELECCIÓN.

Con carácter xeral establécese a oposición libre, agás para as prazas correspondentes a bombeira/o, condutor/a-bombeiro/a, cabo e sarxenta/o de extinción de incendios, que se proveerán polo sistema de concurso-oposición, e agás tamén na quenda de promoción interna, para a cal se establece idéntico sistema de concurso-oposición.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

A) Sistema de oposición.- O proceso de selección constará dos exercicios que se determinen nas bases específicas, obrigatorias e de carácter eliminatorio, no seu caso.

B) Sistema de concurso-oposición.- Reservado para as prazas correspondentes a bombeira/o, condutor/a-bombeiro/a, cabo e sarxenta/o de extinción de incendios, e a promoción interna. Nas probas selectivas que se realicen por este sistema, a fase de oposición, que terá carácter obrigatorio e eliminatorio en todos os exercicios, será posterior á fase de concurso, e desenvolverase na forma que se determina nas bases específicas. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición.

Para a fase de concurso, os méritos e a súa correspondente valoración, así como os sistemas de acreditación dos mesmos, establecerase nas bases específicas correspondentes ás prazas de bombeira/o, condutor/a-bombeiro/a, cabo e sarxenta/o de extinción de incendios, e na base 13ª das xerais, para a quenda de promoción interna.

-Disposicións aplicables a ambos sistemas:

Agás que por disposición legal, regulamentaria ou nas bases específicas se dispoña outra cousa, a fase de oposición constará como mínimo de 2 exercicios, un teórico e outro práctico.

Os exames tipo test, deberán elaborarse inmediatamente antes, seguindo o proceso que se indica a continuación, proceso que deberá quedar recollido no acta redactada polo Secretario/a do tribunal:

- O cuestionario será determinado polo Tribunal tomando como referencia para súa elaboración, manuais especializados e/ou textos normativos (indicando editorial, autor e ISBN, e/ou no seu caso Diario Oficial de publicación).
- Para a elaboración das preguntas, se distribuirán os temas do temario contemplado nas bases específicas correspondentes, entre as persoas integrantes do órgano de selección. Deberá elaborarse inmediatamente antes do inicio do exercicio.
- Tendo en conta o número dos aspirantes presentados, o órgano de selección poderá establecer unha nota de corte, que será comunicada aos opositores antes do inicio da proba, e será publicada na web municipal www.vigo.org
- Garantirase o anonimato cos medios técnicos dos que dispón o Concello, en concreto o sistema PLICA de corrección informática ou similar.

O exercicio teórico realizarase con carácter xeral por escrito e se referirá aos temas que se inclúan no temario común anexo a estas bases se fose de aplicación e, ao temario específico que se inclúe tamén como anexo, nas bases específicas de cada convocatoria. Así mesmo, o órgano de selección poderá acordar a lectura dos exercicios polos aspirantes unha vez finalizada a súa realización, sempre en sesión pública; no caso de que o exercicio sexa eliminatorio o/a aspirante que non acuda á lectura pública será declarado non apto e, polo tanto, eliminado do proceso selectivo.

A forma de practicarse o exercicio será acordada polo órgano de selección en cada caso, en función das características da praza e o previsto nas bases específicas de cada convocatoria. Se o exercicio fose tipo test, deberá referirse aos temas que integran o temario común correspondente ao grupo de titulación da praza que se oferta, se fose de aplicación, e aos temas específicos da convocatoria, incluídos como Anexo nas bases específicas.

No exercicio práctico o órgano de selección poderá propoñer os casos prácticos que se sinalen nas bases específicas de cada convocatoria, sempre relacionados coas materias do temario, e con base neles, establecer a súa duración, sen prexuízo do que poida establecerse nas bases específicas. Así mesmo, cando as características deste exercicio requira o uso de lexislación, non se permitirá o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Os criterios para a súa avaliación, deberán ser fixados polo órgano de selección e comunicados ás persoas aspirantes antes de se iniciar o exame, e constar na correspondente acta.

Tamén se poderá realizar unha proba de informática/competencias dixitais e/ou coñecemento de idiomas oficiais da Unión Europea, adecuada ao nivel de titulación e funcións da praza, e que figurará nas bases específicas.

Amáis, realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo XIV da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, que consistirá nun exame de lingua galega oral e/ou escrito adecuada ao nivel e contido da praza convocada.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que aporten no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, copia simple do título CELGA ou equivalente debidamente homologado (con independencia de que, polo órgano de selección, lle sexa requirido o seu orixinal antes da realización da proba de coñecemento do idioma galego), correspondente ao nivel de estudos esixido para participar nas probas selectivas de que se trate, segundo a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I) agás que nas bases específicas se dispoña outra cousa, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Os exercicios teóricos e prácticos cualificaranse cun máximo de 10 puntos cada un, quedando eliminado quen non obteña un mínimo de 5 puntos en cada un deles.

A proba de informática/competencias dixitais cualificarase cun máximo de 2 puntos, e a/o aspirante que non obteña un mínimo de 1 punto está obrigado/a a participar no primeiro curso que realice o concello, a fin de obter a debida capacitación, agás que nas bases específicas se dispoña outra cousa.

A proba de coñecemento de idioma galego, e no seu caso, a de idiomas oficiais da Unión Europea, cualificaranse cun máximo de 2 puntos, agás que nas bases específicas se dispoña outra cousa.

A puntuación obtida pola persoa aspirante na fase de concurso non poderá exceder do 40% do total da puntuación máxima alcanzable.

A suma das puntuacións obtidas na fase de concurso -co límite exposto no parágrafo anterior-, nos exercicios da oposición e nas probas de coñecemento de informática/competencias dixitais e da lingua galega, suporá a puntuación total da proba selectiva, que servirá para elaborar a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións da totalidade das persoas integrantes do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Segundo os grupos ao que pertencen as prazas, o número de temas para quenda libre será como mínimo o seguinte, de conformidade co disposto no artigo 8 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño:

- Subgrupo A1:	90 temas.
- Subgrupo A2:	60 temas.
- Subgrupo C1:	40 temas.
- Subgrupo C2:	20 temas.
- Agrupacións profesionais:	10 temas.

Para a quenda de promoción interna, poderase reducir o número de temas ata os mínimos seguintes:

-Subgrupo A1:	72 temas.
-Subgrupo A2:	48 temas.
-Subgrupo C1:	15 temas.
-Subgrupo C2:	8 temas.
-Agrupacións profesionais:	5 temas.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia da Secretaría do órgano de selección para a súa apertura ao inicio da sesión na que se corrixan.

A orde de puntuación das persoas integrantes do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

As persoas integrantes órgano de selección só poderán cualificar os exames en que tivesen unha intervención directa na súa corrección, consonte ao disposto na base 8.4.2.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor da persoa aspirante con maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate, pola que obtivese maior puntuación no epígrafe de coñecementos ou experiencia profesional. De seguir persistindo o empate, se dirimirá establecendo o tribunal unha sinxela proba adicional e obxectiva relacionada coas materias obxecto da oposición para os empatados.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación das persoas aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Décimo primeira. - CALENDARIO PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS.

Para o seu inicio estarase ao disposto na base novena.

Entre a realización de cada un dos exercicios da oposición (excluídos os non eliminatorios) deberá transcorrer un mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Unha vez comezados os exercicios dos procesos selectivos, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de realización das restantes probas no Boletín Oficial da Provincia. Será suficiente coa publicación polo órgano de selección na web municipal www.vigo.org con polo menos 24 horas de antelación ao comezo cando se trate do mesmo exercicio, e de 48 horas se é un novo.

Décimo segunda- Embarazo, parto inminente ou parto recente

Se algunha das persoas aspirantes non puidese participar nalgún exercicio do proceso selectivo a causa dun embarazo, parto inminente ou parto recente, debendo constar debidamente acreditado o suposto, a súa situación quedará condicionada á realización do exercicio aprazado, que non se poderá demorar tanto que se menoscabe o dereito do resto das persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal

Décimo terceira- QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA.

A selección por esta quenda rexerese polas mesmas bases que na quenda libre coas seguintes especificidades:

13.1 A promoción interna consiste no ascenso dende corpos ou escalas dun subgrupo de titulación a outro do inmediato superior, ou no acceso a corpos ou escalas do mesmo grupo de titulación, sempre que se trate de prazas de contido similar e se faga constar nas convocatorias específicas. En calquera caso a promoción interna rexerese polo disposto no título V do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento xeral de ingreso e normativa de concordante aplicación.

13.2 Réxime de promoción interna:

*As persoas empregadas públicas municipais que promocionen a prazas de cabo e sarxenta/o extinción de incendios, ou outros postos de mando, deberán realizar o curso de nivel básico de prevención de riscos laborais co obxecto de proporcionar o nivel de capacitación necesario para desenvolver as funcións de xestión da prevención acordos ao seu cargo, establecida no artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro)

- a) Poderán participar nas probas de promoción interna o persoal municipal deste Concello, que non se atope en situación administrativa de suspensión firme, sempre que teñan unha antigüidade de cando menos 2 anos no corpo ou escala á que pertencen na data de presentación da solicitude, e posuír a titulación e o resto dos requisitos establecidos con carácter xeral para o acceso ao corpo ou escala no que aspiran ingresar.
- b) Establécese como sistema de promoción o concurso-oposición, agás que por imperativo legal se esixa outro.
- c) Na fase de concurso rexerá o seguinte baremo, agás que legalmente se esixa outro ou que nas bases específicas se estableza outro diferente:

1.- Antigüidade. Por cada mes integrado no grupo ou escala de orixe: 0,025 puntos, ata un máximo de 3 puntos.

2.- Por participación en cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas (I, II, III e IV AFCAP), dentro do seu labor de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

formación e capacitación permanente do persoal, Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ou outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos, cursos incluídos nos plans anuais de formación do concello, sempre que o certificado de asistencia o expida o concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados.

Se se trata de persoal de oficios tamén computarán como mérito os cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou organismo que o substitúa nas distintas comunidades autónomas sempre que teñan relación directa coas funcións do posto ao que se aspira. Así mesmo, tamén poderán avaliarse os impartidos por outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos propios de cada oficio e os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM) impartidos por sindicatos ou confederación de empresarios, sempre e cando teñan relación coas funcións do posto ao que se aspira.

- Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.
- Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

Para que os cursos poidan ser avaliados deberán ter relación directa coas funcións dos postos aos que poidan ser adscritos os titulares da praza, relación que establecerá motivadamente o órgano de selección na sesión na que teña lugar a valoración dos méritos das persoas aspirantes na fase de concurso.

Nas convocatorias específicas poderá figurar a relación de cursos con dereito a poder ser avaliados.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 3 puntos.

3.- Titulacións académicas:

3.1.- Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto. (Só se puntuará unha como máximo).

3.2.- Por estar en posesión doutras titulacións superiores ou do mesmo nivel que o esixido para o ingreso na praza como mínimo, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións dos postos aos que se poida adscribir a praza segundo a RPT vixente: 1 punto.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 2 puntos.

4.- Coñecemento do idioma galego.

Os cursos de coñecemento do idioma galego avaliaranse do seguinte xeito:

- Por superar o curso ou validación de iniciación/CELGA 3: 0,25 puntos.
- Por superar o curso ou validación de perfeccionamento/CELGA 4, ou curso básico de linguaxe xurídico-administrativa: 0,50 puntos.
- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa media: 0,75 puntos.
- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa superior/CELGA 5: 1 punto.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 1 punto.

Á persoa aspirante que non acredite ter realizado ningún dos anteriores cursos, efectuaráselle unha proba de coñecementos que se valorará cun máximo de 0,25 puntos. A proba realizarase despois da fase de concurso e antes de iniciarse o da oposición, se estivese prevista, para o que se convocará ás persoas aspirantes que non aporten certificación de contar con ningún curso de lingua galega a través da web municipal www.vigo.org

d) Fase de oposición.

Aplicaranse as mesmas previsións que na quenda libre.

Non obstante, os exercicios das persoas aspirantes por esta quenda estarán dirixidos preferentemente a comprobar o coñecemento da praza á que se aspira, polo que o número mínimo de temas será o previsto na base X.

e) Décimo Cuarta.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN TRAS A PROPOSTA DE NOMEAMENTO POLO ÓRGANO DE SELECCIÓN

Considerando que as persoas aspirantes, para tomar parte nas probas selectivas, só precisan manifestar na súa solicitude que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base IV anterior –agás o D.N.I, CELGA, declaración xurada, o xustificante de pagamento dos dereitos de exame e os documentos que xustifiquen os méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso- aquelas que fosen propostas para ocupar as prazas convocadas achegarán os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base 4, a través dos medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dirixidas a Área de Recursos Humanos e Formación dentro do prazo de 20 días naturais contados dende o día seguinte a que se faga pública a proposta de nomeamento polo órgano de selección, mediante a publicación na web municipal www.vigo.org.

A xustificación das condicións das persoas aspirantes acreditaranse coa seguinte documentación:

- Copia autenticada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de persoas estranxeiras ou orixinal achegado presencialmente na oficina de asistencia en materia de rexistros (que será dixitalizado, de acordo no artigo 27 e demais normativa aplicable).
- Copia autenticada do título oficial ou orixinal achegado presencialmente na oficina de asistencia en materia de rexistros (que será dixitalizado, de acordo no artigo 27 e demais normativa aplicable) e no seu defecto, resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

certificación do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso)

- Certificado/informe médico oficial e, se o esixe a convocatoria, acreditación, a través da superación do correspondente recoñecemento médico que contará, con carácter xeral, coa amplitude necesaria para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida o desenvolvemento das funcións do cargo, e sen prexuízo das probas concretas que poidan esixirse nas bases específicas de cada convocatoria.
- Declaración xurada de non estar separada do servizo en ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin encontrarse inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas nin atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Se vai a ser adscrita a postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores, o Concello pedirá a autorización das persoas aspirantes para poder consultar a devandita información na Plataforma de Intermediación de Datos do Ministerio competente por razón de materia. No caso de non autorizar a consulta a persoa interesada deberá achegar unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

Se dentro do prazo indicado as persoas aspirantes propostas non presentaran a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos non poderán ser nomeadas, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer por falsidade.

Quen tivese a condición de persoa empregada pública está exenta de presentar a documentación acreditativa de condicións e requisitos xa acreditados no momento da súa toma de posesión, substituíndoa por un certificado ao efecto do organismo no que prestou os seus servizos, salvo que sexa no Concello de Vigo, caso no cal expedirase de oficio.

No suposto da **promoción interna**, non é necesario aportar a documentación que obre en poder da Administración, podendo ser requiridos para súa subsanación ou a existente non estea actualizada.

En calquera momento, poderá requirirse tanto polo órgano de selección como polo persoal da Área de Recurso Humanos e Formación, a presentación a través de Rexistro, da documentación orixinal (título e méritos) aos efectos de xerar copia autenticada.

Décimo Quinta.- PERÍODO DE PRÁCTICAS E CURSOS SELECTIVOS.

Nas convocatorias específicas poderase contemplar a realización dun período de prácticas ou dun curso selectivo por parte dos/as aspirantes aprobados, durante o cal serán nomeados /as funcionarios/as en prácticas.

Por resolución motivada do órgano que convoca as persoas aspirantes que non superen o período de prácticas ou curso selectivo, de acordo co procedemento de cualificación previsto na convocatoria, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados/as funcionarios/as de carreira.

Poderán incorporarse, en todo caso, ao curso inmediatamente seguinte que se realice coa puntuación asignada ao último dos participantes naquel. De non superalo tampouco, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados funcionarios de carreira.

Décimo Sexta.- NOMEAMENTO

Finalizado o proceso selectivo e o período de prácticas ou curso selectivo, de ser o caso, as persoas que o superen serán nomeadas funcionarias de carreira.

Os nomeamentos publicaranse no Diario Oficial de Galicia.

Décimo Sétima.- TOMA DE POSESIÓN.

A formalización da toma de posesión efectuarase no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento das persoas interesada no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Quen non o faga sen causa xustificada será declarada en situación de cesante e consecuentemente decaída no seu dereito a ser nomeada por falta de materialización da toma de posesión no prazo outorgado para o efecto, podendo procederse polo órgano municipal competente ao nomeamento da seguinte persoa aspirante con maior puntuación obtida no proceso selectivo, sempre que teña superado a totalidade de exercicios integrantes da oposición.

Previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida na lexislación vixente, segundo acta de toma de posesión.

Na dilixencia de toma de posesión farase constar a manifestación da persoa interesada de non vir desempeñando ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro ou orfandade, por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio.

Se a persoa interesada viñese desenvolvendo actividades incompatibles coa condición de persoal funcionario público, deberá optar expresamente por unha delas dentro do prazo establecido para a toma de posesión, nos termos do disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e demais normativa de concordante aplicación; no suposto de ter a condición de funcionario público ou persoal laboral de outras Administracións Públicas, deberá acreditar a declaración da situación administrativa que proceda, de xeito tal que non se incorra en supostos de incompatibilidade, e aos efectos de garantir a correcta toma de posesión e conseguinte ingreso no emprego público.

Décimo Oitava.- INCIDENCIAS.

As convocatorias e as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e demais normativa de concordante e procedente aplicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Amáis delo, contra os acordos dos órganos de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación na páxina web municipal e no Taboleiro de Editos.

O prazo quedará suspendido se a persoa aspirante solicita que se lle poña de manifesto o expediente, polo prazo que transcorra entre a solicitude e o día no que se lle poña de manifesto, establecéndose o prazo máximo de suspensión en 10 días hábiles.

As reclamacións deberán ser resoltas polo órgano de selección, previa a emisión de informe por parte da Secretaría do mesmo, debendo ser publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de editos do Concello, sen prexuízo da súa notificación ás persoas reclamantes. A publicación efectuarase xunto co anuncio do lugar e data de celebración do seguinte exercicio (salvo que sexa o último).

Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

A provisión das prazas reservadas para persoas con diversidade funcional realizarase da forma máis axeitada ás necesidades destas, coa finalidade de garantir o acceso á función pública. Deste xeito, será o órgano de selección o que determine o contido e alcance das probas selectivas a realizar nos termos do establecido nas bases, tralo asesoramento por especialistas na materia, se fose necesario, e de conformidade co temario que se incorpora como anexo ás bases específicas de cada unha das prazas ofertadas, coa necesaria adaptación de tempos e medios esixida pola diversidade funcional que conorra nas persoas aspirantes.

O órgano de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, procurando, na media do posible, o anonimato das persoas aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas.

Así mesmo, o órgano de selección poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aquelas persoas aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas.

Durante o desenvolvemento das probas, poderá o órgano de selección solicitar dos/as aspirantes as aclaracións complementarias que estime precisas.

Na totalidade das prazas reservadas á promoción interna exclusivamente do subgrupo C2 ao C1 esixirase a titulación establecida no artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto do Empregado Público (TREBEP), ou unha antigüidade de 10 anos no corpo ou escala do subgrupo C2.

A acumulación de prazas da quenda de promoción interna á quenda libre no caso de quedar desertas realizarase previa verificación do correspondente axuste normativo e da conseguinte acreditación da correspondente procedencia consonte á normativa vixente.

B) Persoal laboral.

Rexerán as bases do persoal funcionario coas seguintes modificacións:

As bases 14ª, 15ª e 16ª, substitúense pola seguinte:

Décimo Novena.- CONTRATACIÓN.

Unha vez aprobada a proposta polo órgano competente (Xunta de Goberno Local), notificaráselles ás persoas interesadas para que suscriban os seus contratos laborais fixos no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do acordo.

Quen non o suscriba sen causa xustificada será declarada en situación de cesante e consecuentemente decaerá no seu dereito a acceder ao posto de traballo por falta de materialización do seu dereito a ser contratada no prazo outorgado para o efecto, podendo procederse polo órgano municipal competente ao nomeamento e conseguinte contratación da seguinte persoa aspirante con maior puntuación obtida no proceso selectivo, sempre que teña superado a totalidade de exercicios integrantes da oposición.

Previamente, deberán ter achegado a través dos medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e normativa concordante de aplicación, no prazo máximo de 20 días naturais, contados a partir da publicación da proposta de nomeamento na páxina web municipal a seguinte documentación esixida na base 4ª:

- Copia autenticada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de persoas estranxeiras ou orixinal achegados presencialmente na oficina de asistencia en materia de rexistros, que serán dixitalizados, de acordo no artigo 27 e demais normativa aplicable
- Copia autenticada do título oficial ou orixinal achegados presencialmente na oficina de asistencia en materia de rexistros, que será dixitalizado, de acordo no artigo 27 e demais normativa aplicable e no seu defecto, resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso)
- Certificado/informe médico oficial ou se o esixe a convocatoria, acreditación, a través da superación do correspondente recoñecemento médico que contará, con carácter xeral, coa amplitude necesaria para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida o desenvolvemento das funcións do cargo, e sen prexuízo das probas concretas que poidan esixirse nas bases específicas de cada convocatoria.
- Declaración xurada de non estar separada do servizo en ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin encontrarse inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas nin atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Se vai a ser adscrita a postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores, o Concello pedirá a autorización das persoas aspirantes para poder consultar a devandita información na Plataforma de Intermediación de Datos do Ministerio competente por razón de materia. No caso de non autorizar a consulta a persoa interesada deberá achegar unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

No contrato farase constar a manifestación da persoa interesada de non estar desempeñando ningún posto ou actividade no sector público, e que non realiza actividade privada remunerada, así como non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos de calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio. No suposto de ter a condición de persoal funcionario público ou de persoal laboral de outras Administracións Públicas, deberá acreditar a declaración da situación administrativa que proceda, de xeito tal que non se incorra en supostos de incompatibilidade, e para aos efectos de garantir a correcta toma de posesión e conseguinte ingreso no emprego público.

OUTRAS DISPOSICIÓNS COMÚNS.

Todas as referencias que nas bases para cubrir prazas de persoal funcionario se efectúen a "persoal funcionario" entenderanse referidas a "persoal laboral" e as que se fagan a "grupo de titulación" a "equiparado ao grupo de titulación".

As persoas aspirantes que, non tendo superado o proceso selectivo, aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación.

ANEXO

Agás que nas bases específicas se indique outra cousa, existirá un grupo de temas comúns para todas as probas derivadas da oferta, segundo o grupo de titulación -ou a súa equivalencia no caso do persoal laboral-, e que serán 18 temas para o Subgrupo A1, 12 temas para o Subgrupo A2, 8 temas para o Subgrupo C1 e 4 temas para o Subgrupo C2, tal como se enumeran de seguido:

GRUPO A DE TITULACIÓN: SUBGRUPO A1

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.
- Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 5.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 6.- Funcionamento dos órganos Colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.
- Tema 7.- Función pública local: organización, selección e situacións administrativas. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. O procedemento disciplinario: faltas e sancións.

- Tema 8.- Funcionamento electrónico do sector público: sede electrónica, sistemas de identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo e rexistros.
- Tema 9.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma do contrato.
- Tema 10.- A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.
- Tema 11.- A Administración do Estado, a administración autonómica e a administración local. Administración institucional e corporativa. A relación xurídico-administrativa: os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración.
- Tema 12.- Eficacia dos actos administrativos. A obriga de resolver e silencio administrativo. Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos.
- Tema 13.- O recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso-administrativo.
- Tema 14.- O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.
- Tema 15.- Aspectos xerais sobre as formas de acción administrativa.
- Tema 16.- O servizo público. Análise xeral dos modos de xestión dos servizos públicos.
- Tema 17.- A función recadadora nas facendas locais. Principios orzamentarios na Lei reguladora das facendas locais.
- Tema 18.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

GRUPO A DE TITULACIÓN: SUBGRUPO A2

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: Consideracións xerais; estrutura e contido; características principais. Principios constitucionais e valores superiores (
- Tema 2.- A Unión Europea. A Unión Europea: orixe e natureza. As institucións da Unión Europea: composición e atribucións. Fontes do dereito comunitario: dereito orixinario e dereito derivado. Competencias.
- Tema 3.- A organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Dereitos e deberes da veciñanza.
- Tema 5.- Organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Competencias municipais. Os municipios de gran poboación
- Tema 6.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Validez e eficacia. A notificación. A execución do acto.
- Tema 7.- A invalidez do acto administrativo. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de oficio e a declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito. Os recursos administrativos.
- Tema 8.- O procedemento administrativo: principios xerais e fases. O deber de resolver. O réxime do silencio administrativo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

- Tema 9.- Os contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Elementos do contrato administrativo. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
- Tema 10.- A potestade sancionadora: concepto e principios que a informan. O procedemento sancionador.
- Tema 11.- O orzamento das Entidades Locais: concepto, principios e estrutura. Elaboración, aprobación e liquidación do orzamento. Fases do procedemento de execución de gasto no réxime local. Os créditos e as súas modificacións: clases e tramitación. Os gastos plurianuais. Os remanentes de crédito.
- Tema 12.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

GRUPO C DE TITULACIÓN: SUBGRUPO C1

- Tema 1.- A Constitución de 1978: estrutura, principios xerais e contido. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura e contido. Breve referencia ás competencias da Comunidade Autónoma.
- Tema 2.- A Administración do Estado, a administración autonómica e a administración local. Administración institucional e corporativa. A relación xurídico-administrativa: os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración. O municipio: elementos esenciais. O empadramento. Especial referencia ás competencias municipais.
- Tema 3.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Comunicacions, notificacións e publicación dos actos administrativos.
- Tema 4.- O procedemento administrativo local: concepto e fases. A obriga de resolver: o silencio administrativo.
- Tema 5.- Funcionamento electrónico do sector público: sede electrónica, sistemas de identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo e rexistros.
- Tema 6.- Función pública local: organización, selección e situacións administrativas. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. O procedemento disciplinario: faltas e sancións.
- Tema 7.- A Facenda Local: ingresos públicos, concepto e clasificación. Os presupostos locais. As ordenanzas fiscais.
- Tema 8.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

GRUPO C DE TITULACIÓN: SUBGRUPO C2

- Tema 1.- Referencia aos principios xerais e contido da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia. O municipio: concepto e elementos esenciais. Breve referencia ás competencias municipais.
- Tema 2.- O procedemento administrativo local. A Administración electrónica. Comunicacions e notificacións.

Tema 3.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

O tema 3 para o subgrupo C2, no caso de que se trate de probas para seleccionar persoal laboral substituirase polo seguinte:

Dereitos e deberes dos empregados segundo o Estatuto dos traballadores. Faltas e sancións, procedemento sancionador do persoal laboral segundo o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Tema 4.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

BASES ESPECÍFICAS

PERSOAL FUNCIONARIO

1.- SARXENTA/O EXTINCIÓN DE INCENDIOS

QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

I.- Número de prazas: 2

II.- Características da praza:

Enmarcada no grupo C1 de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios, categoría, sarxento. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ó grupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo de sarxenta/o do servizo de extinción de incendios.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de concurso-oposición, reservándose para promoción interna entre persoal funcionario de carreira do grupo C2 de titulación do servizo de Extinción de Incendios que conte cunha antigüidade de cando menos dous anos no corpo u escala de administración especial, subescala de extinción de incendios, clase servizos especiais e categorías de cabo, bombeira/o e condutor/a bombeiro/a.

IV.- Condicións das persoas aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán posuír ou estar en condicións de obter a titulación de bacharelato, técnico ou equivalente, ou contar con dez anos de antigüidade integrados/as no grupo C, subgrupo C2 de titulación, na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase extinción de incendios e categoría cabo, bombeira/o e condutor/a bombeiro/a.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

V.- Identificación dos e das opositores/as.

As persoas aspirantes comparecerán ás diferentes probas previstas do seu DNI, que poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

VI.- Fase de concurso.

A fase de concurso avaliarase de conformidade co establecido na base 13ª das xerais coas seguintes particularidades:

1.- Antigüidade: A fase de concurso avaliarase de conformidade co establecido na base 13ª das xerais coas seguintes particularidades no baremo de antigüidade (ata un máximo de 3 puntos):

- *0,05 puntos por cada mes como bombeiro ou condutor bombeiro ata un máximo de 0,80 puntos.*
- *0,10 puntos por cada mes como cabo ata un máximo de 1,00 puntos.*
- *0,15 puntos por cada mes como sarxento ata un máximo de 1,20 puntos.*

2.- Formación: Por participación en cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas (I, II, III e IV AFCAP), dentro do seu labor de formación e capacitación permanente do persoal, Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ou outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos, cursos incluídos nos plans anuais de formación do concello, sempre que o certificado de asistencia o expida o concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados (ata un máximo de 3 puntos).

Se se trata de persoal de oficios tamén computarán como mérito os cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou organismo que o substitúa nas distintas comunidades autónomas sempre que teñan relación directa coas funcións do posto ao que se aspira. Así mesmo, tamén poderán avaliarse os impartidos por outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos propios de cada oficio e os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM) impartidos por sindicatos ou confederación de empresarios, sempre e cando teñan relación coas funcións do posto ao que se aspira.

- Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.
- Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

Para que os cursos poidan ser avaliados deberán ter relación directa coas funcións dos postos aos que poidan ser adscritos os titulares da praza, relación que establecerá motivadamente o órgano de selección na sesión na que teña lugar a valoración dos méritos das persoas aspirantes na fase de concurso.

3.- Titulacións académicas:

- Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto. (Só se puntuará unha como máximo).
- Por estar en posesión doutras titulacións superiores ou do mesmo nivel que o esixido para o ingreso na praza como mínimo, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións dos postos aos que se poida adscribir a praza segundo a RPT vixente: 1 punto.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 2 puntos.

4.- Coñecemento do idioma galego.

Os cursos de coñecemento do idioma galego avaliaranse do seguinte xeito:

- Por superar o curso ou validación de iniciación/CELGA 3: 0,25 puntos.
- Por superar o curso ou validación de perfeccionamento/CELGA 4, ou curso básico de linguaxe xurídico-administrativa: 0,50 puntos.
- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa media: 0,75 puntos.
- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa superior/CELGA 5: 1 punto.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

Á persoa aspirante que non acredite ter realizado ningún dos anteriores cursos, efectuaráselle unha proba de coñecementos que se valorará cun máximo de 0,25 puntos. A proba realizarase despois da fase de concurso e antes de iniciarse o da oposición, se estivese prevista, para o que se convocará ás persoas aspirantes que non aporten certificación de contar con ningún curso de lingua galega a través da web municipal www.vigo.org

VII.- Fase de oposición.

Primeiro exercicio.- Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test 50 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- Suposto teórico-práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Desenvolverase por escrito, durante un período máximo dunha hora e media (90 minutos), e consistirá en desenvolver un suposto teórico-práctico proposto polo órgano de selección e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

relacionado coas funcións propias asignadas ao posto e que teña relación co temario específico da convocatoria. A tales efectos e sempre inmediatamente antes da proba, cada persoa integrante do órgano de selección elaborará 2 supostos, sendo sorteado de entre todos eles o que servirá para a realización da proba. Conxuntamente se establecerán de xeito motivado os criterios de valoración do suposto e as puntuacións máximas de cada un dos apartados e subapartados nos que se divida, criterios que serán comunicados ás persoas aspirantes antes do inicio da proba e que constarán na correspondente acta.

Concluída a lectura do exercicio o tribunal poderá pedirlle á aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Dito exercicio cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- Probas psicotécnicas. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

As probas psicotécnicas estarán destinadas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes, así como a súa adecuación ás funcións que sen a desempeñar comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Estas probas deberán obrigatoriamente efectuarse e valorarse por especialistas (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicología clínica) e cualificarase como acta ou non apta.

O órgano de selección deberá utilizar os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na súa realización.

As probas psicotécnicas constarán das seguintes probas:

1. Proba de Intelixencia: destinada a medir a capacidade intelectual e psicomotriz das persoas aspirantes, no marco da mesma realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes:

- intelixencia xeral,
- comprensión e fluidez verbal,
- comprensión de ordes,
- razoamento cognitivo,
- atención discriminativa,
- resistencia á fatiga intelectual.

2. Probas de personalidade: Destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das persoas aspirantes. Orientarase a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño das funcións a realizar, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes, descartándose, asimesmo, a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Explorarase necesariamente os aspectos que a continuación se relacionan:

- estabilidade emocional,
- autoconfianza,
- capacidade empática e interese polos demais,
- habilidades interpersoais,

- control axeitado da impulsividade,
- axuste persoal e social,
- capacidade de adaptación a normas,
- capacidade de afrontamento do estrés,
- motivación polo traballo a desempeñar.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico das persoas candidatas.

Deste modo, adicionalmente ás características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos:

- existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo;
- problemas de saúde;
- consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación.

3. Proba de clima laboral: realizarase unha valoración da comprensión realista do ambiente social dos grupos de traballo. Elaborarase un perfil das dimensións de relacións persoais, autorrealización e estabilidade emocional das persoas aspirantes.

VIII.- Orde de prelación das persoas aspirantes.

A puntuación obtida na fase de concurso cualificarase sobre a base de 9 puntos.

O primeiro exercicio cualificarase sobre a base de 10 puntos.

O segundo exercicio cualificarase sobre a base de 10 puntos.

Concurso-oposición							
Concurso				Oposición			
Antigüidade	Formación	Titulacións	Lingua galega	Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio
0-3 puntos	0-3 puntos	0-2 puntos	0-1 punto	Teórico	Suposto teórico-práctico	Probas psicotécnicas	Recoñecemento médico
0-9 puntos				0-10 puntos	0-10 puntos	apto/non apto	apto/non apto
0-9 puntos				0-20 puntos			
0-29 puntos							

A puntuación final obterase sumando as puntuacións de cada un dos exercicios, sendo o total sobre a base de 29 puntos.

Así, no caso de obter 8 puntos na fase de concurso, 7,80 puntos no primeiro exercicio e 8,20 puntos no segundo exercicio, resultaría:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

$(8)+(7,8)+(8,20)= 24$ puntos sobre un total de 29 posibles.

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

IX.- Curso selectivo.

De conformidade co previsto na base 14ª das xerais, a persoa aspirante aprobada, unha vez achegada toda a documentación esixida, será nomeada funcionaria en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación. Deberá superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionaria de carreira.

Serán causas que impidan a superación do curso as seguintes:

- Incorrer en tres faltas consecutivas ou cinco alternas de asistencia sen causa xustificada.
- A notoria e constante falta de puntualidade no cumprimento do horario de entrada e saída.
- Faltar ao curso máis dun terzo das xornadas lectivas das que conste.
- Que nas revisións médicas que se lle poidan practicar en calquera momento durante o curso, se comprobe a aparición dalgunha das causas de exclusión que figuran no Anexo II.
- Non superar a metade da puntuación total establecida para o curso, que será como máximo de 10 puntos.

A Concellería competente en materia de persoal, previa proposta técnica designará unha Comisión de Avaliación, integrada por:

Presidencia: Unha persoa funcionaria do grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación do Concello de Vigo.

Secretaría: Unha persoa funcionaria con habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría ou un/unha técnico/a de Administración xeral (rama xurídica), subgrupo A1.

Vogais: A xefatura do Servizo de Extinción de Incendios ou suboficial, un/unha suboficial ou un/unha cabo do Servizo de Extinción de Incendios.

Dúas persoas funcionarias de carreira da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo, incluídos no Subgrupo A1 ou A2 de titulación ou persoal funcionario de carreira da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou Entidades Locais, do subgrupo A1 ou A2 de titulación, que pertenza ao ámbito da Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

A Comisión terá por misión avaliar o curso selectivo descrito, considerando os informes de avaliación emitidos polas docentes, podendo efectuar calquera actuación complementaria necesaria para efectuar a proposta final. En todo caso, os criterios obxectivos e a motivación da decisión deberá quedar incorporada ás actas correspondentes.

X.- PROGRAMA ESPECÍFICO

(EXCLÚENSE OS TEMAS PARA PRAZAS DO GRUPO C1, QUE FIGURAN COMO ANEXO AS BASES XERAIS)

Parte xeral

Tema 1. A Constitución de 1978: estrutura, principios xerais e contido. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura e contido. Breve referencia ás competencias da Comunidade Autónoma.

Tema 2. A Administración do Estado, a administración autonómica e a administración local. Administración institucional e corporativa. A relación xurídico-administrativa: os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración. O municipio: elementos esenciais. O empadramento. Especial referencia ás competencias municipais.

Tema 3. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Comunicacóns, notificacóns e publicacón dos actos administrativos.

Tema 4. O procedemento administrativo local: concepto e fases. A obriga de resolver: o silencio administrativo.

Tema 5. Funcionamento electrónico do sector público: sede electrónica, sistemas de identificacón e sinatura dos interesados no procedemento administrativo e rexistros.

Tema 6. Función pública local: organizacón, seleccón e situacións administrativas. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. O procedemento disciplinario: faltas e sancións.

Tema 7. A Facenda Local: ingresos públicos, concepto e clasificacón. Os presupostos locais. As ordenanzas fiscais.

Tema 8. A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminacón. Políticas públicas para a igualdade.

Parte específica

Tema 9. Mecanismos de extinción de incendios. Axentes extintores: sólidos, líquidos e gasosos. Características e campo de aplicacón. Aparatos extintores de incendios: fixos e portátiles, definicón, clasificacón e identificacón. Mantemento e normativa aplicable. Grado valorativo dos lumes: potencia calorífica dos diversos materiais e sustancias, estudo da velocidade de combustión, curvas características dos lumes tipo.

Tema 10. Propiedades e características dos gases, líquidos e sólidos de carácter volátil máis usuais. Punto de ignición, punto de auto inflamación, límite superior e inferior de inflamabilidade, punto de ebulicón. Sustancias de combustión espontánea: fases, xeración e propagación segundo tipo de materia. Factores e oxidantes: tipos e descomposicón, acción da auga na combustión espontánea. Toxicidade nos lumes: produtos da combustión, gases xerados na combustión de materias comúns (madeira, la, plásticos e goma). Monóxido de carbono, dióxido de carbono, ácido cianhídrico, dióxido de nitróxeno.

Tema 11. Mecánica de fluídos: definicón e clasificacón, propiedades dos fluídos. Hidrostática: presión hidrostática, equilibrio dun fluído no campo gravitatorio, principio de Pascal, prensa hidráulica. Medida da presión: presión absoluta e relativa, principio de Arquímedes, centro de presións, estabilidade en flotación e somerxidos. Hidrodinámica: movemento laminar e turbulento, teorema de Bernoulli, caudal, empuxe e perda de carga, variacións de caudal.

Tema 12. Bombas centrífugas: tipos e características das bombas utilizadas nos S.E.I.S., normativa aplicable, descripcón e funcionamento. Cavitación e golpe de ariete das bombas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

centrífugas. Flash Over: concepto, características, tipos, condicións para que se produza, causas e efectos. Protección respiratoria en ambientes con riscos derivados dun incendio: toxicidade e riscos, equipos de protección respiratoria, clases e características, normativa e normas de actuación.

Tema 13. Métodos de salvamento: rescate de vítimas en accidentes de circulación, material de corte, separación e de elevación, bomba hidráulica e manual. Medidas de seguridade, técnicas de rescate, sinalización. Rescate en medios acuáticos: material e técnicas de rescate en superficie. Sistemas de radio: clasificación segundo o seu tipo de modulación, conceptos básicos, amplitude, frecuencia e fase, bandas de frecuencia para servizos móbiles terrestres, relación entre ancho de banda e velocidade de transmisión. Sistema de comunicación en emerxencias: organización e características, sistemas PMR, configuración e vantaxes fronte a outros sistemas de acceso público, sistemas tetra.

Tema 14. Código técnico de edificación: disposicións xerais, condicións técnicas e administrativas, esixencias básicas de seguridade en caso de incendios (S.I.). Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais: obxecto e ámbito de aplicación, inspeccións periódicas, caracterización dos establecementos industriais en relación coa seguridade contra incendios. Instalacións eléctricas de baixa tensión nos edificios: xeneralidades, sistemas de distribución para uso de vivendas, comercial, oficinas, público, industria e garaxe. Instalacións comúns e privativas segundo normativa, redes de protección a terra.

Tema 15. Organización e funcionamento dos parques de bombeiros: obxectivo e fins, ámbito territorial, estudo de funcións, avaliación e control de riscos, loita contra sinistros. O concepto de tren de saída: tipos, vehículos, tipos e características, equipos de protección persoal: características, normativa e seguridade na intervención. O mando: características, funcións fundamentais, responsabilidades e delegacións. A motivación e tipos de motivación. Distribución e organización dos servizos.

ANEXO I PERFIL PSICOLÓXICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO

Tendo en conta as funcións que debe realizar o servizo de Extinción de Incendios, os test irán dirixidos a excluír ás persoas aspirantes con anomalías respecto ao perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traduce nas seguintes:

Aptitudes mentais:

- Razoamento verbal
- Razoamento abstracto
- Razoamento mecánico
- Razoamento espacial
- Atención e resistencia a fatiga
- Intelixencia xeral

Personalidade

- Autocontrol dos impulsos e emocións
- Serenidade

- Estabilidade emocional
- Sentido da disciplina e da autoridade
- Desenvolvemento de condutas cooperativas
- Capacidade de integración no grupo
- Capacidade empática e de manexo da relación interpersonal
- Capacidade a automotivación
- Seguridade en si mesmo.-Firmeza persoal
- Capacidade práctica e realista
- Sentido da iniciativa
- Neutralidade efectiva no exercicio profesional

Características do test actitudinal: Para a avaliación das probas actitudinales son factores preferentes a ter en conta, de acordo co orde de importancia que se expresa a continuación:

1.- Autocontrol. 2.- Serenidade. 3.-Estabilidade emocional. 4.-Capacidade empática e manexo das relacións interpersoais. 5.- Sentido da disciplina e autoridade.6.-Desenvolvemento de condutas corporativas e capacidade de integración. 7.- Seguridade e firmeza persoal. 8.-Sentido da iniciativa. 9.- Neutralidade profesional. 10.- Calquera outros de análoga significación aos anteriormente referidos.

A calificación desta proba será de apta ou non apta, debendo superar como mínimo a aspirante, no caso dos factores aptitudinales 4 dos 6 factores a medir, debendo superar en todos os casos o factor de intelixencia xeral.

O órgano de selección co apoio e asistencia obrigatoria de persoas asesoras especializadas (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicoloxía clínica), fixará uns criterios mínimos antes da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluírán á persoa aspirante, debendo figurar os mesmos na correspondente acta, así como o correspondente informe do especialista indicado.

2.- BOMBEIRA/O

QUENDA LIBRE

I.- Número de prazas: 23

II.- Características.

Enmarcadas no Subgrupo C2 de titulación, escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios; categoría, bombeira/o. Estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes o subgrupo C2 de titulación e as complementarias propias do posto de bombeira/o.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Quenda libre: Establécese o de concurso-oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

IV.- Condicións das persoas aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista nas bases xerais.

Deberán presentar perante o órgano de selección, na data de realización do segundo exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO I das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

V.- Identificación das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes comparecerán ás diferentes probas previstas do seu DNI, que poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

VI.- Fase de concurso.

1.- Experiencia: Ter prestado servizos como bombeiro, bombeiro-condutor ou bombeiro especialista en calquera administración pública como profesional e sen sanción por falta grave ou moi grave: 0,10 por mes de traballo ata un máximo de 6 puntos.

2.- Formación: Por participación en cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas (I, II, III e IV AFCAP), dentro do seu labor de formación e capacitación permanente do persoal, Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ou outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos, cursos incluídos nos plans anuais de formación do concello, sempre que o certificado de asistencia o expida o concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados, ata un máximo de 4 puntos.

Se se trata de persoal de oficios tamén computarán como mérito os cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou organismo que o substitúa nas distintas comunidades autónomas sempre que teñan relación directa coas funcións do posto ao que se aspira. Así mesmo, tamén poderán avaliarse os impartidos por outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos propios de cada oficio e os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM) impartidos por sindicatos ou confederación de empresarios, sempre e cando teñan relación coas funcións do posto ao que se aspira.

- Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.
- Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

Para que os cursos poidan ser avaliados deberán ter relación directa coas funcións dos postos aos que poidan ser adscritos os titulares da praza, relación que establecerá motivadamente o órgano de selección na sesión na que teña lugar a valoración dos méritos das persoas aspirantes na fase de concurso.

As puntuacións incorporaranse á suma final da obtida durante a fase de oposición e non poderá ser superior a 10 puntos.

VII.- Fase de oposición.

Primeiro exercicio.- Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 50 preguntas como mínimo e 70 como máximo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas.

Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- Probas de aptitude física. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización das seguintes probas físicas :

2º.1.1 .- Proba combinada: trepa de corda e dominadas en barra horizontal.

Lugar/terreo: Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.

Material.- Unha barra fixa/escaleira horizontal, de ximnasia deportiva.

Desenvolvemento.-

- Subir e baixar a pulso unha corda lisa de seis metros (cinco metros para as mulleres), sen axuda dos pes e sen impulso dende a posición de sentado, subindo sen deixar os pes tocando no chan. Un só intento.- Tras un descanso de 30 segundos o/a aspirante deberá pasar unha escaleira horizontal en altura de barrote en barrote collendo cada un cunha soa man e sen



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

soltarse realizar un mínimo de flexións consecutivas no derradeiro chanzo da escaleira, segundo baremo, brazos totalmente estendidos, en posición agarre prono (palmas das mans mirando hacia abaixo) e deberá superar o queixo a barra; non se permite balanceo na realización das flexións.

- Posición inicial: Suspendido da barra coas palmas da man cara adiante. Brazos e pernas estendidas. Os pés sen tocar o chan.

- Execución: Levantar o corpo cos brazos até que o queixo sobrepase a barra. Baixar o corpo ata que os brazos queden completamente estendidos. Pódese repetir o exercicio tantas veces como se poida.

Regras.- A flexión non é un movemento de lategazo, non se poden levantar os xeonllos. Non se permite dar impulso sacudindo as pernas. Non se permite o balanceo do corpo. O movemento de flexo-extensión deberá de sé-lo máis uniforme posible. O queixo non pode toca-la barra e debe supera-la mesma. Se unha repetición se realiza con algunha destas anomalías, non se contará.

Intentos.- Un só intento.

Valoración da proba: A non superación da trepa da corda determinará a exclusión da persoa aspirante do procedemento selectivo. Igualmente, é motivo de exclusión non acadar a puntuación mínima de 5 puntos na realización do exercicio da escaleira. Cualificarase de 5 a 10 puntos segundo baremo:

	combinada	
	H	M
1		
2		
3		
4		
5	11	6
6	12	7
7	13	8
8	15	9
9	17	11
10	19	13

2º.1.2.- Equilibrio en altura:

Lugar/terreo.- Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.

Material,- estada normalizada, corda de seguridade, táboa de 500 x 20 x 7cm (longo, ancho, espesor) e E.P.I. (Equipo de Protección Individual) para traballo vertical.

Desenvolvemento.-

- Posición inicial : a persoa executante partirá do segundo piso da torre de manobras (altura aproximada entre 7m e 10 m) cando se lle ordene.
- Desenvolvemento: desprazarse pola táboa, transportando un balón medicinal, ida e volta. O peso dos balóns medicinais serán de 3 kg para as mulleres e de 5 kg para os homes.
- Remate: ao completar o percorrido de ida e volta.

Regras.-

- O desprazamento farase en bipedestación e sempre cara diante.
- Ao final da táboa traspasarase unha marca situada no mesmo e fase un xiro de cento oitenta (180) grados sen tocar con ningunha parte do corpo a estada de suxeición.
- Non poderá suxeitarse en ningún momento a liña de vida de seguridade á que irá fixado.
- Non poderá soltar o balón medicinal en ningún momento do desenvolvemento da proba.

Intentos.- Dous intentos.

Valoración da proba: Cualificarase como apto ou non apto.

2º.1.3.- Espazo confinado:

Lugar/terreo: Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.

Material: E.P.I. de intervención nivel 1.

Desenvolvemento.- O executante fará un recorrido nun espazo confinado de entre 30 e 40 m³ sen visibilidade, no que deberá entrar, localizar unha vítima/boneco e trasladalo fora. A vítima boneco terá un peso de 48kg para mulleres e 60kg para homes.

Regras.-

O executante entrará ao labirinto por unha porta de acceso e deberá saír por outra distinta, de saída. Non poderá desprenderse durante toda a execución da proba, de ningún dos elementos que configuran o EPI.

Deberá executar as accións que no seu caso propoña o tribunal, que serán as mesmas para todas as persoas aspirantes.

Intentos.- Un só intento. Haberá un tempo máximo de execución de 6 minutos, se a persoa executante non remata o exercicio darase como non apta.

Valoración da proba: Cualificarase como apto ou non apto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

2º.1.4.- Proba: 400 m lisos.

Obxectivo.- medir a resistencia anaeróbica láctica.

Material.- Instalacións de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Desenvolvemento.- Estableceranse as quendas que o órgano de selección estime oportuno, asignándose unha rúa a cada participante, sendo as voces de mando a utilizar dúas: 1. "Aos seus postos". A esta voz as persoas aspirantes deberán ocupar a súa posición detrás da liña de saída da súa respectiva rúa. A posición de saída será a seguinte: deberá situarse detrás da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que a persoa xuíz comprobe que todos os participantes están na posición axeitada. Se un/unha participante se move antes da detonación considerarase a saída falsa, dando a persoa xuíza de saída o disparo definitivo só cando comprobe que todos os participantes adoptaron a posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando a persoa participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco. É nulo se a persoa aspirante interfere na carreira doutro. Á persoa interferida permíteselle un intento máis e anotarase o mellor tempo.

Intentos.- Un só intento.

Valoración da proba.- Puntuarase de 1 a 10 puntos segundo baremo:

	400	
	H	M
1	1'03"	1'07"5
2	1'02"	1'07"
3	59"6	1'06"5
4	58"8	1'06"
5	58"2	1'05"5
6	57"5	1'05"
7	57"	1'04"
8	56"5	1'03"5
9	56"	1'03"
10	55"5	1'02"5

2º.1.5.- Proba: Velocidade 10x5 metros.

Obxectivo: medir a velocidade de desprazamento e a axilidade.

Lugar/terreo: Instalación cuberta. Superficie plana que non esvarre, con dúas liñas paralelas con cinco (5) metros de distancia entre elas.

Material.- tres (3) persoas xuízas cronometradoras profesionais por persoa executante, eliminándose a peor e a mellor marca.

Desenvolvemento.-

- Posición inicial: a voz de "aos seus postos" as persoas executantes colocaranse detrás da liña de saída. Á voz de "listas" adoptarán unha posición estable de saída.

- O sinal de "xa" correrá a máxima velocidade ata pisar a liña contraria, e repetirá isto ata pisar cinco (5) veces cada unha das liñas.

- Remate: ao pasar no último ciclo a liña de saída, e pisar inmediatamente despois da liña.

Regras.-

- Débese pisar cada liña, en caso de no pisar unha liña cualificarase o exercicio como non apto.

- No último ciclo, o final do exercicio será efectivo ao pisar o chan despois da liña de saída.

Intentos.- Haberá dous intentos por persoa participante, pasando todas elas nunha primeira ronda e despois pasarán á segunda as que no realizasen a máxima puntuación ou tivesen un primeiro intento cualificado como non apto.

Valoración da proba.- Medirase en segundos e décimas de segundo e puntuarase de 1 a 10 puntos segundo baremo:

	10x5	
	H	M
1	21'31	24"17
2	20"80	23"16
3	19"30	22"15
4	18"79	21"15
5	17"29	20"64
6	16"78	20"14
7	16"48	19"13
8	16"18	18"63
9	15"88	18"13
10	15"08	17"62

2º.1.6.- Proba: Carreira 2000 m:

Obxectivo.- Medir a resistencia aeróbica.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Material.- Instalación de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Desenvolvemento.- Estableceranse as tandas que o órgano de selección estime oportuno. As persoas aspirantes situaranse por orde a tres metros da liña de saída, e a única voz que se utilizará é a de "Aos seus postos", neste intre deberá situarse detras da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que a xuíz comprobe que todas as persoas participantes están na posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando a persoa participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco.

Intentos.- Un só intento.

Valoración da proba.- Medirase en segundos e décimas de segundo e puntuarase de 1 a 10 puntos segundo baremo:

	2000	
	H	M
1	8'19"9	11'22"3
2	8'00"4	10'58"8
3	7'48"4	10'35"2
4	7'32"6	10'11"7
5	7'22"1	10'
6	7'16"8	9'42"3
7	7'11"5	9'24"7
8	7'06"8	9'12"9
9	6'55"8	8'49"4
10	6'50"52	8'37"6

2º.1.7.- Proba natación 100 m.

Material.- Piscina municipal, cronometraxe manual ou eléctrica conforme á normativa da Federación Galega de Natación.

Para a valoración deste exercicio o Órgano de Selección contará co asesoramento de profesionais cronometradoras oficiais da Federación Galega de Natación.

Desenvolvemento.- A aspirante nadará no seu estilo preferido a distancia de 100 m. en piscina. Á voz de "xa" comezará a proba que finalizará no momento no que a persoa executante toque a parede da piscina do lugar de saída.

Regras.- durante a proba deberá tocarse a parede dos extremos da piscina. A indumentaria para a execución da proba consistirá en bañador, gorro e lentes, unicamente. Non se permitirá a utilización de elementos que faciliten a acción de nadar.

Intentos.- Un só intento.

Valoración da proba.- Medirase en segundos e décimas de segundo e puntuarase de 1 a 10 puntos segundo baremo:

	natación	
	H	M
1	1'30"8	1'36"00
2	1'29"8	1'35"00
3	1'28"8	1'33"00
4	1'27"8	1'32"00
5	1'26"8	1'31"00
6	1'25"4	1'30"00
7	1'24"4	1'29"00
8	1'23"4	1'28"00
9	1'22"4	1'27"00
10	1'19"00	1'25"00

2º.2.- Execución, puntuación e outras normas.

2º.2.1.- As probas realizaranse en 3 días, preferentemente consecutivos podendo habilitarse a tal efecto os sábados, domingos e festivos cando o estado de execución do proceso selectivo así o aconselle.

O primeiro día realizaranse as probas de corda e escaleira, a de velocidade e axilidade (10*5) e a de 400 metros.

O segundo día realizarase a proba dos 2.000 metros.

O terceiro día realizaranse as probas de equilibrio en altura, natación, desenvolvemento en espazo confinado.

Corresponde ao órgano de selección, respecto das probas a realizar o primeiro e terceiro días, a concreta orde de realización das mesmas debendo ditar e publicar a correspondente resolución con cando menos dous días de antelación.

Asimesmo, corresponde ao órgano de selección resolver calquera outras incidencias derivadas da aplicación das normas anteriores.

2º.2.2.- Na proba combinada de corda e escaleira, a non superación da primeira (corda) determinará a exclusión da persoa aspirante do procedemento de selección. Esa mesma



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

consecuencia resultará aplicable no caso de non acadar a puntuación mínima de 5 puntos na realización do exercicio da escaleira.

No resto das probas suxeitas a baremo de puntuación, quedará excluído do proceso selectivo as persoas aspirantes que non acaden a puntuación mínima (1 punto) nos respectivos casos.

A puntuación máxima alcanzable entre quen superen todas as probas de aptitude física é de 10 puntos, resultantes da media das cinco (5) probas puntuables, debendo as persoas aspirantes obter como mínimo cinco (5) puntos para resultar aptos e poder continuar no proceso selectivo.

2º.2.3.- Na sesión constitutiva, ou en todo caso antes da realización das probas de aptitude física o órgano de selección determinará os controis que proceda realizar sobre as persoas aspirantes en orde a comprobar a inexistencia da presenza no organismo de substancias prohibidas favorecedoras dunha vantaxe competitiva contraria aos principios igualdade, mérito e capacidade, segundo as normas do Consello Superior de Deportes dependente da Administración Xeral do Estado.

2º.2.4.- A concorrencia de público á realización das probas queda suxeita ás normas aplicables ás instalacións en que estas teñan lugar.

En todo caso, a presenza de público non permitirá a realización de manifestacións de ánimo, ou aprobación ou desaprobación respecto da actuación das persoas aspirantes ou do órgano de selección, nin se permitirá a súa gravación por medio audiovisual algún ao poder afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e a propia imaxe das persoas intervinentes.

A Presidencia do órgano de selección, asistida pola Secretaría do mesmo, advertirá antes de comenzo das probas do citado requisito ao público presente e no caso de contravención ordenará a expulsión do mesmo co concurso no seu caso das forzas e corpos de seguridade presentes ou reclamadas a tal fin.

2º.2.5.- Todas as persoas aspirantes deberán presentarse ás probas físicas provistas de roupa deportiva.

Terceiro exercicio.- Proba de lingua galega. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase como apta/ non apta.

A persoa aspirante que non obtivese a calificación de apta nesta proba quedará excluída do proceso selectivo.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Cuarto exercicio.- Probas psicotécnicas. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

As probas psicotécnicas estarán destinadas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes, así como a súa adecuación ás funcións que se van a desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Estas probas deberán obrigatoriamente efectuarse e valorarse por especialistas (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicoloxía clínica) e cualificaranse como apta ou non apta.

O órgano de selección deberá utilizar os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na súa realización.

As probas psicotécnicas constarán das seguintes probas:

1. Proba de intelixencia: destinada a medir a capacidade intelectual e psicomotriz das persoas aspirantes, no marco da mesma realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes:

- intelixencia xeral,
- comprensión e fluidez verbal,
- comprensión de ordes,
- razoamento cognitivo,
- atención discriminativa,
- resistencia á fatiga intelectual.

2. Probas de personalidade: destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das persoas aspirantes. Orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño das funcións a realizar, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes, descartándose, asimesmo, a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse necesariamente os aspectos que a continuación se relacionan:

- estabilidade emocional,
- autoconfianza,
- capacidade empática e interese polos demais,
- habilidades interpersoais,
- control axeitado da impulsividade,
- axuste persoal e social,
- capacidade de adaptación a normas,
- capacidade de afrontamento do estrés,
- motivación polo traballo a desempeñar.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico das persoas candidatas.

Deste modo, adicionalmente ás características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos:

- existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo;
- problemas de saúde;
- consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

3. Proba de clima laboral: realizarase unha valoración da comprensión realista do ambiente social dos grupos de traballo. Elaborarase un perfil das dimensións de relacións persoais, autorrealización e estabilidade emocional das persoas aspirantes.

Quinto exercicio.- Recoñecemento médico, no centro que se lle indique. Certificarase que a persoa aspirante non está incurso en ningunha das exclusións médicas recollidas no cadro que figura como Anexo II desta convocatoria, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

A toma de mostras farase inmediatamente despois da realización das probas físicas, aínda que o órgano de selección resérvase a posibilidade de convocar ás persoas aspirantes que considere oportuno para a realización de probas de control de dopaxe en calquera momento da realización do primeiro exercicio. A resistencia ou negativa expresa por parte da persoa aspirante a realizar dita proba, ou a súa non presentación a realización da mesma no lugar e tempo no que sexa convocada, de forma non xustificada validamente, suporá a exclusión inmediata do proceso selectivo.

VIII.- Orde de prelación das persoas aspirantes. Distribución da puntuación sobre a base 10.

A puntuación obtida na fase de concurso representará o 10 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida no primeiro exercicio representará o 50 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida no segundo exercicio (probas de aptitude física) representarán o 40 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

Concurso-oposición						
Concurso		Oposición				
Experiencia	Formación	Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exercicio	Quinto exercicio
0-6 puntos	0-4 puntos	Teórico	Aptitude física	Lingua galega	Probas psicotécnicas	Recoñecemento médico
0-10 puntos		0-10 puntos	0-10 puntos	apto/non apto	apto/non apto	apto/non apto
10,00%		50,00%	40,00%			
10,00%		90,00%				

Así, no caso de obter 7,80 puntos no primeiro exercicio, 8,20 puntos no segundo exercicio e 8 puntos na fase de concurso, resultaría:

$$(8 \cdot 0,10) + (7,8 \cdot 0,50) + (8,20 \cdot 0,40) = 7,98 \text{ puntos sobre un total de 10 posibles.}$$

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

IX.- Curso selectivo.

Para acceder á condición de persoal funcionario de carreira as persoas aspirantes que tendo superado o procedemento de selección resulten nomeadas funcionarias en prácticas deberán superar un curso selectivo aprobado pola Xunta de Goberno Local, de contido teórico-práctico cun mínimo de 253 horas lectivas sobre as materias e demais esixencias propias dos citados postos deducidas do disposto:

3.1 Na Lei orgánica 5/2002, das Cualificacións e da Formación profesional.

3.2 No Real Decreto 1128/03 polo que establécese o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

3.3 No Real Decreto 34/08 polo que regulan os certificados de profesionalidade.

3.4 Polo Real Decreto 624/13 (Anexos I e II).

Normas todas elas que garanten unha competencia profesional plenamente axeitada ás esixencias dos postos convocados.

De conformidade co previsto na base 14ª das xerais, a persoa aspirante aprobada, unha vez achegada toda a documentación esixida, será nomeada funcionaria en prácticas, e percibirá as retribucións que legalmente correspondan á dita situación, e deberán superar o curso teórico-práctico antes do seu nomeamento definitivo como funcionario/a de carreira.

Serán causas que impidan a superación do curso as seguintes:

- Incorrer en tres faltas consecutivas ou cinco alternas de asistencia sen causa xustificada.
- A notoria e constante falta de puntualidade no cumprimento do horario de entrada e saída.
- Que nas revisións médicas que se lle poidan practicar en calquera momento durante o curso, se comprobe a aparición dalgunha das causas de exclusión que figuran no Anexo II.
- Non superar a metade da puntuación total establecida para o curso, que será como máximo de 10 puntos.
- Faltar ao curso máis dun terzo das xornadas lectivas, sempre que resultando xustificadas non se recuperen na forma establecida pola comisión de avaliación que se regula a continuación.

A Concellería competente en materia de persoal, previa proposta técnica designará unha Comisión de Avaliación, integrada por:

Presidencia: un/unha funcionario/a do grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación do Concello de Vigo.

Secretaría: Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría ou un/unha técnico/a de Administración xeral (rama xurídica), subgrupo A1.

Vogais: A xefatura do Servizo de Extinción de Incendios ou suboficial, un/unha suboficial ou un/unha cabo do Servizo de Extinción de Incendios.

Dúas persoas funcionarias de carreira da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo, incluídos no Subgrupo A1 ou A2 de titulación ou persoal funcionario de carreira da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Administración do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais do subgrupo A1 ou A2 de titulación, que pertenza ao ámbito de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

A Comisión terá por misión avaliar o curso selectivo descrito, considerando os informes de avaliación emitidos polas docentes, podendo efectuar calquera actuación complementaria necesaria para efectuar a proposta final. En todo caso, os criterios obxectivos e a motivación da decisión deberá quedar incorporada ás actas correspondentes.

X.- Programa específico

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

Parte Xeral

Tema 1.- Referencia aos principios xerais e contido da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia. O municipio: concepto e elementos esenciais. Breve referencia ás competencias municipais.

Tema 2.- O procedemento administrativo local. A Administración electrónica. Comunicacions e notificacións.

Tema 3.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Tema 4.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

Parte específica

Tema 5.- Cambios de estado da materia: fases e estado da materia. Punto fusión. Presión de vapor e punto de ebulición. Calor específico e calor latente. Densidade e viscosidade. Solubilidade. Condutividade eléctrica. Coeficiente de transmisión de calor. Acidez e basicidade. Inflamabilidade.

Tema 6.- Concepto de combustión. Enerxía de activación. Velocidade de propagación. Termodinámica.

Tema 7.- Hidráulica básica. Propiedades dos Fluídos. Presión. Presión atmosférica. Unidades de presión. Aparatos de medida. Lis fundamentais da hidrostática. Leis fundamentais da hidrodinámica. Perda de carga. Golpe de ariete. Bombas máis usada no servizo de bombeiros. Normativa e material relacionada.

Tema 8.- Extinción de incendios no interior de edificios. Consideracións xerais. Riscos no traballo e incendios no interior. Incendios limitados polo combustible e pola ventilación. Influencia do combustible e do recinto. Tácticas de intervención, xeneralidades. Técnicas de mergullo en fume, xeneralidades. Ventilación aplicada á loita contra o lume e consideracións que afectan á decisión de ventilar. Técnicas de ventilación, xeneralidades. Material e normativa relacionada coa extinción de incendios no interior.

Tema 9.- Extinción incendios na industria. Características principais. Técnicas de extinción, xeneralidades. Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.

Tema 10.- Extinción de incendios forestais. Características principais. Causas. Fases da combustión. Propagación do incendio forestal. Os combustibles forestais. Clases de lumes forestais. Factores do comportamento do lume. Desenvolvemento da extinción. Análise da situación e plan de ataque. Liñas de defensa. Seguridade do persoal. Precaucións xerais. Material e normativa relacionada.

Tema 11.- Materias perigosas: Tipos de materia perigosa: explosivas, inflamables, comburentes, tóxicas, radioactivas, corrosivas. Clasificación das materias. Códigos de identificación. Códigos de perigo.

Tema 12.- Equipos de excarceración: diferentes tipos de ferramenta.

Tema 13.- Aparatos extintores de incendios. Fixos e portátiles, definición, clasificación e identificación. Mantemento e normativa aplicable".

Tema 14.- Elementos estruturais dun edificio.

Tema 15.- Código Técnico da Edificación: Documento Básico de Seguridade contra incendios. Apeos e apuntamentos: definicións e características, tipos, lesións, máis frecuentes nos edificios, ferramentas e materiais máis empregados, organización dos traballos. Derrubes na edificación.

Tema 16.- Equipos de protección persoal: Protección respiratoria para bombeiros, riscos respiratorios para os bombeiros, tipos e compoñentes dos equipos de protección respiratoria normativa. Vestimenta: casco, capuz protector, chaquetón e cubrepantalón, botas, luvas, equipos especiais para protección do bombeiro, niveis de protección, normativa relacionada.

Tema 17.- Vehículos contra incendios e de salvamento. Normativa aplicable. Vehículos contra incendios e de servizos auxiliares. Normativa aplicable. Outros vehículos empregados polo servizo de bombeiros. Normativa aplicable.

Tema 18.- Primeiros auxilios. Atención a feridos: síntomas, tratamento, traslados. Apósitos e vendaxes. Métodos de respiración artificial. Masaxe cardíaca. Transporte de accidentados. Queimaduras. Accidentes con múltiples vítimas, triage. Politraumatizados. Síndrome do aplastamento, efectos, tratamento preventivo, actuación.

Tema 19.- Prevención de riscos no traballo. Normativa aplicable.

Tema 20.- Sistemas de comunicación de emerxencias. Organización e características. Sistemas PMR: configuración e vantaxes fronte a outros sistemas de acceso público. Sistemas TETRA.

ANEXO I CONTIDO CERTIFICADO MÉDICO

D. _____ , nº de Colexiado
_____ ,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

CERTIFICO que,

Don/Dona _____ con DNI nº _____, non padece nin enfermidade nin limitación física que impida a realización das probas físicas esixidas para o acceso para ás prazas de bombeira/o correspondentes ás OEP 2020, 2021 e 2022 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data _____.

ANEXO II EXCLUSIÓNS MÉDICAS

1.- Exclusións circunstanciais.

Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións de bombeira/o.

Nestes casos o tribunal médico poderá fixar un novo prazo para comprobar o estado de saúde do/a aspirante, ó final do cal o propio tribunal certificará se desapareceron os motivos da exclusión circunstancial.

2.- Exclusións definitivas:

2.1. Ollo e visión.

2.1.1. Agudeza visual sen corrección inferior ós dous terzos da visión normal en ambos os dous ollos.

2.1.2. Queratotomía radial.

2.1.3. Desprendemento e retina.

2.1.4. Estrabismo.

2.1.5. Hemianopsias.

2.1.6. Discromatopsias.

2.1.7. Calquera outro proceso patolóxico que, a xuízo do tribunal médico, dificulte de maneira importante a agudeza visual.

2.2. Oído e audición:

Agudeza auditiva que supoña unha perda entre 1.000 e 3.000 hertzios a 35 decibelios, ou de 4.000 hertzios a 45 decibelios.

2.3. Outras exclusións:

2.3.1. Aparello locomotor. Alteracións do aparello locomotor que limiten ou dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro, ou que poidan agravarse, a xuízo do tribunal médico, co desempeño do posto de traballo. (Patoloxía ósea de extremidades, retraccións ou limitacións funcionais de causa muscular ou articular, defectos de columna vertebral e outros procesos óseos, musculares e articulares).

2.3.2. Aparello dixestivo. Úlcera gastro-duodenal e calquera outro proceso dixestivo que, a xuízo do tribunal médico, dificulte o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.3. Aparello cardiovascular. Hipertensión arterial de calquera causa, non se deberá sobrepasar as cifras en repouso de 145mm/hg en presión sistólica, e 90 mm/hg en presión diastólica; varices ou insuficiencia venosa periférica, así como, calquera outra patoloxía ou lesión cardiovascular que, a xuízo do tribunal médico, poida limitar o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.4. Aparello respiratorio. Asma bronquial, a broncopatía crónica obstrutiva, o neumotorax espontáneo (en máis dunha ocasión), a tuberculose pulmonar activa e outros procesos do aparello respiratorio que dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.5. Sistema nervioso. Epilepsia, depresión, xaquecas, tremor de calquera causa, alcoholismo, toxicomanías e outros procesos patolóxicos que dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.6. Pel e faneras. Psoriase, eccema, cicatrices que produzan limitación funcional e outros procesos patolóxicos que dificulten ou limiten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.7. Outros procesos patolóxicos. Diabetes, enfermidades transmisibles en actividade, enfermidade de transmisión sexual, enfermidades inmunolóxicas sistémicas, intoxicacións crónicas, hemopatías graves, malformacións conxénitas, psicose e calquera outro proceso patolóxico que a xuízo do tribunal médico, limite ou incapacite para o exercicio da función de bombeiro.

Respecto á exclusión por toxicomanía ou alcoholismo, a que se refire o apartado 2.3.5., procederáse no primeiro caso, se se comproba a existencia de metabolitos de drogas de abuso, e no segundo caso, se se detecta unha cantidade de alcohol no sangue superior a 0,5 gr/dl.

ANEXO III - PERFIL PSICOLÓXICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO

Tendo en conta as funcións que debe realizar o servizo de Extinción de Incendios, os test irán dirixidos a excluír ás persoas aspirantes con anomalías respecto ao perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traduce nas seguintes:

Aptitudes mentais:

- Razoamento verbal
- Razoamento abstracto
- Razoamento mecánico
- Razoamento espacial
- Atención e resistencia a fatiga
- Intelixencia xeral

Personalidade

- Autocontrol dos impulsos e emocións
- Serenidade
- Estabilidade emocional
- Sentido da disciplina e da autoridade
- Desenvolvemento de condutas cooperativas
- Capacidade de integración no grupo
- Capacidade empática e de manexo da relación interpersonal
- Capacidade a automotivación
- Seguridade en si mesmo.-Firmeza persoal
- Capacidade práctica e realista
- Sentido da iniciativa
- Neutralidade efectiva no exercicio profesional



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Características do test actitudinal: Para a avaliación das probas actitudinais son factores preferentes a ter en conta, de acordo co orde de importancia que se expresa a continuación:

1.- Autocontrol. 2.- Serenidade. 3.-Estabilidade emocional. 4.-Capacidade empática e manexo das relacións interpersoais. 5.- Sentido da disciplina e autoridade.6.-Desenvolvemento de condutas corporativas e capacidade de integración. 7.- Seguridade e firmeza persoal. 8.-Sentido da iniciativa. 9.- Neutralidade profesional. 10.- Calquera outros de análoga significación aos anteriormente referidos.

A calificación desta proba será de apta ou non apta, debendo superar como mínimo a aspirante, no caso dos factores aptitudinais 4 dos 6 factores a medir, debendo superar en todos os casos o factor de intelixencia xeral.

O órgano de selección co apoio e asistencia obrigatoria de persoas asesoras especializadas (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicoloxía clínica), fixará uns criterios mínimos antes da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluirán á persoa aspirante, debendo figurar os mesmos na correspondente acta, así como o correspondente informe do especialista indicado.

3.- CONDUTOR/A-BOMBEIRO/A

I.- Número de prazas: 7

II.- Características.

Enmarcadas no Subgrupo C2 de titulación, escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios; categoría, condutor/a-bombeiro/a. Estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes o subgrupo C2 de titulación e as complementarias propias do posto de condutor/a-bombeiro/a.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de concurso-oposición libre, de conformidade co previsto nas bases xerais e específicas das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

IV.- Condicións das persoas aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de graduada en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e en posesión do carné de conducir da clase C + E, na data de finalización do prazo regulamentario de presentación de solicitudes.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

Deberán presentar perante o órgano de selección, na data de realización do terceiro exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por persoa que teña a condición de médico/a colexiado/a en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que a aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO I das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso selectivo.

V.- Identificación das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes comparecerán ás diferentes probas previstas do seu DNI-NIE, que poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

VI.- Fase de concurso.

1.- Experiencia: Ter prestado servizos como bombeiro, bombeiro-condutor ou bombeiro especialista en calquera administración pública como profesional e sen sanción por falta grave ou moi grave: 0,10 por mes de traballo ata un máximo de 6 puntos.

2.- Formación: Por participación en cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas (I, II, III e IV AFCAP), dentro do seu labor de formación e capacitación permanente do persoal, Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ou outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos, cursos incluídos nos plans anuais de formación do concello, sempre que o certificado de asistencia o expida o concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados, ata un máximo de 4 puntos.

Se se trata de persoal de oficios tamén computarán como mérito os cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou organismo que o substitúa nas distintas comunidades autónomas sempre que teñan relación directa coas funcións do posto ao que se aspira. Así mesmo, tamén poderán avaliarse os impartidos por outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos propios de cada oficio e os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM) impartidos por sindicatos ou confederación de empresarios, sempre e cando teñan relación coas funcións do posto ao que se aspira.

- Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

- Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

Para que os cursos poidan ser avaliados deberán ter relación directa coas funcións dos postos aos que poidan ser adscritos os titulares da praza, relación que establecerá motivadamente o órgano de selección na sesión na que teña lugar a valoración dos méritos das persoas aspirantes na fase de concurso.

As puntuacións incorporaranse á suma final da obtida durante a fase de oposición e non poderá ser superior a 10 puntos.

VII.- Fase de oposición.

Primeiro exercicio.- Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 50 preguntas como mínimo e 70 como máximo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- Probas de aptitude física. Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización das seguintes probas físicas:

2º.1.1.- Proba combinada: trepa de corda e dominadas en barra horizontal.

Lugar/terreo: Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.

Material.- Unha barra fixa/escaleira horizontal, de ximnasia deportiva.

Desenvolvemento.-

- Subir e baixar a pulso unha corda lisa de seis metros (cinco metros para as mulleres), sen axuda dos pes e sen impulso dende a posición de sentado, subindo sen deixar os pes tocando no chan. Un só intento.- Tras un descanso de 30 segundos o/a aspirante deberá pasar unha escaleira horizontal en altura de barrote en barrote collendo cada un cunha soa man e sen soltarse realizar un mínimo de flexións consecutivas no derradeiro chanzo da escaleira, segundo baremo, brazos totalmente estendidos, en posición agarre prono (palmas das mans mirando hacia abaixo) e deberá superar o queixo a barra; non se permite balanceo na realización das flexións.

- Posición inicial: Suspendido da barra coas palmas da má n cara adiante. Brazos e pernas extendidas. Os pés sen tocar o chan.

- Execución: Levantar o corpo cos brazos até que o queixo sobrepase a barra. Baixar o corpo ata que os brazos queden completamente estendidos. Pódese repetir o exercicio tantas veces como se poida.

Regras.- A flexión non é un movemento de lategazo, non se poden levantar os xeonllos. Non se permite dar impulso sacudindo as pernas. Non se permite o balanceo do corpo. O movemento de flexo-extensión deberá de sé-lo máis uniforme posible. O queixo non pode toca-la barra e debe supera-la mesma. Se unha repetición se realiza con algunha destas anomalías, non se contará.

Intentos.- Un só intento.

Valoración da proba: A non superación da trepa da corda determinará a exclusión da persoa aspirante do procedemento selectivo. Igualmente, é motivo de exclusión non acadar a puntuación mínima de 5 puntos na realización do exercicio da escaleira. Cualificarase de 5 a 10 puntos segundo baremo:

	combinada	
	H	M
1		
2		
3		
4		
5	11	6
6	12	7
7	13	8
8	15	9
9	17	11
10	19	1

2º.1.2.- Equilibrio en altura:

Lugar/terreo.- Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.

Material,- estada normalizada, corda de seguridade, táboa de 500 x 20 x 7cm (longo, ancho, espesor) e E.P.I. (Equipo de Protección Individual) para traballo vertical.

Desenvolvemento.-

- Posición inicial : a persoa executante partirá do segundo piso da torre de manobras (altura aproximada entre 7m e 10 m) cando se lle ordene.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

- Desenvolvemento: desprazarase pola táboa , transportando un balón medicinal, ida e volta. O peso dos balóns medicinais serán de 3 kg para as mulleres e de 5 kg para os homes.

- Remate: ao completar o percorrido de ida e volta.

Regras.-

- O desprazamento farase en bipedestación e sempre cara diante.

- Ao final da táboa traspasarase unha marca situada no mesmo e fase un xiro de cento oitenta (180) grados sen tocar con ningunha parte do corpo a estada de suxeición.

- Non poderá suxeitarse en ningún momento a liña de vida de seguridade á que irá fixado.

- Non poderá soltar o balón medicinal en ningún momento do desenvolvemento da proba.

Intentos.- Dous intentos.

Valoración da proba: Cualificarase como apto ou non apto.

2º.1.3.- Espazo confinado:

Lugar/terreo: Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.

Material: E.P.I. de intervención nivel 1.

Desenvolvemento.- O executante fará un recorrido nun espazo confinado de entre 30 e 40 m³ sen visibilidade, no que deberá entrar, localizar unha vítima/boneco e trasladalo fora. A vítima boneco terá un peso de 48kg para mulleres e 60kg para homes.

Regras.-

O executante entrará ao labirinto por unha porta de acceso e deberá saír por outra distinta, de saída. Non poderá desprenderse durante toda a execución da proba, de ningún dos elementos que configuran o EPI.

Deberá executar as accións que no seu caso propoña o tribunal, que serán as mesmas para todas as persoas aspirantes.

Intentos.- Un só intento. Haberá un tempo máximo de execución de 6 minutos, se a persoa executante non remata o exercicio darase como non apta.

Valoración da proba: Cualificarase como apto ou non apto.

2º.1.4.- Proba: 400 m lisos.

Obxectivo.- medir a resistencia anaeróbica láctica.

Material.- Instalacións de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Desenvolvemento.- Estableceranse as quendas que o órgano de selección estime oportuno, asignándose unha rúa a cada participante, sendo as voces de mando a utilizar dúas: 1. "Aos seus postos". A esta voz as persoas aspirantes deberán ocupar a súa posición detrás da liña de saída da súa respectiva rúa. A posición de saída será a seguinte: deberá situarse detrás da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que a persoa xuíz comprobe que todos os participantes están na posición axeitada. Se un/unha participante se move antes da detonación considerárase a saída falsa, dando a persoa xuíza de saída o disparo definitivo só cando comprobe que todos os participantes adoptaron a posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando a persoa participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco. É nulo se a persoa aspirante interfere na carreira doutro. Á persoa interferida permíteselle un intento máis e anotarase o mellor tempo.

Intentos.- Un só intento.

Valoración da proba.- Puntuarase de 1 a 10 puntos segundo baremo:

	400	
	H	M
1	1'03"	1'07"5
2	1'02"	1'07"
3	59"6	1'06"5
4	58"8	1'06"
5	58"2	1'05"5
6	57"5	1'05"
7	57"	1'04"
8	56"5	1'03"5
9	56"	1'03"
10	55"5	1'02"5

2º.1.5.- Proba: Velocidade 10x5 metros.

Obxectivo: medir a velocidade de desprazamento e a axilidade.

Lugar/terreo: Instalación cuberta. Superficie plana que non esvarre, con dúas liñas paralelas con cinco (5) metros de distancia entre elas.

Material.- tres (3) persoas xuízas cronometradoras profesionais por persoa executante, eliminándose a peor e a mellor marca.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Desenvolvemento.-

- Posición inicial: a voz de “aos seus postos” as persoas executantes colocaranse detrás da liña de saída. Á voz de “listas” adoptarán unha posición estable de saída.

- O sinal de “xa” correrá a máxima velocidade ata pisar a liña contraria, e repetirá isto ata pisar cinco (5) veces cada unha das liñas.

- Remate: ao pasar no último ciclo a liña de saída, e pisar inmediatamente despois da liña.

Regras.-

- Débese pisar cada liña, en caso de no pisar unha liña cualificarase o exercicio como non apto.

- No último ciclo, o final do exercicio será efectivo ao pisar o chan despois da liña de saída.

Intentos.- Haberá dous intentos por persoa participante, pasando todas elas nunha primeira ronda e despois pasarán á segunda as que no realizasen a máxima puntuación ou tivesen un primeiro intento cualificado como non apto.

Valoración da proba.- Medirase en segundos e décimas de segundo e puntuarase de 1 a 10 puntos segundo baremo:

	10x5	
	H	M
1	21'31	24"17
2	20"80	23"16
3	19"30	22"15
4	18"79	21"15
5	17"29	20"64
6	16"78	20"14
7	16"48	19"13
8	16"18	18"63
9	15"88	18"13
10	15"08	17"62

2º.1.6.- Proba: Carreira 2000 m:

Obxectivo.- Medir a resistencia aeróbica.

Material.- Instalación de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Desenvolvemento.- Estableceranse as tandas que o órgano de selección estime oportuno. As persoas aspirantes situaranse por orde a tres metros da liña de saída, e a única voz que se utilizará é a de "Aos seus postos", neste intre deberá situarse detrás da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que a xuíz comprobe que todas as persoas participantes están na posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando a persoa participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco.

Intentos.- Un só intento.

Valoración da proba.- Medirase en segundos e décimas de segundo e puntuarase de 1 a 10 puntos segundo baremo:

	2000	
	H	M
1	8'19"9	11'22"3
2	8'00"4	10'58"8
3	7'48"4	10'35"2
4	7'32"6	10'11"7
5	7'22"1	10'
6	7'16"8	9'42"3
7	7'11"5	9'24"7
8	7'06"8	9'12"9
9	6'55"8	8'49"4
10	6'50"52	8'37"6

2º.1.7.- Proba natación 100 m.

Material.- Piscina municipal, cronometraxe manual ou eléctrica conforme á normativa da Federación Galega de Natación.

Para a valoración deste exercicio o Órgano de Selección contará co asesoramento de profesionais cronometradoras oficiais da Federación Galega de Natación.

Desenvolvemento.- A aspirante nadará no seu estilo preferido a distancia de 100 m. en piscina. Á voz de "xa" comezará a proba que finalizará no momento no que a persoa executante toque a parede da piscina do lugar de saída.

Regras.- durante a proba deberá tocarse a parede dos extremos da piscina. A indumentaria para a execución da proba consistirá en bañador, gorro e lentes, unicamente. Non se permitirá a utilización de elementos que faciliten a acción de nadar.

Intentos.- Un só intento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Valoración da proba.- Medirase en segundos e décimas de segundo e puntuarase de 1 a 10 puntos segundo baremo:

	natación	
	H	M
1	1'30"8	1'36"00
2	1'29"8	1'35"00
3	1'28"8	1'33"00
4	1'27"8	1'32"00
5	1'26"8	1'31"00
6	1'25"4	1'30"00
7	1'24"4	1'29"00
8	1'23"4	1'28"00
9	1'22"4	1'27"00
10	1'19"00	1'25"00

2º.2.- Execución, puntuación e outras normas.

2º.2.1.- As probas realizaranse en 3 días, preferentemente consecutivos podendo habilitarse a tal efecto os sábados, domingos e festivos cando o estado de execución do procedeso selectivo así o aconselle.

O primeiro día realizaranse as probas de corda e escaleira, a de velocidade e axilidade (10*5) e a de 400 metros.

O segundo día realizarase a proba dos 2.000 metros.

O terceiro día realizaranse as probas de equilibrio en altura, natación, desenvolvemento en espazo confinado.

Corresponde ao órgano de selección, respecto das probas a realizar o primeiro e terceiro días, a concreta orde de realización das mesmas debendo ditar e publicar a correspondente resolución con cando menos dous días de antelación.

Corresponde asimismo ao órgano de selección resolver cantas incidencias se presenten en relación coa aplicación das normas anteriores.

2º.2.2 Na proba combinada de corda e escaleira, a non superación da primeira (corda) determinará a exclusión da persoa aspirante do procedemento selectivo. Esa mesma consecuencia resultará aplicable no caso de non acadar a puntuación mínima de 5 puntos na realización do exercicio da escaleira.

No resto das probas suxeitas a baremo de puntuación, quedará excluída do procedemento selectivo a persoa aspirante que non acade a puntuación mínima (1 punto) nos respectivos casos.

A puntuación máxima alcanzable entre quen superen todas as probas de aptitude física é de 10 puntos, resultantes da media das cinco (5) probas puntuables, debendo as aspirantes obter como mínimo cinco (5) puntos para resultar aptas e poder continuar no proceso selectivo.

2º.2.3.- Na sesión constitutiva, ou en todo caso antes da realización das probas de aptitude física o órgano de selección determinará os controis que proceda realizar sobre as aspirantes en orde a comprobar a inexistencia da presenza no organismo de sustancias prohibidas favorecedoras dunha ventaxa competitiva contraria aos principios igualdade, mérito e capacidade, segundo as normas do Consello Superior de Deportes dependente da Administración Xeral do Estado.

2º.2.4.- A concorrencia de público á realización das probas queda suxeita ás normas aplicables ás instalacións en que estas teñan lugar.

En todo caso, a presenza de público non permitirá a realización de manifestacións de ánimo, ou aprobación ou desaprobación respecto da actuación dos aspirantes ou do órgano de selección, nin se permitirá a súa gravación por medio audiovisual algún ao poder afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e a propia imaxe das persoas intervintes.

A Presidencia do órgano de selección, asistida pola Secretaría do mesmo, advertirá antes de comenzo das probas do citado requisito ao público presente e no caso de contravención ordenará a expulsión do mesmo co concurso no seu caso das forzas e corpos de seguridade presentes ou reclamadas a tal fin.

2º.2.5.- Todas as persoas aspirantes deberán presentarse ás probas físicas previstas de roupa deportiva.

Terceiro exercicio.- Coñecemento da lingua galega. Obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase como apta/ non apta.

A persoa aspirante que non obtivese a calificación de apta nesta proba quedará excluída do proceso selectivo.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Cuarto exercicio.- Circuito de percorrido aberto. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

A única proba será o circuito de percorrido aberto que se calificará como apta ou non apta. Este percorrido será proposto polo tribunal e terá un tempo superior a 50 minutos. Proba onde se valorará a eficiencia, soltura e seguridade que debe amosar a persoa condutora sobre o manexo do vehículo polo circuito proposto polo órgano de selección.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Para a realización deste exercicio deberán comparecer provistas do permiso de condución esixido. O órgano de selección declarará excluída do proceso selectivo á persoa aspirante que non cumpra os requisitos esixidos nestas bases, respecto do dito permiso.

Para a valoración deste exercicio o Órgano de selección contará co asesoramento de persoal técnico da Dirección Xeral de Tráfico.

Quinto exercicio.- Probas psicotécnicas, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

As probas psicotécnicas estarán destinadas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes, así como a súa adecuación ás funcións que se van a desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Estas probas deberán obrigatoriamente efectuarse e valorarse por especialistas (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicloxía clínica) e cualificarse como apta ou non apta.

O órgano de selección deberá utilizar os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na súa realización.

As probas psicotécnicas constarán das seguintes probas:

1. Proba de intelixencia: destinada a medir a capacidade intelectual e psicomotriz das persoas aspirantes, no marco da mesma realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes:

- intelixencia xeral,
- comprensión e fluidez verbal,
- comprensión de ordes,
- razoamento cognitivo,
- atención discriminativa,
- resistencia á fatiga intelectual.

2. Probas de personalidade: destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das persoas aspirantes. Orientarase a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño das funcións a realizar, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes, descartándose, asimesmo, a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade. Exploraranse necesariamente os aspectos que a continuación se relacionan:

- estabilidade emocional,
- autoconfianza,
- capacidade empática e interese polos demais,
- habilidades interpersoais,
- control axeitado da impulsividade,
- axuste persoal e social,
- capacidade de adaptación a normas,
- capacidade de afrontamento do estrés,
- motivación polo traballo a desempeñar.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico das persoas candidatas.

Deste modo, adicionalmente ás características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos:

- existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo;
- problemas de saúde;
- consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación.

3. Proba de clima laboral: realizarase unha valoración da comprensión realista do ambiente social dos grupos de traballo. Elaborarase un perfil das dimensións de relacións persoais, autorrealización e estabilidade emocional das persoas aspirantes.

Sexto exercicio.- Recoñecemento médico, no centro que se lle indique. Certificarase que o aspirante non está incurso en ningunha das exclusións médicas recollidas no cadro que figura como Anexo II desta convocatoria, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

A toma de mostras farase inmediatamente despois da realización das probas físicas, aínda que o órgano de selección resérvese a posibilidade de convocar ás persoas aspirantes que considere oportuno para a realización de probas de control de dopaxe en calquera momento da realización do primeiro exercicio. A resistencia ou negativa expresa por parte da persoa aspirante a realizar dita proba, ou a súa non presentación a realización da mesma no lugar e tempo no que sexa convocada, de forma non xustificada validamente, suporá a exclusión inmediata do proceso selectivo.

VIII.- Orde de prelación das persoas aspirantes. Distribución da puntuación sobre a base 10.

A puntuación obtida na fase de concurso representará o 10 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida no primeiro exercicio representará o 50 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida no segundo exercicio (probas de aptitude física) representarán o 40 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos

Concurso-oposición							
Concurso		Oposición					
Experien- cia	Forma- ción	Primeiro exercicio	Segundo exercicio	Terceiro exercicio	Cuarto exerci- cio	Quinto exerci- cio	Sexto exerci- cio
0-6 pun- tos	0-4 pun- tos	Teórico	Aptitude física	Proba de con- ducción	Lingua galega	Probas psico- técni- cas	Reco- ñece- mento médico



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

0-10 puntos	0-10 puntos	0-10 puntos	apto/non apto	apto/non apto	apto/non apto	apto/non apto
10,00%	50,00%	40,00%				
10,00%	90,00%					

Así, no caso de obter 9 puntos na fase de concurso, 7,80 puntos no primeiro exercicio e 6,20 puntos no terceiro exercicio e, resultaría :

$$(9 \times 0,10) + (7,8 \times 0,50) + (9 \times 0,40) = 8,40 \text{ puntos sobre un total de 10 posibles.}$$

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

IX.-Curso selectivo.

Para acceder á condición de funcionarios de carreira os aspirantes que tendo superado o proceso selectivo resulten nomeados funcionarios en prácticas deberán superar un curso selectivo aprobado pola Xunta de Goberno Local, de contido teórico-práctico cun mínimo de 253 horas lectivas sobre as materias e demais esixencias propias dos citados postos deducidas do disposto:

- 3.5 Na Lei orgánica 5/2002 das Cualificacións e da Formación Profesional.
- 3.6 No Real Decreto 1128/03 polo que establécese o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- 3.7 No Real Decreto 34/08 polo que regulan os certificados de profesionalidade.
- 3.8 Polo Real Decreto 624/13 (Anexos I e II).

Normas todas elas que garanten unha competencia profesional plenamente axeitada ás esixencias dos postos convocados.

De conformidade co previsto na base 14ª das xerais, a persoa aspirante aprobada, unha vez achegada toda a documentación esixida, será nomeada funcionaria en prácticas, percibirá as retribucións que legalmente correspondan á dita situación, e deberán superar o curso teórico-práctico antes do seu nomeamento definitivo como funcionaria de carreira.

Serán causas que impidan a superación do curso as seguintes:

- Incurrir en tres faltas consecutivas ou cinco alternas de asistencia sen causa xustificada.
- A notoria e constante falta de puntualidade no cumprimento do horario de entrada e saída.
- Que nas revisións médicas que se lle poidan practicar en calquera momento durante o curso, compróbase a aparición dalgunha das causas de exclusión que figuran no Anexo II.
- Non supera a metade da puntuación total establecida para o curso, que será como máximo de 10 puntos.
- Faltar ao curso máis dun terzo das xornadas lectivas, sempre que resultando xustificadas non se recuperen na forma establecida pola comisión de avaliación que se regula a continuación.

A Concellería competente en materia de persoal, previa proposta técnica designará unha Comisión de Avaliación, integrada por:

Presidencia: un/unha funcionario/a do grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación do Concello de Vigo.

Secretaría: Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría ou un/unha técnico/a de Administración xeral (rama xurídica), subgrupo A1.

Vogais: A xefatura do Servizo de Extinción de Incendios ou suboficial, un suboficial ou un cabo do Servizo de Extinción de Incendios.

Dúas persoas funcionarias de carreira da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo, incluídos no Subgrupo A1 ou A2 de titulación ou funcionario de carreira da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou Entidades Locais do subgrupo A1 ou A2 de titulación, que pertenza ao ámbito de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

A Comisión terá por misión avaliar o curso selectivo descrito, considerando os informes de avaliación emitidos polas docentes, podendo efectuar calquera actuación complementaria necesaria para efectuar a proposta final. En todo caso, os criterios obxectivos e a motivación da decisión deberá quedar incorporada ás actas correspondentes.

X.-Programa específico.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

Parte xeral

Tema 1.- Referencia aos principios xerais e contido da Constitución española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia. O municipio: concepto e elementos esenciais. Breve referencia ás competencias municipais.

Tema 2.- O procedemento administrativo local. A Administración electrónica. Comunicacions e notificacións.

Tema 3.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Tema 4.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

Parte específica

Tema 5.- Cambios de estado da materia: fases e estado da materia. Punto fusión. Presión de vapor e punto de ebulición. Calor específico e calor latente. Densidade e viscosidade. Solubilidade. Condutividade eléctrica. Coeficiente de transmisión de calor. Acidez e basicidade. Inflamabilidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Tema 6.- Aparatos extintores de incendios. Fixos e portátiles, definición, clasificación e identificación. Mantemento e normativa aplicable".

Tema 7.- Hidráulica básica. Propiedades dos Fluídos. Presión. Presión atmosférica. Unidades de presión. Aparatos de medida. Leis fundamentais da hidrostática. Leis fundamentais da hidrodinámica. Perda de carga. Golpe de ariete. Bombas máis usada no servizo de bombeiros. Normativa e material relacionada.

Tema 8.- Materias perigosas: Tipos de materia perigosa: explosivas, inflamables, comburentes, tóxicas, radioactivas, corrosivas. Clasificación das materias. Códigos de identificación. Códigos de perigo.

Tema 9.- Vehículos contra incendios e de salvamento. Normativa aplicable. Vehículos contra incendios e de servizos auxiliares. Normativa aplicable. Outros vehículos empregados polo servizo de bombeiros. Normativa aplicable.

Tema 10.- Primeiros auxilios. Atención a feridos: síntomas, tratamento, traslados. Apósitos e vendaxes. Métodos de respiración artificial. Masaxe cardíaca. Transporte de accidentados. Queimaduras. Accidentes con múltiples vítimas. Triage. Politraumatizados. Síndrome do aplastamento, efectos, tratamento preventivo, actuación.

Tema 11.- Definición e clases de electricidade. Efectos sobre o ser humano. As intervenciónismo sinistros con riscos eléctricos.

Tema 12.- Bombas centrífugas: características compoñentes, normativa e funcionamento.

Tema 13.- O motor diésel e o motor gasolina. Sistema de alimentación gasolina e diesel. Novas normas de propulsión nos vehículos: híbridos, eléctricos, gases licuados do petróleo e hidróxeno.

Tema 14.- Chasis, carrozaría e suspensións.

Tema 15.- Sistema de dirección e freado dos vehículos.

Tema 16.- Sistemas eléctricos dos vehículos.

Tema 17.- Sistema de transmisión dos vehículos: embrague, caixa de cambios, diferencial e palieres.

Tema 18.- Sistemas de comunicación en emerxencias. Organización e características. Sistemas PMR: configuración e vantaxes fronte a outros sistemas de acceso público. Sistemas TETRA.

Tema 19.- Prevención de riscos no traballo. Normativa aplicable.

Tema 20.- Coñecemento do concello de Vigo: rúas e prazas principais. Emprazamento de edificios singulares e polígonos industriais. Situación de colexios, garderías, centros de saúde, hospitais, centros de maiores e outros lugares de interese.

ANEXO I
CONTIDO CERTIFICADO MÉDICO

D. _____, nº de
colexiado _____,

CERTIFICO que,

Don/Dona _____ con
DNI

nº _____, non padece nin enfermidade nin limitación física que impida a realización das probas físicas esixidas para o acceso para ás prazas de conductor/a-bombeiro/a. correspondentes ás OEP 2020-2021-2022 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data _____.

ANEXO II
EXCLUSIÓNS MÉDICAS

1.- Exclusiones circunstanciais.

Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións de conductor/a-bombeiro/a.

Nestes casos o tribunal médico poderá fixar un novo prazo para comprobar o estado de saúde da aspirante, ó final do cal o propio tribunal certificará se desapareceron os motivos da exclusión circunstancial.

2.- Exclusiones definitivas:

2.1. Ollo e visión.

2.1.1. Agudeza visual sen corrección inferior ós dous terzos da visión normal en ambos os dous ollos.

2.1.2. Queratotomía radial.

2.1.3. Desprendemento e retina.

2.1.4. Estrabismo.

2.1.5. Hemianopsias.

2.1.6. Discromatopsias.

2.1.7. Calquera outro proceso patolóxico que, a xuízo do tribunal médico, dificulte de maneira importante a agudeza visual.

2.2. Oído e audición:

Agudeza auditiva que supoña unha perda entre 1.000 e 3.000 hertzios a 35 decibelios, ou de 4.000 hertzios a 45 decibelios.

2.3. Outras exclusiones:

2.3.1. Aparello locomotor. Alteracións do aparello locomotor que limiten ou dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro, ou que poidan agravarse, a xuízo do tribunal médico,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

co desempeño do posto de traballo. (Patoloxía ósea de extremidades, retraccións ou limitacións funcionais de causa muscular ou articular, defectos de columna vertebral e outros procesos óseos, musculares e articulares).

2.3.2. Aparello dixestivo. Úlcera gastro-duodenal e calquera outro proceso dixestivo que, a xuízo do tribunal médico, dificulte o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.3. Aparello cardiovascular. Hipertensión arterial de calquera causa, non se deberá sobrepasar as cifras en repouso de 145mm/hg en presión sistólica, e 90 mm/hg en presión diastólica; varices ou insuficiencia venosa periférica, así como, calquera outra patoloxía ou lesión cardiovascular que, a xuízo do tribunal médico, poida limitar o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.4. Aparello respiratorio. Asma bronquial, a broncopatía crónica obstrutiva, o neumotorax espontáneo (en máis dunha ocasión), a tuberculose pulmonar activa e outros procesos do aparello respiratorio que dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.5. Sistema nervioso. Epilepsia, depresión, xaquecas, tremor de calquera causa, alcoholismo, toxicomanías e outros procesos patolóxicos que dificulten o desenvolvemento da función de bombeira/o.

2.3.6. Pel e faneras. Psoriase, eccema, cicatrices que produzan limitación funcional e outros procesos patolóxicos que dificulten ou limiten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.7. Outros procesos patolóxicos. Diabetes, enfermidades transmisibles en actividade, enfermidade de transmisión sexual, enfermidades inmunolóxicas sistémicas, intoxicacións crónicas, hemopatías graves, malformacións conxénitas, psicose e calquera outro proceso patolóxico que a xuízo do tribunal médico, limite ou incapacite para o exercicio da función de bombeira/o.

Respecto á exclusión por toxicomanía ou alcoholismo, a que se refire o apartado 2.3.5., procederase no primeiro caso, se se comproba a existencia de metabolitos de drogas de abuso, e no segundo caso, se se detecta unha cantidade de alcohol no sangue superior a 0,5 gr/dl.

ANEXO III PERFIL PSICOLÓXICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO

Tendo en conta as funcións que debe realizar o servizo de Extinción de Incendios, os test irán dirixidos a excluír ás persoas aspirantes con anomalías respecto ao perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traduce nas seguintes:

Aptitudes mentais:

- Razoamento verbal
- Razoamento abstracto
- Razoamento mecánico
- Razoamento espacial
- Atención e resistencia a fatiga
- Intelixencia xeral

Personalidade

- Autocontrol dos impulsos e emocións
- Serenidade
- Estabilidade emocional
- Sentido da disciplina e da autoridade
- Desenvolvemento de condutas cooperativas
- Capacidade de integración no grupo

- Capacidade empática e de manexo da relación interpersonal
- Capacidade a automotivación
- Seguridade en si mesmo.-Firmeza persoal
- Capacidade práctica e realista
- Sentido da iniciativa
- Neutralidade efectiva no exercicio profesional

Características do test actitudinal: Para la avaliación das probas actitudinales son factores preferentes a ter en conta, de acordo co orde de importancia que se expresa a continuación:

1.- Autocontrol. 2.- Serenidade. 3.-Estabilidade emocional. 4.-Capacidade empática e manexo das relacións interpersoais. 5.- Sentido da disciplina e autoridade.6.-Desenvolvemento de condutas corporativas e capacidade de integración. 7.- Seguridade e firmeza persoal. 8.-Sentido da iniciativa. 9.- Neutralidade profesional. 10.- Calquera outros de análoga significación aos anteriormente referidos.

A calificación desta proba será de apta ou non apta, debendo superar como mínimo a aspirante, no caso dos factores aptitudinales 4 dos 6 factores a medir, debendo superar en todos os casos o factor de intelixencia xeral.

O órgano de selección co apoio e asistencia obrigatoria de persoas asesoras especializadas (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicoloxía clínica), fixará uns criterios mínimos antes da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluirán á persoa aspirante, debendo figurar os mesmos na correspondente acta, así como o correspondente informe do especialista indicado.

7(583).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL. EXPTE. 1711/110.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/07/2024, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira-delegada de Recursos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 5 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión do posto de Xefe/a de Participación Cidadá e desenvolvemento local mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 12 de abril de 2024 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 72 as bases que rexe a convocatoria.

En data 31 maio de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 105 extracto da convocatoria.

En data 14 de xuño de 2024 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 144 anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

En data 17 de xullo de 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo consta no expediente, presentáronse os seguintes aspirantes

ASPIRANTE

DNI

ALVARO CRESPO CASAL
MARIA CARLA CANDIA PAZ

***1797**
***9745**

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar as lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas, fórmulase a seguinte a **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a de Participación Cidadá e desenvolvemento local

ADMITIDOS

ASPIRANTE

DNI

MARIA CARLA CANDIA PAZ

***9745**

EXCLUÍDOS

ASPIRANTE

DNI

MOTIVOS EXCLUSION

ALVARO CRESPO CASAL

***1797**

- Non presentación da instancia en modelo normalizado e modelo de “autobaremo” dos méritos xerais e específicos alegados na primeira fase aprobado por resolución de data 9 de maio de 2024 da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Festas, Contratación e Xestión Municipal (BOP núm. 63 de 1/04/2024).
- Falta de sinatura da memoria requirida no apartado cuarto(fase segunda)

SEGUNDO.- Requirit ao aspirante excluído para que no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación da lista de admitidos e excluídos no taboleiro de edictos e páxina web emende a documentación, indicándolle que poderá acceder ao modelo de instancia e autobaremo no seguinte enlace

https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga&tramitecc1=formularios&tramitecc2=sol_opo_subs_prov_postos

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(584).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE “SUBSTITUCIÓN DA CANALIZACIÓN DE ABASTECIMENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN NA AVDA. DE SAMIL. FASE 1” - PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 4045/440.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/07/2024, asinado polo técnico de Administración xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 21.06.2024 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de “SUSTITUCIÓN DE LA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN EN LA AVDA. DE SAMIL. FASE 1”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Trinidad López Rodríguez, cun orzamento de execución material de CENTO CORENTA E DOUS MIL OITOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (142.852,70 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de CENTO SESENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E CATRO EUROS con SETENTA E UN CÉNTIMOS (169.994,71 EUROS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 25/04/2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de “SUSTITUCIÓN DE LA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN EN LA AVDA. DE SAMIL. FASE 1” por un importe de 10.199,08 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	2.857,05 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	2.857,05 €
Coordinación de seguridade e saúde	Ruth Caballeira Martín (CIES ATLANTICO)	714,26 €
Control y Seguimiento Arqueológico	Alfonso Collazo Martinez	2.760,00 €
	SUMA	9.188,36 €
	11% Gastos de Xestión	1.010,72 €
	TOTAL (IVE excluído)	10.199,08 €

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Saldado e ao Xefe da Unidade Técnica de implantación de servizos na vía pública D. Jorge Muñoz Rama.

IV.- Con data 8 de xullo de 2024 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 4045-440
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 142.852,70 €
- Presuposto de contrata: 169.994,71 € (IVA excluído).
- Prazo de execución: 5 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL
- Coordinación de Seguridade y Salud: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)
- Seguimiento Arqueológico del proxecto: Alfonso Collazo Martínez.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguimento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL

de data 06.05.21 procedeuase a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente **SUSTITUCIÓN DE LA TUBERÍA DE ABASTECIMIENTO DE FIBROCEMENTO POR FUNDICIÓN EN LA AVDA. DE SAMIL. FASE 1** cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- *CCódigo do proxecto: Expte. 4045-440*
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 142.852,70 €
- Presuposto de contrata: 169.994,71 € (IVA excluído).
- Prazo de execución: 5 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: GALAICONTROL
- Coordinación de Seguridade y Salud: Ruth Carballeira Martín (CIES ATLÁNTICO)
- Seguimento Arqueolóxico do proxecto: Alfonso Collazo Martínez.

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Subvención nominativa a favor da “Comisión de Fiestas Nuestra Señora de las Nieves” para o financiamento da “Festa da Sardiña 2024” nas Festas da Guía. Expte 10196/335.
- .- Expediente de contratación do servizo e subministro para a realización dunha exposición belenística nas campañas de Nadal 2024-2025 e 2025-2026. expte.10070/106.
- .- Proxecto de convenio de colaboración coa Diocese de Tui-Vigo con motivo da festividade do Cristo da Victoria de Vigo 2024. Expte. 2365/150.
- .- Expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade do artista “CANTAJUEGO” dentro dos espectáculos de verán de Vigo en Festas 2024. Expte. 10184/335.
- .- Informe ao recurso especial presentado no procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito dependentes do servizo de Participación Cidadá. Expte. 3891/321.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da

Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

9(585).-SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA “COMISIÓN DE FIESTAS NUESTRA SEÑORA DE LAS NIEVES“ PARA O FINANCIAMENTO DA “FESTA DA SARDIÑA 2024” NAS FESTAS DA GUÍA. EXPTE 10196/335

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 23/07/2024 e o informe de fiscalización do 24/07/2024, sométese a aprobación o informe-prposta de data 23/07/2024, asinado polo enxeñeiro industrial (RA 22/09/2022) e conformado polo da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu o día 17 xullo de 2024, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.732.404)”, para a realización da “Festa da Sardiña 2024”, os días 27 e 28 de xullo, na Carballeira da Guía (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2024”.

A Festa Gastronómica da Sardiña ven organizándose nos últimos anos na Carballeira dentro do programa das Festas da Guía con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa o desenvolve a “Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.732.404)”, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

A “Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.732.404)”, está en condicións de organizar a Festa Gastronómica da Sardiña 2024, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa da Sardiña se desenvolverá os días 27 e 28 de xullo de 2024, co reparto das Sardiñas e do Pan de millo, actuacións de grupos folclóricos, entrega da Sardiña de ouro, concerto e verbena amenizada por grupos de música rock.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.732.404) asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3380.489.0004, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.732.404) para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento da Festa Gastronómica da Sardiña dentro do programa de Festas de Vigo 2024.

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 13.050,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da Sardiña.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade coas competencias que me atribúe a vixente lexislación (artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local) e facultades delegadas polo decreto da alcaldía de data 21 e 28 de xuño de 2023 e modificación de data 28 de xuño de 2024.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se probe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.732.404), para a organización da “Festa Gastronómica da Sardiña 2024”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da “Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.732.404)” con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0004 (Convenio C. Festas N. Señora da Guía, Festa da Sardiña) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA (G-36.731.404) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DA SARDIÑA 2024

Na Data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don ANGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 28/06/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Doutra, don JOSE GONDA FARIA, (DNI 36.007.546-B) como presidente da Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía CIF nº G-36.731.404 e enderezo social na rúa Travesía de Vigo, nº 210 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10196/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica da Sardiña 2024, que se desenvolverá o día sábado 27 e domingo 28 de xullo de 2024, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2024**” na Carballeira da Guía, dentro das Festas da Guía 2024. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica da Sardiña, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

IV.- O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades “Vigo en Festas 2024” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como o noso folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0004, (Convenio Festa da Sardiña) prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor da Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía para o desenvolvemento da Festa da Sardiña 2024.

IX.- A Comisión de Festas Nosa Señora das Neves non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e a Administración de Facenda e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo nin coa Xunta de Galicia, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 10196/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Festa Gastronómica da Sardiña 2024, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa da Sardiña 2024 que terá lugar na Carballeira da Guía os días 27 e 28 de xullo de 2024, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura, medios materiais e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.- Recoller e distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente de pago, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona da Carballeira da Guía que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo Municipal de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segunda.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Dar Publicidade á festa:

a) Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

b) Entregar o material co logo do Concellos de Vigo (lonas, plumas...)

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2024".

4º.- Conceder directamente á Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa da Sardiña 2024.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarta.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES68 2080 5063 3130 4002 2938 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido na cláusula novena.

Quinta.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

Sexta.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétima.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitava.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos a percibir, a Asociación deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

Novena.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Décima.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo primeira.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segunda.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceira.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarta.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinta.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada antes da súa publicación polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo xesta.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas Especiais nas propias actividades programadas.

Décimo sétima.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2024 e non será prorrogábel.

Décimo oitava.- O concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo novena.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vixésima.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento das festas populares, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Vixésimo primeira.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segunda.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo terceira.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en

materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, no lugar e data que se indican

10(586).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO E SUBMINISTRO PARA A REALIZACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN BELENÍSTICA NAS CAMPAÑAS DE NADAL 2024-2025 E 2025-2026. EXPTE.10070/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 24/07/2024 e o informe de fiscalización do 26/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/07/2024, asinado polo enxeñeiro industrial (RA 22/09/2022) e conformado polo concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución de data 18/01/2024 o concelleiro delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto mixto de servizos e subministro, a subministración, transporte, instalación, vixilancia, mantemento e desmorte dun Belén Monumental orientado a un público adulto e infantil nas Campañas do Nadal 2024-2025, 2025-2026, así como o control de accesos á exposición situada no edificio municipal da Casa das Artes en Vigo.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** do expediente de data 18/01/2024 asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio.

- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 18/01/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

- **Documentos económicos de retención de crédito** con operacións (RC 12024000096877 e RCFUT 12024000098878) asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria con data 23/05/2024.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 03/06/2024.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** (artigo 116.3 LCSP) (PPTP) asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio con data 03/06/2024.
- **Memoria económica do contrato** asinada polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais con data 03/06/2024.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais con data 21/06/2024.
- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato. asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación de data 08/07/2024 e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 09/07/2024.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación mixta, por procedemento aberto dunha Exposición Belenística durante as Campañas do Nadal 2024-2025 e 2025-2026, asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación de data e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23/07/2024.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato

nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2023 nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especias mediante resolución de data 18/01/2024 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto mixto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uníranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto mixto de servizos e subministro, a subministración, transporte, instalación, vixilancia, mantemento e desmorte dun Belén Monumental orientado a un público adulto e infantil nas Campañas do Nadal 2024-2025, 2025-2026, así como o control de accesos á exposición situada no edificio municipal da Casa das Artes en Vigo.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 03/06/2024, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23/07/2024.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 192.461,36 euros (o importe sen IVE é de 159.058,98 €; o IVE é de 33.402,38 euros); dos cales 79.640,51 euros corresponden á anualidade 2024 con cargo á partida orzamentaria 4310.2279901 (PROGRAMA DE DECORACIÓN E ANIMACIÓN DO NADAL), 96.230,68 euros á anualidade 2025 e 16.590,17 euros á anualidade do 2026.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(587).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO 2024. EXPTE. 2365/150.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 24/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/07/2024, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 09.07.2014 por Resolución da Alcaldía delegáronse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, as atribucións que sexan precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento do Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 17 de xullo de 2024 e a proposta da Diocese de Tui - Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a proposta de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para financiar a Festividade do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo, por importe de **49.949,85** euros.

En data 11 de xullo de 2024 a Diocese achega solicitude de subvención para o financiamento da actuación achegando ao efecto memoria da actividade, presuposto, declaración de non solicitude nin obtención de axudas, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación.

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida **9120.4800000** (Convenio Diócesis Tui-Vigo...), achegándose ao expediente a autorización da imputación do gasto asinada pola concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 22/01/2024 por importe de 51.000 euros (cincuenta e un mil euros) á referida aplicación orzamentaria dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estos efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no apoio ás actividades vinculadas coa celebración do Santísimo Cristo da Victoria, que contribúen á promoción cultural da nosa cidade, debido á gran afluencia de persoas que acoden ás celebracións, e na importancia destas na organización da procesión do Cristo da Victoria, símbolo indiscutible da nosa cidade.

A concesión da subvención directa instruméntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco.

Neste senso, conforme o sinalado no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consta memoria xustificativa da subvención. Así mesmo consta proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

Dita subvención instruméntase mediante sinatura de convenio específico para o financiamento das actividades relacionadas coa Festividade Santísimo Cristo da Victoria de Vigo por importe de **49.949,85 €** con cargo aos créditos orzamentarios na partida **9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...)** do presuposto municipal 2024.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023. Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na festividade do CRISTO DA VICTORIA DE VIGO (Anexo I)

SEGUNDO.- Aprobado e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de **49.949,85 €** imputándose á partida presupostaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...) do estado de gastos do presuposto.

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO 2024

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González na súa calidade de concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF :

P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, en virtude do Decreto de Delegación da Alcaldía-Presidencia de data 9 de xullo de 2024.

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diócese de Tui-Vigo, con NIF ***8257>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante “Diócese”

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese Tui - Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras, protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III- .- Que, o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou o convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diócese de Tui-Vigo para contribuír ao



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta de realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 17 de xullo de 2024 a proposta da Diócese de Tui - Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diócese de Tui-Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas coa festividade do Cristo da Victoria de Vigo.

V.- A Procesión do Santísimo Cristo da Victoria leva celebrándose en Vigo desde hai máis de douscentos anos, cando, tras a liberación da ocupación francesa, o 28 de marzo de 1809, a corporación municipal decidiu organizar anualmente unha procesión transportando a imaxe do Cristo polas rúas da cidade, acompañada das autoridades e do pobo. Inicialmente a procesión celebraríase o día da Reconquista pero desde o ano 1883 pasou a desenvolverse o primeiro domingo de agosto. Desde entón milleiros de persoas veñen participando nela con gran devoción, converténdose nun símbolo indiscutible da cidade converténdose por si mesma e, con independencia da súa transcendencia relixiosa, nun polo de atracción turístico da cidade, en canto a número de asistentes.

IV.- Que no orzamento do Concello consta a partida 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...) e que consta no expediente 2357-150, a autorización da imputación do gasto, asinada pola concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 22/01/2024, á seguinte aplicación orzamentaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...).

E, na súa virtude, ambas institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diocese de Tui-Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a festividade do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo comprométese a:

- a) Organizar o acto do Pregón do Santísimo Cristo da Victoria que terá lugar o sábado 3 de agosto de 2024 nos xardíns do Parque de Castrelos.
- b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.
- d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.
- e) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...).
- d) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 254/22702964 de UMAS Unión Mutua Asistencial Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.
- e) Xestionar medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- f) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- g) Publicitar as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- h) Comunicar á Concellería de Distritos as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

- i) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento total da execución dos traballos ascende a 49.949,85 euros.

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de 49.949,85 euros (IVE incluído) equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...), constando no expediente autorización da imputación do gasto asinada pola concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 22/01/2024.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o 1 de novembro de 2024. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de todos os xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Poderase substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

Os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria ABANCA da que é titular a entidade beneficiaria.

O Concello xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, tras a entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a achegada na solicitude non expirou no prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o importe da subvención fíxase como unha aportación certa, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebasara o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concellería queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 - RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

12 (588).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO ARTISTA “CANTAJUEGO” DENTRO DOS ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024. EXPTE. 10184/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 24/07/2024 e o informe de fiscalización do 26/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/07/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (PA a técnica de Administración Xeral) e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 5 de xullo de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do espectáculo artística do grupo “CANTAJUEGO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024"

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 5 de xullo de 2024.
- O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para "Vigo en Festas 2024".



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

- O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.
- Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o Programa anual "VIGO EN FESTAS" publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o 25 de outubro de 2023.
- En data 26 de abril, a Comisión de valoración aprobou a acta definitiva da selección de artistas seleccionados para as actuacións ou espectáculos para o Auditorio de Castrelos no verán 2024.
- Unha vez cerrada a programación dos concertos do auditorio de Castrelos, reunidas a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal e a xefa da área de Contratación e Novos Proxectos, se procede a selección de concertos infantís de entre as propostas presentadas nas dúas convocatorias, a selección resultante consta na acta de data 12 de xuño de 2024.
- Entre as actuacións infantís seleccionadas atopase CANTAJUEGO.
- Consta acreditado no expediente que CATEGORICA PRODUCCIONES, S.L. (B27778141), ten a exclusiva para a celebración do espectáculo de CANTAJUEGO no auditorio de Castrelos o día 12 de agosto de 2024. Así mesmo consta o contrato firmado por esta mercantil co artista.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 11 de xullo de 2024.
- Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 15 de xullo de 2024.
- Memoria económica de data 9 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 16 de maio de 2024 (operación nº 12024000126728-RC-).
- Memoria xustificativa, de data 16 de xullo de 2024, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023, 28/06/2023 e modificación de data 28/06/24 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que CATEGORICA PRODUCCIONES, SL tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

Efectivamente, consta un contrato firmado entre CATEGORICA PRODUCCIONES, SL e CANTAJUEGO.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do espectáculo do artista “CANTAJUEGO” dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 11 de xullo de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 26 de xullo de 2024, redactados pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 46.101,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 38.100,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(589).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL PRESENTADO NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DO SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 3891/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/07/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (PPT).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 21 de xuño de 2024, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 25 de xuño de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, rematando o 24 de xullo de 2024 as 23.59. Ata o momento non se presentou ningunha oferta.

Terceiro.- En data 20 de marzo de 2024, D^a. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación da mercantil COMBINA SOCIAL SLU, na súa cualidade de apoderada, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o anuncio de licitación, os pregos de cláusulas Administrativas Particulares e a Memoria Xustificativa que rexen a presente licitación.

Cuarto.- En data 23 de xullo de 2024, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o anuncio de licitación, os pregos de cláusulas Administrativas Particulares e a Memoria Xustificativa dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento

Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.

- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargas a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo do anuncio de licitación e do prego de cláusulas administrativas que rexen este contrato son susceptibles de recurso especial en materia de contratación. Non acontece o mesmo con relación á memoria xustificativa. Así, é unha doutrina consolidada dos órganos administrativos especiais de resolución de recursos que non é un documento susceptible de recurso, se ben nalgúns casos se admite a súa impugnación se se fai conxuntamente coa dos pregos. Citaremos por todas a resolución nº 821/2023, ditada pola sección 1ª do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, no Recurso nº 702/2023, que no fundamento xurídico cuarto dí que:

“en lo que atañe a la posibilidad de impugnar en esta vía la memoria justificativa del contrato, en este caso este Tribunal no puede admitirlo como acto impugnabile. Aunque en algunos supuestos lo ha reconocido con amparo en lo dispuesto en el apartado a) del art. 44.2 LCSP, Resolución nº 171/2023 (Sección 2ª), de 17 de febrero de 2023 y Resolución nº 317/2023 (Sección 2ª), de 9 de marzo de 2023, en ellos eran objeto de impugnación conjuntamente con la memoria justificativa, los pliegos del contrato. No sucede lo mismo en este recurso, que tiene por objeto la memoria justificativa del contrato, con carácter exclusivo. Este documento preparatorio de la contratación, siguiendo la doctrina de nuestra Resolución nº 995/2021, de 2 de septiembre: “carece de virtualidad por sí solo, pues no recoge las condiciones que rigen la contratación que, de acuerdo a los artículos 122 y 124 de la LCSP, se establecen en los pliegos particulares, ya sean de cláusulas administrativas, ya de prescripciones técnicas, de modo que son estos los documentos los impugnables, al tener imperativamente efectos para los licitadores, y no la justificación o motivación de aquellas condiciones obrantes en la memoria justificativa.” Á vista do exposto, a xuízo da informante neste caso procede propoñer ao Tribunal tamén a admisión do recurso contra a memoria xustificativa ao terse impugnado simultaneamente cos pregos.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*.

No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de potencial licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes

dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).
- Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciárase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento (artigo 50.1.d).

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 16 de xullo de 2024. Dado que o anuncio publicouse no DOUE e no perfil de contratante o día 25 de xuño de 2024, o prazo de interposición de recurso remata o 16 de xullo de 2024, polo que o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

D^a. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación da mercantil COMBINA SOCIAL SLU impugna a adxudicación do contrato en base a un único motivo, que describe así:

“La actuación administrativa impugnada es contraria a Derecho ya que, encontrándonos ante un contrato reservado, la participación en la licitación ha de circunscribirse necesariamente a los centros especiales de empleo (CEE) de iniciativa social o sin ánimo de lucro y empresas de inserción. De ahí que, toda vez que en el presente caso se permite que presenten oferta y resulten adjudicatarios del contrato los CEE que no sean de iniciativa social, como se ha puesto de manifiesto en las aclaraciones publicadas con fecha 15 de julio de 2024, se infringe la normativa comunitaria y nacional relativa a los contratos reservados”.

Informa ao respecto a Sra. Técnica de Administración Xeral adscrita ao servizo xestor do contrato o seguinte:

“Remitido o expediente de referencia, emítase o presente informe sobre o recurso especial presentado por COMBINA SOCIAL, SLU (B70204094) contra o Anuncio de licitación, prego de cláusulas administrativas particulares e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

memoria xustificativa do contrato administrativo de prestación de servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito dependentes do servizo de participación cidadá, con reserva a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral legalmente constituídas, en expte 3891/321, que a recorrente entende que non se axustan a dereito, en base ás consideracións que, en síntese, se indican a continuación:

1º.- Indica que a participación na licitación nun contrato reservado ten que circunscribirse necesariamente aos centros especiais de emprego (CEE) de iniciativa social ou sen ánimo de lucro e empresas de inserción, xa que a reserva é admisible única e exclusivamente nos termos do último parágrafo do artigo 99.4 da LCSP pola que se poderá reservar algún/s dos lotes para Centros Especiais de Emprego ou para empresas de inserción, ou unha porcentaxe mínima de reserva da execución destes contratos no marco de programas de emprego protexido, de conformidade co disposto nas DA 4ª e 48ª da LCSP.

Engade que: *“Además, en la Disposición Adicional 48ª de la Ley se contempla la reserva “a determinadas organizaciones el derecho a participar en los procedimientos de licitación de los contratos de servicios de carácter social, cultural y de salud que enumera el Anexo IV bajo los códigos CPV 75121000-0, 75122000-7, 75123000-4, 79622000-0, 79624000-4, 79625000-1, 80110000-8, 80300000-7, 80420000-4, 80430000-7, 80511000-9, 80520000-5, 80590000-6, desde 85000000-9 hasta 85323000-9, 92500000-6, 92600000-7, 98133000-4 y 98133110-8.”*

De acordo co anterior, conclúe que a reserva contida expresamente nas FEC de acordo á DA 4ª deste contrato, determina que só poden participar os CEE de iniciativa social ou sen ánimo de lucro, estando perante unha condición legal de aptitude que non vulnera os principios de igualdade, non discriminación e libre competencia ao atoparnos ante contratos reservados.

Deste xeito, permitir que presenten oferta e resulten adxudicatarios do contrato os CEE que non sexan de iniciativa social, como se pon de manifesto nas aclaracións publicadas con data 15 de xullo de 2024, infrinxe a normativa comunitaria e nacional relativa aos contratos reservados.

Afirma que COMBINA SOCIAL S.L.U. está lexitimada para a interposición do presente recurso especial xa que ten recoñecido pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar como Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social e, encontrándose as prestacións obxecto deste contrato dentro do ámbito da súa actividade, pretende co presente recurso a eliminación do prexuízo que lle supón a admisión na licitación de Centros Especiais de Emprego que non son de iniciativa social, contravindo a Disposición Adicional 4ª da LCSP en relación ao artigo 43.4 do texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Tratándose dun contrato reservado, a condición de aptitude para contratar haberá de circunscribirse aos centros especiais de emprego de iniciativa social, isto é, aos que cumpren os requisitos do referido artigo 43.4, como é o

caso de COMBINA SOCIAL S.L.U. que ten intención de presentar oferta á licitación. E en proba do afirmado, achega documentación acreditativa:

- Captura de pantalla do buscador do rexistro de Centros Especiais de Emprego de Galicia no que consta COMBINA SOCIAL S.L.U. como centro de iniciativa social (IS).
- Documento número 3.2: Escritura de elevación a público de acordos sociais e modificación do artigo 16 dos Estatutos Sociais de COMBINA SOCIAL S.L.U. pola que *“se obliga a la reinversión íntegra de sus beneficios netos para la creación de oportunidades de empleo para personas con discapacidad y la mejora continua de su competitividad y de su actividad de economía social, de conformidad con lo previsto en el artículo 43.4 del texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social”*.
- Copia de resolución de recoñecemento de COMBINA SOCIAL S.L.U. como Centro Especial de Emprego sen ánimo de lucro.

2º.- Sobre a finalidade da reserva de contratos aos CEE de iniciativa social engade que dita reserva se refire a uns concretos CEE (os de iniciativa social e non a outros que non cumpran con esta condición ou que teñan ánimo de lucro); o que se pon de manifesto ca redacción da propia Lei. É a Disposición Adicional 4ª a que deliberadamente utiliza a indicación “de iniciativa social” en relación cos CEE, sen referirse ás empresas de inserción habida conta que estas, por mandato legal, sempre haberán de estar promovidas ou participadas alomenos nun 51%, en caso de sociedades mercantís, por entidades e/ou asociacións sen ánimo de lucro ou por fundacións. Afirma que: *“Sobre esta cuestión xa se pronunció la Sentencia del Tribunal de Justicia de la Unión Europea de 6 de octubre de 2021, asunto C-598/19, declarando que la Directiva no se opone a que un Estado miembro imponga requisitos adicionales a los enunciados en el citado artículo 20 excluyendo de las licitaciones a determinados operadores económicos que cumplan los requisitos de la Directiva, siempre que se respeten los principios de igualdad de trato y proporcionalidad:*

“43. A este respecto, procede señalar que tanto el requisito relativo al apoyo y a la participación, directa o indirecta, en más del 50 % de entidades sin ánimo de lucro como el relativo a la obligación de reinvertir la totalidad de los beneficios en los centros especiales de empleo de iniciativa social, indicados en el apartado 34 de la presente sentencia, parecen adecuados para garantizar que tales centros especiales de empleo tengan como objeto principal la inserción de las personas con discapacidad o desfavorecidas, como exige el artículo 20, apartado 1, de la Directiva 2014/24.”

Es decir, sobre la adecuación de los requisitos establecidos en el artículo 43 del Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social, a los objetivos buscados ya se pronunció el Tribunal de Justicia de la Unión Europea. De ahí que no pueda afirmarse, como ha sucedido en el presente caso en las aclaraciones publicadas, que pueden participar en las licitaciones de contratos reservados al amparo de la Disposición Adicional 4ª de la LCSP operadores económicos que no sean de iniciativa social o tengan ánimo de lucro.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

E invoca a este respecto a Sentenza da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo de 20 de novembro de 2023, en recurso de casación 3210/2021: *"...ha admitido ya que la reserva de contratos del artículo 20 de la Directiva y del artículo 99.4 de la LCSP se refiere única y exclusivamente a los centros de iniciativa social y que, para tener tal condición, han de cumplirse los presupuestos del artículo 43.4 del Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social: "En el presente supuesto, como se reconoce expresamente por la Xunta de Galicia, la mercantil recurrente es una entidad que reviste la forma jurídica de sociedad anónima, que tiene su encaje en los enunciados del artículo 43 para ser considerada como un centro de "iniciativasocial" y por ende, acceder a la reserva de contratos a la que se refiere el artículo 20 de la Directiva 24/2014. Así lo admite la Xunta de Galicia en su escrito de oposición, en el que sostiene que*

"revistiendo la recurrente la forma jurídica de sociedad anónima no podría ser considerada como centro especial de empleo sin ánimo de lucro, puesto que el Decreto en su art. 10 no alude a esta forma societaria. Sin embargo, sí podría ser calificada como centro especial de empleo de iniciativa social en virtud del art. 43.4 del RDL 1/2013 si además se cumpliesen los requisitos previstos en dicho precepto, como concurre en el presente caso. Este calificativo surtiría efectos a nivel estatal y le permitiría beneficiarse de la reserva de un determinado porcentaje para participar en procedimientos de adjudicación de los contratos públicos o lotes de los mismos."

E cita varios pronunciamentos xudiciais en favor desta reserva aos Centros Especiais de Emprego de iniciativa social, aclarando que non se persigue favorecer a uns determinados operadores económicos fronte a outros, senón a finalidade de integración laboral das persoas con discapacidade. Concluíndo que non cabe ningunha dúbida de que a reserva é acorde á Directiva así coma aos principios rectores da contratación pública, conseguindo a reserva de contratos regulada os obxectivos perseguidos polo lexislador comunitario e nacional, sen ser desproporcionada.

Por último, engade que: *"... en la aclaración publicada en la Plataforma de Contratación del Sector Público se hace alusión a la Sentencia de la Sala de lo Contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Justicia del País Vasco de 26 de mayo de 2022, en el Procedimiento Ordinario 626/2018, frente a la misma se ha preparado recurso de casación, admitido a trámite por Auto de la Sección de Admisión de la Sala de lo Contencioso-administrativo del Tribunal Supremo de 2 de octubre de 2023, en el recurso de casación 6905/2022. En este Auto se indica que la cuestión en la que existe interés casacional es la siguiente: "Determinar, teniendo en cuenta la regulación prevista en la disposición adicional 4ª y la disposición final 14ª de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de contratos del Sector Público, por las que se reconoce una reserva de contratos a favor de los Centros Especiales de Empleo de iniciativa social, en qué medida podrían quedar afectados, desde el punto de vista del principio de igualdad de trato y de proporcionalidad, la exclusión de los Centros Especiales de empleo que no sean de iniciativa social, en relación con lo resuelto por la STJUE de 6 de octubre de 2021(C-598/19)."*

E indica que así mesmo, se teñen ditado os Autos da Sección de Admisión da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo de 2 de outubro de 2023, nos recursos de casación 9111/2022, 5594/2022 y 3144/2023.

3ª.- Remata sinalando que: *“Lo que está haciendo el Ayuntamiento de Vigo al aclarar que podrán participar en la licitación los centros especiales de empleo aun cuando no sean de iniciativa social o tengan ánimo de lucro, es contravenir la finalidad propia de la reserva perseguida tanto por la normativa comunitaria como por la LCSP, contraviniendo el artículo 3.1 del Código Civil, lo que no es admisible ni conforme a Derecho. En todo caso, estos CEE han de cumplir lo previsto en el artículo 43.4 del Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social, es decir, ser CEE de iniciativa social.”*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

En primeiro lugar, fronte ao afirmado pola recorrente, o Concello de Vigo non está a contravir a finalidade propia da reserva perseguida tanto pola normativa comunitaria como pola LCSP, senón que precisamente comparte ca entidade recorrente a vontade de perseguir a integración laboral das persoas con discapacidade.

Non se comparte a afirmación da recorrente de que a participación na licitación nun contrato reservado ten que circunscribirse necesariamente aos centros especiais de emprego (CEE) de iniciativa social ou sen ánimo de lucro, porque tal e como se exporá a continuación, a consideración de “iniciativa social” non exclúe aos operadores con ánimo de lucro.

Nesta liña, a Sentenza núm. 727/2023 do 01/06/2023, ditada pola Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo en autos de recurso de casación núm. 3191/2021, contempla que: *“... la conformidad o no a Derecho, y al ordenamiento de la Unión Europea de la reforma introducida por las Disposiciones Adicional Cuarta y Final Décimo cuarta de la Ley 9/2017 en la incorporación del art. 43.4 del Real Decreto Legislativo 1/2013 y en la expulsión del acceso a la contratación reservada de todos los Centros Especiales de Empleo de procedencia empresarial, es materia sobre la que se ha pronunciado el TJUE en sentencia de 6 de octubre de 2021, (asunto C-598/19 CONACEE- cuestión prejudicial planteada por la Sala del TSJPV en el procedimiento 626/2018) que aporta como doc.3, y como doc.2 las conclusiones del Abogado General. La sentencia del TJUE dispuso que el órgano jurisdiccional español tenía que realizar la correspondiente valoración sobre si las medidas y la vulneración del principio de proporcionalidad por la normativa española.*

En dicho procedimiento 626/2018 se solicitó la realización del juicio de comparación y de aplicación del principio de proporcionalidad, poniendo de manifiesto el papel en la generación de empleo para las personas con discapacidad y para su integración social, de los CEE de procedencia empresarial, concluyendo la referida sentencia de 26 de mayo de 2022 del TSJ



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

del País Vasco (doc..4) que la normativa española a la que se hace referencia en el presente procedimiento, vulnera el principio de proporcionalidad, considerando la misma contraria a la Directiva 2014/24/UE; en el mismo sentido sentencia de fecha 8 de junio de 2022 de la misma Sala en el procedimiento 884/2018 (doc.5) que ha sido recurrida en casación 7005/2022 y se encuentra pendiente de admisión.

Esta sentencia pronúnciase sobre a cuestión que reviste interese casacional na Comunidade Autónoma de Galicia sobre: "... precisar si la regulación autonómica establecida respecto a los centros especiales de empleo sin ánimo de lucro ha sido desplazada por la normativa estatal que regula los centros especiales de empleo de iniciativa social, que, a su vez, trae causa de la Directiva Comunitaria 2014/24/UE y en el caso de que así se aprecie, cuáles son los efectos que ello conlleva."

Esta sentencia cita tamén a referida na contestación ás consultas formuladas polos licitadores no presente procedemento: "En fecha de 26 de mayo de 2022, la Sala del Tribunal Superior de Justicia del País Vasco dicta Sentencia estimando el recurso contencioso administrativo deducido por la Confederación Nacional de Centros Especiales de Empleo (CONACEE) y anula la resolución del Consejo de Gobierno de la Diputación Foral de Guipúzcoa por considerar que la interpretación de los requisitos del artículo 43 del mencionado Real Decreto Legislativo 1/2013, resulta desproporcionada en cuanto comporta efectos restrictivos a la participación de centros de empleo de iniciativa empresarial en la contratación pública.

Expuesta la normativa y la jurisprudencia aplicables, la controversia se ciñe a determinar sí el aludido artículo 43 del Texto Refundido, que incorpora las mencionadas Directivas Europeas incide en el Decreto Autonómico de Galicia, en cuanto éste último contempla para la consideración de Centro Especial de Empleo y su acceso al registro, ciertos requisitos formales que la entidad solicitante no cumple por tratarse de una sociedad anónima, siendo así que en el ámbito estatal puede considerarse como una entidad sin ánimo de lucro y declarada como centro especial de empleo de iniciativa social y sin embargo, se le excluye a nivel gallego con arreglo al artículo 10 del Decreto Autonómico.

QUINTO.- Pues bien, como hemos expuesto, el artículo 43.1 del Texto Refundido de la Ley General de personas con discapacidad y su inclusión social, aprobado por el Real Decreto Ley 1/2013, de 29 de noviembre, define estos Centros Especiales de Empleo en los términos antes expuestos, cuya finalidad está constituida para asegurar un empleo remunerado a las personas con discapacidad y son un medio de inclusión de estas personas en un empleo ordinario.

Como hemos visto, en virtud de la reforma operada por la Disposición Final 14ª de la Ley 9/2017, de Contratos del Sector Público, se añade el apartado 4º al artículo 43 del citado Texto Refundido que, a los efectos de la reserva de contratos del artículo 20 de la mencionada Directiva, reconoce los Centros

Especiales de Empleo denominados de "iniciativa social". Para ello se exige el cumplimiento de unos requisitos tasados en orden a su participación y carácter social, reconociendo como Centros Especiales no sólo a entidades de carácter público, sino también a aquellas que revisten la forma de sociedades mercantiles cuando su capital social cumpla las condiciones previstas. En los denominados Centros de Empleo de "iniciativa social" tienen cabida los centros de iniciativa empresarial, al admitir como tales aquellos que revisten la forma de sociedad mercantil, siempre que concurren ciertas características básicas y tengan un idéntico objetivo, la integración social y la promoción de empleo de personas con discapacidad.

Así, los Centros Especiales de Empleo de iniciativa empresarial en principio, pueden ajustarse en sus características básicas a lo contemplado en el apartado 2º del artículo 43 del Texto Refundido de la Ley General de personas con Discapacidad. En el presente supuesto, como se reconoce expresamente por la Xunta de Galicia, la mercantil recurrente es una entidad que reviste la forma jurídica de sociedad anónima, que tiene su encaje en los enunciados del artículo 43 para ser considerada como un centro de "iniciativa social" y por ende, acceder a la reserva de contratos a la que se refiere el artículo 20 de la Directiva 24/2014.

Así lo admite la Xunta de Galicia en su escrito de oposición, en el que sostiene que "revistiendo la recurrente la forma jurídica de sociedad anónima no podría ser considerada como centro especial de empleo sin ánimo de lucro, puesto que el Decreto en su art. 10 no alude a esta forma societaria. Sin embargo, sí podría ser calificada como centro especial de empleo de iniciativa social en virtud del art. 43.4 del RDL 1/2013 si además se cumpliesen los requisitos previstos en dicho precepto, como concurre en el presente caso. Este calificativo surtiría efectos a nivel estatal y le permitiría beneficiarse de la reserva de un determinado porcentaje para participar en procedimientos de adjudicación de los contratos públicos o lotes de los mismos."

Pues bien, tal manifestación evidencia que la disparidad reside en la diferente regulación autonómica y estatal en lo relativo a los requisitos de acceso al registro de Centros Especiales de Empleo, pues en función de la naturaleza jurídico- formal de la entidad solicitante, se veda en el ámbito autonómico el acceso al registro de estos centros, mientras que a nivel estatal, si es viable el registro de las entidades que revisten forma de sociedad mercantil -con ciertos requisitos- que permite a su vez el acceso a la mencionada reserva de contratos prevista en el artículo 20 de la Directiva comunitaria 2014/24/UE. (...)

Así las cosas, se observa que la normativa autonómica, singularmente, el artículo 10 del Decreto Gallego 500/2010, que determina la imposibilidad de la inscripción en el registro de Centros Especiales de Empleo no resulta conforme con lo dispuesto en el artículo 43.4 del Texto Refundido de la Ley de derechos de las personas con discapacidad, tras la reforma introducida en el año 2017 por la Ley de Contratos del Sector Público, que se dicta por el Estado al amparo del art. 149.1.1 CE. (...) La lectura del artículo 10 del Decreto de Galicia permite concluir que su contenido no es acorde con las previsiones del



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

art. 43.4º del Texto Refundido de la Ley general de derechos de personas con discapacidad. El art. 10, según se ha expuesto, únicamente prevé la inscripción como Centro Especial de Empleo a las reseñadas entidades que enumera de forma taxativa, asociaciones, fundaciones y corporaciones. Por su parte, el art. 43 de la Ley general de discapacidad - en su redacción a partir de 2017- reconoce como centros especiales de empleo, no solo a los que revistan la forma antedicha, sino también a aquellas sociedades mercantiles que cumplan determinados requisitos y condiciones que allí se expresan. Se evidencia así que la norma estatal establece una delimitación más amplia que la autonómica de los entes que pueden tener la consideración de centros especiales de empleo. Y cuando el artículo 43.4º del Texto Refundido establece un régimen uniforme y común a los centros especiales de empleo este régimen ha de respetarse por las Comunidades Autónomas. La igualación de todos los Centros especiales de formación y la aceptación de aquellos que presenten forma mercantil en las condiciones expresadas es una opción estatal, de modo que la limitación previa por la Comunidad Autónoma, de admitirse, vulneraría la finalidad igualadora pretendido por el art. 149.1.1 CE. En suma, como se dijo en la STC 173 /1998, FJ 9, "si el Estado considerara necesario establecer en el futuro esas condiciones básicas y al dictarlas éstas entraran en contradicción con preceptos de leyes autonómicas en vigor, éstos últimos quedarían automáticamente desplazados por aquéllas", pues no es excluyente del ejercicio de competencias autonómicas, pero puede incidir en su eficacia.

De lo expuesto se desprende que el artículo 10 del Decreto Autonómico de Galicia, en cuanto no permite el acceso al registro de Centros Especiales de formación a la entidad recurrente, únicamente por razones subjetivas - por revestir la forma de una sociedad mercantil- no es acorde con lo dispuesto con el artículo 43.4 del Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad, pues, como admite la Xunta de Galicia, este último precepto permitiría la inscripción controvertida por observar la recurrente todos los requisitos que se contemplan. Lo que nos lleva a concluir que dado que el Estado ha establecido las condiciones básicas en lo relativo a la configuración de los Centros Especiales de Empleo, ex artículo 149.1.1 CE, el Decreto Autonómico de Galicia en cuanto contradice la legislación estatal pierde su eficacia y resulta desplazado por la legislación estatal. Lo anterior conduce al reconocimiento de la pretensión de la sociedad recurrente, que consiste en tener acceso al registro de centros de Empleo de Galicia, en virtud de la norma estatal dictada ex artículo 149.1.1 CE y por ende, procede la estimación del recurso de casación y a anular la sentencia de instancia, que confirma la resolución administrativa denegatoria de la inscripción, declarando el derecho de la recurrente a ser inscrita en el Registro de Centros Especiales de Empleo de Galicia."

De acordo co anterior, tal reserva non é só para os CEE sen ánimo de lucro, senón que tense recoñecido a aptitude para participar en contratos reservados a CEE de iniciativa social baixo a forma de sociedade mercantil que cumpra cos requisitos do artigo 43.

Na sentenza do TS invocada pola propia recorrente, tense admitido xa que a reserva de contratos do art. 20 da Directiva e do art. 99.4 da LCSP se refire única e exclusivamente aos centros de iniciativa social e que, para ter tal condición, haberán de cumprirse os presupostos do artigo 43.4 do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, pero isto non quere dicir que non poidan ter ánimo de lucro.

Xa que logo, as consideracións expostas poñen de manifesto que non se infrinxe a normativa comunitaria e nacional relativa aos contratos reservados.

En **segundo lugar** e, tal e como se indicou na contestación ás consultas formuladas polos licitadores, en base á sentenza do TSX do País Vasco, está en cuestión se o diferente trato resulta adecuado e proporcional á finalidade amparada da dita reserva:

“(...) Pues bien, atendiendo a esas pautas estimamos que la tal regulación interna excede de la necesaria y proporcionalmente adecuada para garantizar sus objetivos a la vez que comporta efectos señaladamente restrictivos a la participación de los centros especiales de empleo de iniciativa empresarial en la contratación pública:

a) Los centros especiales de empleo, de una u otra iniciativa, comparten el objetivo de integración socio-profesionales de las personas discapacitadas o desfavorecidas; y el número de trabajadores discapacitados deben representar, cuando menos, el 70 % de sus plantillas; lo que supone un notable incremento del porcentaje mínimo (del 30 %) establecido por el artículo 20.1 de la Directiva 2014/24; más aún, si se tiene en cuenta que esa norma amplió el campo de la reserva que el artículo 19.1 de la Directiva 2014/18 restringía a los talleres o centros cuyas plantillas estuvieran constituidas mayoritariamente por afectados.

b) Teniendo los centros especiales de empleo, de una u otra iniciativa, como objetivo principal el de integración socio-profesional de las personas discapacitadas y debiendo cumplir unos y otros la expresada ratio, no se advierte ninguna razón vinculada ya no a su diferente naturaleza o fines (con o sin ánimo de lucro) sino a los requisitos de participación, directa o indirecta, en más del 50 % de entidades sin ánimo de lucro y de reinversión de la totalidad de los beneficios, que garanticen la mayor eficiencia de los centros (de iniciativa social) que acrediten esos requisitos en la consecución de los expresados objetivos.

Por el contrario, la concurrencia de unos y otros en condiciones de igualdad en los procedimientos de contratación pública, además de propiciar la selección de la mejor oferta, en términos de calidad y no solo de precio, al servicio del “interés general”, favorece la mayor aportación de recursos y su más óptima distribución por sectores de actividad y ámbitos territorial es en beneficio de los objetivos marcados por el artículo 20.1 de la Directiva 2014/24; sin las consecuencias perjudiciales para la libre concurrencia, dentro del ámbito de la re-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

serva contractual (no de exclusión de los principios básicos de la contratación ex artículo 18) delimitado por esa norma.

Desde esa perspectiva, los datos aportados por la recurrente con el escrito presentado el 13-12-2021 (folio 385 y siguientes del procedimiento) sobre el peso de la actividad de los centros especiales de empleo en la economía social (contratación de trabajadores discapacitados), no contradichos por datos, informes o memorias, corroboran el juicio de proporcionalidad que se acaba de exponer atendiendo, por un lado, a la relación de los medios (requisitos definitorios de los centros especiales de empleo de iniciativa social, establecidos por la disposición final 14 de la Ley 9/2017) con sus fines (objetivos marcados por el artículo 20.1 de la Directiva 2014-24) y, por otro lado, a la relación de los primeros con sus efectos en los principios básicos de la contratación (artículo 18 de la misma norma comunitaria) y del TFUE.

Dicho, si cabe, en términos más conclusivos: la regulación interna examinada lejos de garantizar necesaria y proporcionalmente sus objetivos, provoca efectos tan desproporcionados, cuanto perjudiciales a los principios de la contratación (igualdad de trato y libre competencia) como la exclusión de los centros especiales de empleo de iniciativa empresarial de la contratación pública, no obstante su contribución actual y por lo tanto, potencial (futura) a la integración laboral de las personas discapacitadas, acorde a su calificación como servicio de interés económico general.

En consecuencia, hay que anular el acto recurrido por fundarse en norma desconforme con la Directiva 2014-24, dada la primacía de esta última. "

En **terceiro lugar**, a recorrente extracta certos datos reflectidos nunha sentenza referida á Comunidade Autónoma de Madrid. O informe da Comisión Galega da Competencia FC 3/2020 sobre a consulta presentada desde o punto de vista de competencia, da normativa contida na Lei de Contratos do Sector público, pola que se transpoñían ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP) no que se refire aos contratos reservados na súa Disposición adicional cuarta, sinala o seguinte:

"Al perseguir todos los CEE, los de iniciativa social y los de interés privado, la misma finalidad de integración de las personas discapacitadas el excluir a uno de ellos de esos "contratos reservados" va contra el principio de neutralidad competitiva en materia de contratación pública. La reducción de la competencia en estos contratos, además, afectará negativamente al sector público por el incremento de coste del aprovisionamiento de bienes y servicios que supone la reducción de concurrentes en esos contratos. (...)

E respecto ao Convenio colectivo gallego de centros especiais de emprego, afirma que: *"En el supuesto concreto nos encontramos ante un Convenio Colectivo en el que se establece "ex convenio" una diferente escala salarial para los mismos puestos de trabajo para trabajadores discapacitados según presten sus servicios en un CEE de iniciativa privada o uno de interés social. El Tri-*

bunal Constitucional ha afirmado con rotundidad que la desigualdad retributiva surgida de un convenio colectivo de valor normativo “no ofrece otro soporte visible que una minusvaloración de un grupo segregado y peor tratado, lo que no tiene acomodo en la Constitución a la luz del principio de igualdad (art. 14 CE), ni tampoco en la perspectiva social que impone esa connotación de nuestro Estado de Derecho en conexión con la igualdad efectiva de los individuos y los grupos en que se integra (art. 9.2 CE).”

Lo que podemos afirmar es que el mayor coste de la mano de obra de los CEE de iniciativa privada frente a los de iniciativa social establecida “ex convenio” provocará, como señala la CNMC19, dos efectos:

1º.- Una menor capacidad competitiva de los CEE de iniciativa privada en perjuicio de la facturación y empleo que estos centros generan y un beneficio para los CEE de iniciativa social que por sus menores costes laborales se verían especialmente beneficiados en el mercado de trabajo, así como en los concursos de licitaciones públicas.

2º.- La distorsión en el mercado de trabajo ya que como señala la CNMC “una distorsión en el mercado de trabajo de este tipo de empleados (un mismo trabajador discapacitado percibirá distinta remuneración por los mismos servicios en el mismo sector según pertenezca a una CEE o a uno de iniciativa social) con el consiguiente trasvase de los empleados más cualificados (y, por tanto, con mayor posibilidad de obtener salarios más elevados) a los CEE”. Ese diferente coste de la mano de obra también puede tener repercusión en el supuesto de ayudas (como las de compensación económica por la prestación de servicio de interés económico general) en las que la cuantía de las mismas se fije por un tanto por ciento del Salario Mínimo Interprofesional y no de su coste laboral. En ellas, al tener menores salarios las personas trabajadoras de los CEE de iniciativa social, el porcentaje de ayuda que percibirán esos CEE será superior, en proporción a los costes de sus personas trabajadoras, que las que recibirá los CEE que no sean de iniciativa social.”

En en **cuarto lugar**, e fronte ás manifestación verquidas respecto a DA 48 non semellan de aplicación ao presente procedemento, toda vez que segundo o apartado 2.B) das FEC do PCAP, sobre a **CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO**: se reflicten os CPV: **98341130-5** Servizos de Conserxería; **98341120-2** Servizos de portería; polo que non se correspondería con ningún dos CPV recollidos na DA 48ª.

CONCLUSIÓNS

As consideracións efectuadas pola recorrente non poden ser estimadas toda vez que:

1ª.- Fronte ao afirmado pola recorrente, o Concello de Vigo non está a contravir a finalidade propia da reserva perseguida tanto pola normativa comunitaria como pola LCSP, senón que precisamente comparte ca entidade recorrente a **vontade de perseguir a integración laboral das persoas con discapacidade**.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1715/1102

De acordo ca definición contida no artigo 43.1 do Texto Refundido da Lei Xeral de persoas con discapacidade e a súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lei 1/2013, de 29 de novembro, a finalidade dos Centros Especiais de Emprego é a de asegurar un emprego remunerado ás persoas con discapacidade e son un medio de inclusión destas persoas nun emprego ordinario.

2ª.- A aptitude legal para participar no presente contrato reservado n.º 3891-321 non estaría limitada só aos Centros Especiais de Emprego “*de iniciativa social ou sen ánimo de lucro*” tal e como as equipara a recorrente, toda vez que a regulación autonómica galega establecida respecto aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro ven de ser desprazada pola normativa estatal que regula os centros especiais de emprego de iniciativa social, **que non exclúe aos operadores con ánimo de lucro**. A sentenza do TS invocada pola propia recorrente, ten admitido xa que a reserva de contratos do art. 20 da Directiva e do art. 99.4 da LCSP se refire única e exclusivamente aos centros de iniciativa social e que, para ter tal condición, haberán de cumprirse os presupostos do artigo 43.4 do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, pero isto non quere dicir que non poidan ter ánimo de lucro.

3ª.- A reserva da LCSP circunscríbese aos Centros Especiais de Emprego de iniciativa social, e nesa condición **teñen cabida** os Centros Especiais de Emprego de iniciativa empresarial, ao admitir como tales aqueles que revisten a forma de sociedade mercantil, sempre que concorran certas características básicas e teñan un idéntico obxectivo, a integración social e a promoción de emprego de persoas con discapacidade.

4ª.- Respecto ás alegacións referidas á aplicación da DA 48 non semellan de aplicación, toda vez que segundo o apartado 2.B) das FEC do PCAP, sobre a **CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO: se reflicten os CPV: 98341130-5** Servizos de Conserxería; **98341120-2** Servizos de portería; que non se correspondería con ningún dos CPV recollidos na DA 48ª”.

A vista do informe do servizo xestor, procede propoñer ao Tribunal a desestimación desta alegación.

-VI-

Conclusiones

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do anuncio de licitación, o prego de cláusulas administrativas particulares e a memoria xustificativa.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento. No entanto, en aras da seguridade xurídica, propónse ao Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(590).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez